



GALICIA É O IMPORTANTE

PROGRAMA DE GOBERNO PARA AS BASES DUN NOVO MODELO ECONÓMICO E SOCIAL PARA GALICIA

INTRODUCCIÓN

O vindeiro 25 de Setembro toda a cidadanía galega está convocada ás urnas para elixir ao Parlamento de Galicia, do que sairá o próximo goberno da Xunta. Nunha democracia representativa, todas as convocatorias electorais son importantes, pero no actual contexto as próximas eleccións teñen un significado moi especial. As galegas e galegos imos ter a oportunidade de expresar o noso rexeitamento á ofensiva implacable en marcha contra os servizos públicos, os dereitos laborais e sociais e, en definitiva, contra as políticas de benestar.

Compromiso por Galicia presenta un programa pensado para dar unha saída social á crise económica financeira, en defensa do ben común, do autogoberno de Galicia e da rexeneración da democracia. Temos unha tarefa compartida por diante: **poñer as bases dun novo modelo económico e social**, baseado nun modelo sustentable e respectuoso co medio que achegue solucións á crise económica e á crise demográfica que está a sufrir o País. Un novo modelo económico e social con base na innovación e no coñecemento, un novo modelo económico e social que incentive a capacidade para a creación de novas empresas e aproveite a competencia adquirida pola mocidade galega. O noso compromiso está cun novo modelo económico e social achegado aos valores de sustentabilidade, empregabilidade, respecto co medio ambiente e o territorio, os dereitos sociais e laborais e as políticas de inclusión e igualdade.

Temos tamén, como obxectivo, para un novo modelo económico e social achegar a Galicia ao mundo. Unha Galicia que xuntamente con Portugal, atopámonos, estratexicamente, nunha situación única para emprender aventuras e parceiras comerciais con socios empresariais e institucionais de ambas marxes do Atlántico e chegando ata Extremo Oriente. **O movemento principal da nosa estratexia de País ten que estar en virar moito mais cara o mar a nosa escenografía no mundo e aproveitar todo o noso atlantismo**, que nos pode unir tanto con Portugal, como con todo o mar. O noso País non ten paredes, o noso País ten fiestras que ollan ao mar. Unha estratexia de País, que temos que combinar con una visión da euro-rexión Galiza-Norte de Portugal, ollando alén do norte, ollando ao noso veciño como un todo, onde debemos partillar infraestruturas e tecnoloxías fundamentais e presentar os mais dos proxectos conxuntamente, como un espazo socio-económico único e chegar de este modo a unha grande proxección no mundo.

Neste estar e ser de Galicia no mundo, por suposto, a nosa acción está en darlle voz aos veciños e veciñas galegas nas institucións europeas. As mulleres e os homes de **CxG somos profundamente europeístas. Acreditamos no modelo de Unión Europea como modelo de paz e benestar social** e loitaremos pola construción dunha Unión Europea democrática e unha Unión Europea que sexa un espazo de benestar e seguridade. Pulamos, conxuntamente con outras nacións europeas, pola creación dunha sociedade civil europea que defenda valores que nos son comúns, como o modelo de economía social de mercado cunha forte compoñente de igualdade social.

Xunto aos problemas derivados da crise económica financeira e demográfica que está a sofrer Galicia, e que os últimos gobernos galegos foran incapaces de atallar, no País existe unha fonda desafección cara as institucións e cara o mesmo sistema político. A longa hexemonía do Partido Popular nunha boa parte das institucións, en particular das máis afastadas dun control democrático, como as deputacións provinciais; propiciou fenómenos especificamente degradantes da vida pública como o favoritismo, o nepotismo e o clientelismo. As políticas propostas por CxG procuran achegar un maior benestar para a cidadanía galega e unha xestión mais eficaz e eficiente dos recursos públicos, alén de promover os **valores da participación e da democracia, como son o respecto ás minorías e o goberno da maioría**.

Compromiso por Galicia presentase como unha forza defensora da radicalizade democrática.

O sistema político e partidario en Galicia está a sufrir mudanzas significativas nos últimos anos. Mudanzas aparentes, xa que seguimos a ver moitas das veces aos mesmos actores, con as mesmas propostas políticas e os mesmos obxectivos. Neste contexto, a contribución que desde as mulleres e os homes de CxG queremos aportar ao sistema político galego é a de achegar un discurso inédito até agora en Galicia. **Compromiso por Galicia é un partido político xa consolidado**, que preside concellos e que ten concelleiros en moitos concellos do noso país, un partido que aposta nunha política progresista e reformista, cos pés asentados na terra e desde unha perspectiva galeguista. En CxG somos conscientes de que as mudanzas deben de facerse a través dun cambio tranquilo, dunha **revolución sensata**, o único xeito de que o progreso estea asentado sobre bases sólidas.

Dende CxG apostamos por unha **sociedade aberta, avanzada e auto-gobernada**, que permita manter e incrementar as cotas de benestar da nosa veciñanza e ofrecer oportunidades de futuro á nosa mocidade e as xeracións vindeiras. Nese eido a educación e as políticas educativas deben verse como articularias da base dun proxecto dun país galego moderno, como o que aspiramos a construír. O ensino tamén ten como responsabilidade formar cidadáns, polo que é fundamental promover a capacidade de debater e argumentar as ideas, de escoitar aos demais e desenvolver a empatía social. A sociedade galega é xa multicultural e vaino ser máis, compre potenciar a tolerancia e aproveitar esa riqueza.

A nosa vocación estratéxica está en superar a incapacidade; longamente amosada polos distintos gobernos do Partido Popular desde hai décadas en Galicia; para desenvolver economicamente o noso país. CxG aposta por traballar en afondar políticas a prol do desenvolvemento pleno do Estatuto de autonomía de Galicia, desenvolvendo un marco competencial que na actualidade está a ser un libro encerrado nun caixón, xa que o até hoxe goberno galego, exerce mais como unha mala dirección dunha empresas, que como tal. Na mesma, **temos que aplicar os resortes que o actual sistema autonómico outorga a Galicia para defender todos os sectores económicos propios**. Compromiso por Galicia defende superar de vez a política de xestores ao servizo do goberno central en Madrid que o PP ten aplicado no país, en conivencia co capitalismo financeiro do estado, provocando que Galicia teña perdido postos no nivel de renda per cápita e poboación de forma notable desde que gobernan, e afastando de cada vez mais, aos galegos e as galegas, dos indicadores de converxencia coa UE.

Neste contexto, **as próximas eleccións autonómicas son unha oportunidade para toda a veciñanza galega de escoller un goberno de Compromiso por Galicia**. Un goberno de CxG, que poida pór en práctica políticas que realmente estean ao servizo da cidadanía galega.

Hoxe, ollamos como as políticas do PP amosan os seus resultados; estas converteran a Galicia nun país avellentado, sen impulso económico, nem social que afasta de cada vez mais dos pólos económicos e das políticas públicas de benestar. Unha Galicia inserida nunha profunda crise demográfica, con sucesivos anos de crecements negativos. Un País afundido nunha profunda crise financeira e industrial, sen sistema financeiro propio e con caídas da taxa de produción industrial. Unha Galicia onde as taxas de desemprego, seguen sendo graves e parecen ir lonxe da vía da recuperación.

Así é que Compromiso considera como elementos prioritarios de cambio máis inmediatos para as vindeiras Eleccións Autonómicas:



COMPROMISO CO AUTOGOBERNO: GALICIA É IMPORTANTE.

MÁIS EUROPA: PARTICIPACIÓN CIDADÁ E PRESENZA GALEGA.

Galicia pertence por cultura, historia, dereito e mesmo polas súas estruturas económica e social á Europa. E **a Unión Europea, con todas as súas moitas e graves eivas é o ensaio máis serio de superar os enfrontamentos, crear un mercado común, impulsar a cooperación en todas as ordes e pór os alicerces para a unidade política de Europa.** Porén, vivimos unha conxuntura de euro-escepticismo, porque os políticos europeos estiveron lonxe de dar resposta aos reptos do presente. A Unión Europea construíuse de xeito burocrático, atendendo máis aos intereses das grandes corporacións ca aos da cidadanía, primando o poder do Banco Central Europeo sobre o das institucións europeas representativas da cidadanía.

A Unión Europea precisa dun pulo federal, da participación e do control democráticos, de pór ao servizo dos pobos europeos as institucións comúns, a Comisión e o Parlamento. Precisa dun Presidente elixido polo voto da cidadanía europea, dunha única política de defensa e seguridade común e dunha única diplomacia. Precisa dunha Facenda común dotada con máis recursos para desenvolver as súas políticas, da coordinación das políticas fiscais dos Estados e os diferentes gobernos territoriais. Precisa dun auténtico Banco Central Europeo suxeito ao control democrático das institucións da Unión, sen prexuízo da súa autonomía de xestión, que garanta a viabilidade das emisións de débeda dos estados e dos gobernos territoriais.

Cremos, pois, nunha Unión Europea na baseada na vontade común da cidadanía. E pensamos que os estados hanlle ceder a esta Unión moitas das súas competencias. Mais pensamos, tamén, que os pobos, as rexións e as nacións sen estado deben asumir un novo status, convertendo o actualmente inútil Comité das Rexións, nunha segunda cámara de representación territorial; onde os pobos e as nacións da Europa poidamos atopar representación. **Galicia ten que deixarse oír directamente en Europa en defensa dos seus intereses,** Galicia ten que participar na definición da política europea do Reino de España. **Somos europeos e cremos en máis e mellor Europa. Na Europa do progreso e da cohesión social, na Europa democrática e federal dos pobos e dos cidadáns.**

GALICIA UNHA NACIÓN INXERIDA DENTRO DO REINO DE ESPAÑA E DA U.E.

O pobo galego aspira libremente a convivir no seo do Reino da España e da Europa, sempre desde a súa propia condición nacional. **Galicia aspira a manter as mellores relacións cos demais pobos da Península Ibérica e coas demais nacións da Europa.**

O Estado das Autonomías tornou insostíbel no tempo, en moito froito dunha visión unitarista dos diversos gobernos do estado e das diferentes reformas da administración pública que comezou a LOAPA. O modelo levou unicamente a unha descentralización substancial do gasto, que apenas incluíu unha reformulación cara un financiamento xusto e axeitado das novas realidades político-administrativas e nesta liña unha descentralización no ingreso. Neste contexto xurdiu unha forte pulsión a prol dunha re-centralización que eliminara moitas das competencias autonómicas. Xunto á crise fiscal do estado das autonomías abrolla unha vontade colectiva vasca e catalá a prol de revisar fondamente as súas relación co estado central para acadar, cando menos, unha soberanía partillada. Por outra banda, ao tempo que Europa precisa da ampliación e do fortalecemento da súa estrutura, o estado español precisa dun fondo axuste estrutural. Xa que logo, **cómpre reducir substancialmente a estrutura do estado central; camiñamos nun modelo de soberanía multinível onde a UE por arriba e as CCAA por abaixo, baleiran de competencias legislativas e de execución ao ente estatal centralizado.**

Neste novo modelo, o goberno galego de CxG principiara pola **eliminación da absurda e duplicada Administración periférica do estado**. Reclamáremoslle ao estado a supresión da Delegación do goberno en Galicia e das 4 Sub-delegacións do goberno na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. No territorio galego só han executar e xestionar a Xunta e os concellos, como Administración única ou común. Tamén deben desaparecer varios Ministerios prescindíbeis e moitos funcionarios deben ser transferidos ás institucións europeas e autonómicas. Cómpre abandonarmos a vella idea dun estado centralizado que todo o sabe, todo o entende e todo o xestiona; para irmos cara a unha estrutura estatal moito mais moderna, que traballe en rede coas administracións autonómicas; convertidas xa no cerne da xestión e execución de políticas públicas e coas institucións da UE; convertidas no cerne das políticas de defensa, exteriores, monetaria e de coordinación fiscal.

O noso país precisa de estruturas territoriais amplas para a nova ordenación do territorio, a planificación estratéxica dos investimentos, o novo urbanismo e a eficaz prestación dos servizos. A realidade actual, evoca todos os días a necesidade perentoria dunhas estruturas institucionais sostibles, adaptadas ao territorio e a poboación e capaces de articularse debidamente entre delas nos distintos niveis; representativos e de participación; e de ser eficaces e eficientes; apenas unicamente só na prestación dos servizos públicos a toda a cidadanía galega; cun nivel homoxéneo e solidario de calidade; senón tamén na **concepción e execución dun deseño global, harmónico e ben articulado de País** que sexa quen de dar resposta pronta e eficaz aos reptos da construción europea e dun mundo globalizado.


As provincias e as súas Deputacións, co seu corolario de xestión duplicada, opaca, ineficiente e, moitas veces, corrupta, deben desaparecer. O seu persoal debe ser adscrito transitoriamente á Xunta para ser redistribuído parcialmente, nun segundo momento, aos entes comarcais ou aos concellos. As competencias de asistencia xurídica, financeira e técnica aos concellos e o Plan único de obras e servizos integraríanse na Xunta.

Neste avanza para o noso auto-goberno achegaremos unha proposta ao goberno central do estado para que inicie os pasos precisos para modificar na Constitución Española o apartado onde fixa á provincia como circunscrición electoral. **Na nosa vontade política está unha profunda reforma electoral**, que inclúe a modificación da circunscrición actual que é a provincia, polo que pasaría a ser Galicia circunscrición electoral única para os procesos electorais estatais e europeo. Tamén incluíríamos as reformas necesarias para escoller a través de votación directa aos presidentes das cámaras municipais galegas e á presidencia da Xunta, propoñendo tamén este sistema de elección para a escolla da presidencia do goberno do estado central.

O novo estado emerxe dun novo modelo de comunicación en rede e dunha soberanía distribuída en varios niveis e executada por diversas institucións en distintos ámbitos territoriais. Un novo estado que esixe o uso de técnicas federais (asimétricas) e confederais que van esixir o total e irrestrito autogoberno de Galicia e das demais nacións europeas en todo o que atinxe por exemplo á lingua, cultura, dereito, xustiza e administración local. Estamos certos que, **deste xeito mellorará a convivencia e o recíproco coñecemento entre os distintos pobos que conforman o actual Reino da España**.

Xa que logo, **estamos por unha profunda reforma constitucional e estatutaria que consagre unha reforma federal-confederal e modernizadora do Reino da España. Nese contexto apostamos por unha relación plenamente bilateral co goberno da España**, tanto para a definición dos nosos recursos financeiros, como para recoñecer e compensar o noso déficit estrutural ou débeda histórica.

CAMIÑANDO CARA O NOSO COMPLETO AUTOGOBERNO: GALICIA É IMPORTANTE



Os galegos e galegas, como nación, temos o dereito e a misión de xestionarmos os nosos asuntos. Mais o autogoberno, coa súa acción política e a súa xestión pública ten sentido só en canto crea benestar social e calidade de vida para a cidadanía. E isto, na conxuntura recesiva actual esixe unha reflexión sobre o

mantemento e viabilidade dos servizos públicos precisos para este benestar, sobre o marco competencial do que a Xunta e as Institucións de autogoberno teñen que dispor sen intromisións exteriores, e sobre o marco financeiro deste autogoberno. No que atinxe á cuestión competencial, semella que **Galicia precisa dun conxunto de instrumentos que lle permitan facer unha política social e económica coherente**. Entre tanto o goberno galego desde abril do 2009, nunca usou da actual marxe competencial que o vixente Estatuto nos recoñece.

Un goberno galego de **CxG levará ao máximo as súas competencias sobre a administración local**, rachando a posibilidade de que desde o goberno central do estado poida impor-se-nos unha reforma local que só nós mesmos debemos definir.

Un goberno galego de CxG levará ao máximo as competencias de execución marcadas no estatuto de autonomía de Galicia de 1981 sobre o **salvamento marítimo e sobre os vertidos industriais e contaminantes sobre o dominio público marítimo-terrestre e o litoral galego**.

O esforzo das xentes que cada día facemos CxG ten que estar tamén da man dun principais sectores da nosa economía. O complexo mar-industria é unha das pancas esenciais de crecemento económico deste País e **precisamos urxentemente re-deseñar o noso ordenamento pesqueiro** debido á alta competitividade dos mercados mundiais e as novas técnicas de piscifactoría e aproveitamentos mariños.

O goberno galego de CxG aposta fortemente pola **creación de instrumentos financeiros públicos galegos**, así como de outras institucións sociais e económicas esenciais para que o autogoberno e que poidan contribuír á creación de emprego e a transformar as estruturas empresariais e sociais deste País, camiñando cara un novo modelo económico e social.

Para ampliar e blindar as nosas competencias e para garantir un marco financeiro estábel e suficiente, que teña en conta que é a Xunta a auténtica protagonista da acción pública en Galicia. Para elaborar nós as nosas propias políticas e afondar no autogoberno e no marco estatutario, temos que solicitar o **traspaso das competencias tributarias na súa totalidade para chegar á implantación dunha Facenda Galega**. Sen autonomía financeira é difícil que poda existir a autonomía política. Para isto semella preciso un novo Estatuto, conectado coa idea antes exposta da revisión constitucional en senso federal e confederal. Nese sentido, un novo Estatuto é indispensable para superar a recesión e preparar unhas Institucións galegas modernas que estean á altura dos novos tempos e os novos reptos. Un novo Estatuto que mellorará moi substancialmente a amplitude e eficiencia do noso autogoberno.

PLAN DE COMARCALIZACIÓN DE GALICIA

O noso compromiso está en ir construíndo gradualmente unha administración pública máis moderna, transparente e sostible. Para isto, un dos obxectivos ten que ser ir eliminando organismos e entes inservibles que ata agora só están a xerar mal gasto, corrupción, tráfico de influencias, en definitiva; unha mala administración dos asuntos públicos; un tema que afecta directamente ao crecemento económico e á viabilidade dos nosos sectores produtivos.

Unha das ferramentas para a optimización dos recursos e para unha mellor resposta das administracións galegas as e aos interesados é a **fusión de concellos, segundo xa se ten experimentado na UE**. A cifra idónea en Galicia sería por volta dos 100 concellos, fixando como horizonte de lexislatura baixar dos 314 actuais, ata os 250 concellos.

Galicia ten que deixar atrás unha organización territorial desaquelada, fonte de duplicidades e ineficiencias

na xestión dos recursos públicos. Sufrimos un modelo cheo de solapamentos competenciais, dispendioso e ineficiente. Contamos, en definitiva, cunha organización territorial inzada de disfuncións, de entes administrativos por veces inoperantes ou case “pantasma” cunha irracional atribución de responsabilidades e funcións.

Desde os sucesivos gobernos a continuidade deste sistema foi finalmente impulsada, logo de décadas sen ningún impulso político e xurídico para esta reforma, se ter reparado no hándicap que isto supón para a modernización, non unicamente administrativa, senón tamén económica e social de Galicia, tanto en termos de transparencia e eficiencia dos recursos públicos, como no deseño de políticas globais de toda orde e mesmo en eficiencia administrativa e na configuración de “territorios atractivos” para os investimentos, tanto internos como tamén exteriores, e para a determinación de “espazos competitivos” e políticas “de excelencia”.

Temos pois que desenvolver un **Plan de Comarcalización de Galicia** que estude a dotación real de competencias para as novas institucións que poderíamos dar en chamar como comarcais e que serían as resultantes da fusión de concellos. **O plano é resultante da fusión de moitos dos actuais concellos**, e da desaparición da administración periférica do estado e das deputacións provinciais. Isto levaríanos a un progresivo traspaso de persoal funcionario e laboral das administracións periféricas do estado e das deputacións provinciais para estas institucións xurdidas da fusión de concellos. Dentro deste plano, nun primeiro paso, está a lexitimación democrática da nova figura administrativa de xestión; que xuntamente a unha dotación económica real permitira levar a cabo as súas funcións de coordinación de servizos dos concellos fusionados integrantes das distintas áreas comarcais.

Estes entes con claro carácter comarcal, de xestión e prestación de servizos públicos de xeito coordinado son unha necesidade para facer posíbel achegar moitos dos servizos básicos á nosa veciñanza. Unha entidade que pola súa dimensión comarcal ou metropolitana e a súa suficiencia de medios financeiros e técnicos poida artellar o territorio en relación directa coa Xunta, desenvolvendo a súa autonomía local no que atinxe aos servizos locais e demais competencias locais. Como mecanismos de compensación, equilibrio e participación veciñal **haberán de crearse órganos de participación nas parroquias e nos antigos concellos fusionados** e descentralizar a sede das dependencias e servizos municipais nos novos e integrados concellos comarcais coa finalidade de viabilizar o efecto e aceptación social deste novo mapa local.

Deste xeito poderíamos distinguir entre concellos-comarca, como órganos de participación política, e os antigos termos municipais como órganos de participación veciñal e xestión administrativa de proximidade. **A definición do mapa de concellos futuros ha ser obxecto dun amplo pacto político e do maior consenso social posíbel.**

A concentración dos Concellos máis pequenos xa ten un modelo que ir seguindo. Na UE xa se experimentou un novo **modelo de Administración Local Europeo** que procura a concentración política e administrativa de entes locais con pequenas capacidades tanto poboacionais, como financeiras. De igual maneira que demandamos máis autonomía para a Xunta de Galicia por ser esta garante dunha mellor xestión pública e de maior benestar para os galegos, hai que camiñar cara uns concellos máis autónomos e polo tanto independentes dos subsidios arbitrarios por parte das deputacións provinciais. **O obxectivo deste plano é baleirar as Deputacións de contido competencial e político. Isto, realmente, so é posíbel mediante a agrupación de Concellos dentro do plan de comarcalización de Galicia.**

Uns **Concellos máis amplos e potentes** xa que o plano permite que estes contén con capacidade para xestionar as súas competencias sen depender da deputacións que duplican sen necesidade ao goberno local.

Un maior tamaño implica unha maior marxe de manobra, gañando as **corporacións locais un alto grao de**

eficacia grazas ao aumento da súa capacidade orzamentaria e inversora, e incluso eficiencia debido o descenso dos gastos administrativos-estruturais improdutivo consecuencia da diminución do número de Concellos a redución das duplicidades na administración local.

A crise demográfica galega precisa dun territorio moderno e competitivo afastado do inframunicipalismo, **xunto a un modelo urbanístico racional e sostible tanto no económico coma no ecolóxico e que achegue aos espazos rurais e urbanos do País**. Avanzar cara á vertebración e a unión da sociedade galega é un paso para ofrecer as novas xeracións unha Galicia mellor.

O noso plano de comarcalización está a propoñer un modelo novo e necesario de xestión pública que conta coa implicación dos empregados públicos da Xunta, **desenvolvendo para isto o Estatuto Básico do Empregado Público, presentando un modelo de carreira horizontal e de avaliación do desempeño** que teña en conta o valor público conseguido por cada departamento.

Xuntamente **implicaremos aos representantes sindicais no deseño dun novo modelo de xestión pública compartido**, centrado na avaliación, na carreira profesional, competencias e o rendemento. Temos que desenvolver un modelo de contratación pública aberto, baseado na transparencia sometido ao control directo do Consello de Contas.

ORDENACIÓN DO TERRITORIO E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Desde CxG temos como unha das fins do noso goberno a **revisión das Directrices de Ordenación do Territorio**, dentro do respecto á autonomía local, adaptándoas a unha ordenación urbanística racional e sustentable do territorio galego, a partir dunhas directrices xerais de ordenación do territorio e baseada nun amplo consenso político e social. Isto supón unha ampla tarefa legislativa desde o Parlamento galego que inclúe a elaboración dunha **nova Lei de Ordenación Urbanística**. Unha nova lei feita perseguindo os criterios de simplificación do procedemento de elaboración e aprobación dos PXOUM no eido local. Unha lei que teña establecido mecanismos diversos e flexibles de xestión urbanística en función do tipo de planeamento, do tipo de concello e do tipo de solo de que se trate. Unha nova lei que mellora a transparencia e participación cidadá nos procesos de elaboración e tramitación dos planos de ordenación urbanística municipais.

Coa mesma, faremos unha **revisión do Plan de Ordenación do Litoral** para adaptalo á realidade galega e fixar o mesmo baixo as premisas de sustentabilidade, protección e conservación do medio costeiro; para isto é fundamental o reforzo da Axencia de Protección da Legalidade.

CxG, ten unha **especial conta do espazo rural, interior e costeiro**, que conforma o noso País. Un espazo onde a súa poboación, aínda que decrecente, ten que acadaren un nivel de benestar e de prestación de servizos públicos, semellante ao ofrecido nos espazos urbanos. **Concentrar concellos** é, neste caso, imprescindible, seguindo no noso plano de comarcalización. Isto tamén vale para os espazos urbanos, en paralelo co **reforzamento das áreas metropolitanas**.

ORDENACION DO TERRITORIO: INFRAESTRUTURAS E TRANSPORTES

A acción do noso goberno centrará as súas políticas nunha planificación en materia de **artellamento territorial e das comunicacións que aposte no espazo atlántico europeo**, pola conexión directa cos centros económicos e políticos europeos e internacionais, sendo principalmente **a conexión con Portugal**, como espazo económico e social común, un dos nosos obxectivos fundamentais. O aumento dos fluxos, empresariais, laborais, sociais, culturais,... Temos que aplicar o Estatuto de Autonomía de Galicia, vixente

desde 1981, para o que realizaremos o **traspaso inmediato da xestión directa de todas as comunicacións internas de Galicia**.

O acceso aos servizos públicos: sanidade, educación, garderías, dependencia e atención aos nosos maiores non debe obrigar a un éxodo interminable cara as grandes vilas e cidades desde os espazos rurais, deberíamos neste sentido adoptar un **plan estratéxico de mobilidade para os nosos maiores**; combinando en moitos casos transporte público, a través do uso de taxis partillados entre varias persoas e combinado a viaxe con outros medios de transporte públicos. Todo **dentro dun plano de xestión das comunicacións como “territorio intelixente”, de Galicia entendida como unha grande metrópole mundial**.

Imos a dar a posta en marcha dunha serie de medidas dirixidas a racionalizar e optimizar as infraestruturas do País, con especial atención ao eido ferroviario. **Como prioridade, completárase a conexión de velocidade alta entre as cidades galegas e apostarase decididamente polo tren de proximidade**.

Levamos, para unha mellor xestión da mobilidade interna no País e para unha mellor eficiencia e eficacia dos servizos ferroviarios, tanto nas frecuencias como nos destinos, a **creación do Operador Galego de Ferrocarril**, destinado a impulsar de forma decidida o transporte ferroviario de proximidade.

CxG aposta por unha **rede ferroviaria de proximidades**, para achegar maior conectividade interna entre as vilas e cidades do País, achegando máis facilmente os mundos rurais e urbanos nos que está a separar-se Galicia, aumentando frecuencias e achegando curtos percorridos. O transporte público, e particularmente o ferroviario, seguirá a ser cada día máis importante. O goberno de CxG vai a **aproveitar mellor, especialmente nos espazos metropolitanos, as vías e conexións xa existentes na creación dunha rede galega de camiños de ferro de proximidade**.

Unha ordenación territorial que achegara **novos planos de mobilidade baseados no uso combinado das bicicletas e de rotas peonís con transportes públicos**; tanto por estrada como ferroviarios e marítimos; como complementarias aos usos actuais intensivos de transportes privados por estrada.

Outra das medidas que tomaremos está na **xestión directa por parte do goberno galego da AP-9 e AP-53**, por ser a **vía fundamental de conexión económica do País**, Neste punto conseguiríamos unha **redución ou exención total das portaxes para vehículos pesados** en certos tramos desta autoestrada, así como en outras de titularidade autonómica.

Levaremos tamén a cabo, un **cambio de modelo nas concesións das Inspeccións Técnicas de Vehículos**, abrindo a porta a outras alternativas de mellora e abaratamento da prestación do servizo

Os portos de interese xeral son tamén un dos puntos claves para avanzar na nosa auto-xestión e no noso auto-goberno. Galicia ten unha vocación portuaria fundamental, xa que constituímos unha plataforma privilexiada de comunicación entre Europa e América, somos un intercambiador excepcional para o tránsito mundial de mercadorías. **Vista desde o mar Galicia é central, non é periferia. Precisamos dunha xestión portuaria galega e integrada**, sen prexuízo da autonomía dos órganos de xestión portuarias, onde habería que considerar a **xestión conxunta dos Portos da Coruña e Ferrol**, en razón a grande potencialidade e proximidade de cadansúas dársenas exteriores.

O sistema portuario galego para un país moderno e avanzado ten que xestionar-se pensando sempre na **intermodalidade da loxística e do transporte** na actualidade. É para iso precisamos dotar aos portos galegos, das infraestruturas necesarias, de xeito fundamental temos que chegar a conexión ferroviaria de

mercadorías nos portos de interese xeral e cos aeroportos e as futuras terminais de mercancías terrestres.

Para Compromiso por Galicia é fundamental acordar unha política de País sobre os usos e o futuro do sistema aeroportuario galego, lonxe de localismos, populismos e electoralismos. Precisamos rachar a xestión centralista e ineficiente de AENA e crear un único sistema aeroportuario galego, que non dependa exclusivamente dos enlaces aéreos desde Madrid como plataforma intercontinental da aeroliña Iberia, sen prexuízo da autonomía na xestión de cada un dos tres aeroportos (hoxe en día negada no modelo AENA, o máis centralista do mundo) e da súa apertura á xestión público-privada en varias áreas. ***Imos a proceder ao fortalecemento e ao ordenamento das conexións de pasaxeiros en voos transcontinentais e rexionais europeos***, reforzando a oferta conxuntamente cos voos combinados co aeroporto de Sá Carneiro, para facilitar moito mais a mobilidade de pasaxeiros entre Galicia e o resto do mundo a través das plataformas transcontinentais de pasaxeiros.

Na mesma, achegaremos usos loxísticos para os aeroportos nodais para o tránsito de mercancías areo-transportadas, dentro dun ***plano que convertería a Galicia nun dos “Hub” das grandes rotas comerciais do mundo, tanto desde as auto-estradas do mar, como nas saídas e entradas vía aérea e vía terrestre.***



FACENDA E POLÍTICA FISCAL

UNHA FACENDA PROPIA PARA A NOSA TERRA

Galicia conta con competencias en materia fiscal moi limitadas. Por esa razón, Compromiso por Galicia aposta en primeiro lugar por dotar de maior capacidade financeira e tributaria á Xunta de Galicia, sen menoscabo da necesaria harmonización fiscal co resto do Estado e da Unión Europea, así como da existencia de potentes mecanismos de solidariedade interrexional neses dous ámbitos. En calquera caso, a capacidade normativa actual sobre algúns tributos e a capacidade de investimento da Xunta de Galicia fan posible desenvolver medidas que, se ben teñen un alcance limitado, é necesario activar diante da grave situación económica que estamos a vivir.

Por iso, nesta materia entendemos precisa a **creación dunha auténtica Axencia Tributaria Galega**, que aglutine a xestión, liquidación, recadación e inspección dos tributos propios, cedidos e compartidos pola Xunta de Galicia.

Serviría ademais para artellar **un novo modelo de fiscalidade máis equitativo, eficiente e que incentive o dinamismo económico** que dea un pulo para a consecución do novo modelo económico e social para Galicia.

Apostaremos por medidas que introduzan no modelo de financiamento autonómico unha maior corresponsabilidade fiscal. Nomeadamente, o goberno de Galicia dos e das galeguistas vai a apoiar non só a cesión dunha maior proporción dos impostos, senón tamén o incremento da capacidade normativa sobre fiscalidade e a recadación directa por parte de cada administración en función das súas determinadas competencias de gasto.


As mulleres e os homes que formamos **CxG apostamos no medio prazo, por un modelo de financiamento baseado nun Concerto Económico co estado central**, dentro dun marco de bilateralidade de relacións entre o goberno do estado central e os poderes galegos que defenda, alén das cores políticas que guíen a acción política, o noso autogoberno e as nosas institucións propias.

Este concerto económico pasa por un modelo polo cal a nosa Facenda sexa responsable dos seus ingresos, **recadando todos os ingresos tributarios no noso territorio e simplificando os mecanismos** de nivelación territorial existentes nunha única transferencia.

O noso compromiso é claro a favor da **mellora do control e da fiscalización transparente das contas públicas**, fornecendo ao Consello de Contas de recursos financeiros, informáticos, de persoal e de competencias para capacitalo na auditoría completa, pública e regular das contas dos diferentes niveis da administración pública galega, así como das empresas públicas que dela dependen.

En materia fiscal temos claro a necesidade dun modelo fiscal progresivo, cun **incremento dos tipos marxinais do IRPF no tramo autonómico para as rendas máis altas**.

Desenvolveremos un **“Plan de Imposición Fiscal Verde”** que sirva para coordinar todas as figuras tributarias xa existentes e recolla outra nova e que vai parello ao noso Plan de Investimento Verde de Galicia.



No pulo para a creación de empresas, riqueza e emprego no noso País, **o goberno dos e das galeguista eliminará as taxas e outros tributos de titularidade autonómica para as empresas de nova creación.**



A POLICIA AUTÓNOMICA: FERRAMENTA PARA O AUTOGOBERNO

POLICÍA AUTONÓMICA DE GALICIA: A GARDA NACIONAL GALEGA

Seguindo a planificación cara a construción do modelo federal-confederal que no uso das actuais disposicións normativas recollidas, tanto no Estatuto de Autonomía de Galicia como na actual Constitución do Reino da España de 1978, desde o goberno galego de CxG poremos todos os resortes en marcha necesarios para a construción de unha forza de seguridade autonómica, para **chegar ao final da lexislatura coa creación da Garda Nacional Galega**.

A seguridade pública é un ben precioso nas sociedades democráticas avanzadas, imprescindible para a convivencia democrática. Narcotraficantes, malos tratos ou outros atentados contra a convivencia pacífica están á orde do día. Coidamos que nen os medios técnicos, nen os recursos humanos do estado son suficientes, tendo actualmente moitas das unidades especiais sede fora do territorio da nosa CC.AA.


Temos que ter en conta a organización territorial do Estado e a súa incorporación dentro da UE, cunha administración multinivel e onde o modelo policial debería camiñar cara unha efectiva federalización-confederización. Pola parte das mulleres e homes que formamos CxG, queremos abordar sen complexos, como ocorreu no 1986 coa unificación do Corpo Superior de Policía e a Policía Armada, a reunificación aínda pendente, dos corpos e forzas de seguridade da administración central, nun só Corpo Estatal e desmilitarizado, a modo da Policía Federal Americana. Temos que ter en conta, a necesidade da **creación de un espazo europeo de seguridade común**, onde é imprescindible a **conexión e o intercambio de información entre os diversos niveis dos corpos de seguridade existentes e a súa coordinación directa cos sistemas da Interpol e da Europol**.

A crecente modernización e formación das Policía Locais, xunto coa súa condición de Policía de proximidade e a súa presenza na rúa, co coñecemento do entorno e da realidade social, contribuíron a que nos últimos anos estas policía asumisen novas competencias en materia de seguridade e policía xudicial. Por iso, nós, **desde o goberno galeguista coordinaremos unhas Policía Locais amplas e con competencias; alén das sinaladas na lexislación actual; en materia de policía xudicial e investigación en pequena delincuencia e violencia de xénero**.

O goberno do galeguismo desenvolverá un proxecto de seguridade no que, logo de concertar co goberno central do estado, os recursos que deberá empregar en Galicia nesta materia, se instaure unha Garda Nacional Galega que conte con recursos técnicos e humanos suficientes para que nunha primeira etapa, poida complementar de xeito eficaz os recursos pactados para traballar neste eido.

Tendo en conta os precedentes das outras comunidades autonómicas que xa teñen creado os seus propios corpos de seguridade e mentres non se produzan cambios no modelo policial a nivel estatal, a **Garda Nacional Galega debería asumir inicialmente as competencias da actual unidade adscrita e as competencias en materia de tráfico nas estradas**.

A nova Garda Nacional Galega asumirá, no prazo da lexislatura, todas as competencias que nestes intres teñen os corpos e forzas de seguridade do estado no ámbito territorial galego, realizando un traspaso efectivo de competencias.



Unha vez despregada deberá aumentar e levar a cabo o despregue, en substitución das funcións que actualmente recaen no corpo de Guarda Civil **naqueles concellos rurais que non teñen Policía Local, a Garda Nacional Galega deberá asumir as competencias das Policías Locais.**

A Garda Nacional Galega, co obxecto de **evitar un incremento desproporcionado das prazas e postos actuais da estrutura policial existente no territorio galego: CNP, Garda Civil e Policías Locais; incorporará fórmulas que permitan a incorporación dos recursos humanos e técnicos destas forzas e corpos de seguridade**, sen prexuízo de garantir a singularidade e peculiaridade de cada un deles.

A coordinación de actuacións tanto da Garda Nacional Galega como das Policías Locais, estarán baixo o mando supremo da Xunta de Galicia.



O NOSO SECTOR EMPRESARIAL: MULLERES E HOMES COMPROMETIDOS CO PAIS

O DEREITO DOS E DAS GALEGAS A VIVIREN E TRABALLAREN NA PROPIA TERRA

Desde CxG, temos unha forte convicción en chegar a cumprir o artigo nº 4.3 do EAG de 1981, onde indica que **os poderes públicos autonómicos asumen, como un dos principios reitores da súa política social e económica, o dereito dos e das galegas a viviren e traballaren na propia terra.**

Para chegar ao máximo desenrolo estatutario, cumprindo a vontade dos lexisladores, temos que complementar e levar a bo termo políticas encamiñadas a que este dereito a traballar na nosa terra poida ser realmente efectivizado. **É para isto, que temos que promover, financiar e apoiar un forte tecido empresarial que é base fundamental para o crecemento económico e a empregabilidade.**

É mais do que preciso a xeración de dinámicas positivas de crecemento: apostando pola economía produtiva e pola construción do estado do benestar na Galicia. Desde os poderes públicos autonómicos baixo o noso goberno de compromiso, faremos **unhas políticas industriais e comerciais en beneficio das empresas galegas: das empresas que tributan no noso país.**

Un sector empresarial, que ten no país referencias de éxito internacional, e no que; aínda o desleixo das políticas públicas; temos empresas innovadoras e que conseguen unha internacionalización da nosa economía. Porén, nos últimos anos, afastamos nos diversos indicadores económicos, dun achegamento á converxencia europea; o que indica claramente a ineficacia e a insuficiencia das distintas políticas xestionadas para o sector empresarial nas últimas lexislaturas.

A nosa política referente a activación da actividade empresarial, precisa de instrumentos de autogoberno, entre outros un **sistema tributario propio e capacidade normativa fiscal.**

Unha destas políticas mal xestionadas foron as axudas públicas directas a empresas, sendo estas insuficientes e estando, sobre todo e como maior problema, mal xestionadas e mal distribuídas. Tanto o IGAPE, como os diversos “clusters” trasladan para proxectos de innovación e de internacionalización moitas destas axudas públicas, porén, non sempre atendendo a criterios económicos ou de emprendemento. Tamén, ao tempo, **moitas destas axudas a diversos sectores industriais e empresariais non teñen tido efectos reais sobre a economía galega, servindo, unicamente, para trasladar ineficiencias e sobrecustos privados ao ámbito público.**

Xunto a unha mala distribución e unha pésima xestión dos recursos públicos levada a cabo actualmente, polos últimos gobernos autonómicos, engadimos un acceso moi complicado ao financiamento privado por parte das empresas, derivado da **desaparición, primeiro das Caixas de Aforro galegas e logo, xa finalmente, do sistema bancario galego. Isto imposibilita en grande medida un crecemento e sostemento das empresas, ante a falta de acceso ao crédito** e provoca finalmente o peche ou o abandono de moitos proxectos e a perda de moitos empregos no país.

Desde o goberno, Compromiso por Galicia ira virar as políticas públicas cara a construción dunha sociedade baseada no noso novo modelo económico e social, **nunha nova economía sustentable e baseada no esforzo e no coñecemento,** apoiando a creación e o desenvolvemento de empresas do 4º sector, en estreita colaboración coas universidades galegas e o seu capital humano de I+D+I. As empresas de

innovación requiren, a día de hoxe, muito capital, tanto humano como en equipamentos e financiamento, sendo totalmente necesaria unha colaboración público-privada para a súa posta en marcha e o seu desenvolvemento.

Temos pois, como obxectivo, que achegar unha serie de medidas que aproximen finalmente a economía galega aos indicadores europeos e acheguen un maior benestar para as xentes do País. **Desde CXG iniciaremos o camiño da construción dunha economía que achegue produtos e servizos de alto valor engadido e enfocados a unha economía sustentable, tanto no ecolóxico, como no social.**

O éxito das nosas empresas vira da correcta implantación dos avances tecnolóxicos, da colaboración institucional cos poderes públicos e do noso “know-how”. **Temos, nesta liña, que procurar un achegamento aos mercados globais, mantendo sinais propios de identidade, como marca diferenciadora, trasladando confianza e calidade aos consumidores finais sobre os produtos e servizos feitos no país.**

Unha internacionalización empresarial que ten que procurar nas nosas políticas os apoios necesarios para achegar canais de distribución locais, que son fundamentais para o éxito de unha empresa nos mercados estranxeiros, e un achegamento a estes novos mercados aproveitando as comunidades galegas presentes no exterior. A forte crise dos últimos anos, fai preciso que moitas das nosas empresas teñan que procurar novos mercados ante a baixa demanda interna pola baixada dos ingresos das familias. Un dos camiños para moitas destas empresas está na súa internacionalización.

Na **procura de un tecido empresarial autóctono**, que é o principal valor para todo o noso novo modelo económico e social, tanto para estruturar e vertebrar o territorio, como para fixar poboación e deter a crise demográfica ou como para sustentar as mais das políticas de benestar e manter a xeración de riqueza. **Alargaremos axudas e promoveremos o investimento, tanto público como privado, en empresas de alto contido tecnolóxico en colaboración constante coas universidades galegas.**

O goberno das xentes galeguistas, ten como un dos seus obxectivos, dentro do noso novo modelo económico e social, establecer as condicións necesarias para **trasladar a sectores considerados como mais clásicos da economía, as innovacións e os novos procedementos empresariais, facilitando a sucesión e a continuidade de empresas familiares, así como o seu éxito no tempo.**

Especialmente, na distribución e reparto de subvencións, **axudas e apoio ao financiamento**, temos que ter o foco da nosa acción política e lexislativa, nas **mulleres e nas persoas con discapacidades que queiran comezar unha actividade empresarial. No mesmo eido, crearemos un plan de creación de empresas para xente moza, dotado con 6000€ para cada iniciativa empresarial.**

Desde o noso compromiso co País, desde o noso compromiso por Galicia, temos que trasladar á sociedade galega en xeral, que **as empresas son fundamentais no sostemento e na creación do noso novo modelo económico e social. O noso compromiso con Galicia é o compromiso co autogoberno, coas políticas de benestar. O noso compromiso nunha sociedade baseada nunha economía competitiva, solidaria e sustentable construída sobre os alicerces da procura dun mundo mais xusto e solidario.** Galicia conta co seu principal activo, formado polas mulleres e os homes que acreditan no noso futuro como País e nas políticas de progreso, na igualdade e na xustiza social.

Apostamos por un **Comercio Urbano inspirado no modelo europeo de comercio**, centrado nas nosas vilas e nas nosas cidades achegando o noso modelo económico e social para o País. Un modelo de comercio que habilita unha ordenación do territorio mais sustentable e respectuosa co medio. Afastando as grandes distribuidoras dos centros urbanos, deixando **espazo para un comercio de pequenos empresarios e artesáns con unha oferta exclusiva e expoñente da marca Galicia.**

Nesta procura de revitalización do espazo do noso rural será sobre a que basculará a acción do noso goberno, **promoveremos e financiaremos iniciativas de economía social e de emprendemento no sector do comercio artesán e nas empresas da prestación de servizos de alto contido tecnolóxicos, como sectores que aportan alto valor engadido á nosa sociedade.**

É fundamental, activar a iniciativa privada de I+D+i, desde o goberno galego de Compromiso, iremos a achegar a aquelas empresas que invistan neste campo, os **medios necesarios para a formación de iniciativas conxuntas neste campo.**

A MARCA GALICIA: SITUAR A GALICIA NO CENTRO. GALICIA É IMPORTANTE.

Temos que estar no mundo se queremos consolidar a nosa posición como País, dentro dun entorno cada vez mais vulnerable, incerto, complexo e ambiguo; nun entorno de cada vez mais global e de cada vez menos estatal. O noso futuro como País, ten na internacionalización das nosas empresas unha fiestra aberta ao mundo, achegando Galicia ao mundo e traendo o mundo a Galicia. **É imprescindible para o goberno dos e das galeguistas chegar ao consenso de todos os sectores implicados; os poderes públicos galegos, organizacións empresariais, organizacións sectoriais e institucionais para xerar a marca Galicia,** marcando a nosa singularidade e as nosas particularidades, como marca eixo de calidade e de prestixio internacionais.

A marca Galicia é innovación, vangarda, tradición e altos niveis de excelencia e de calidade. **A marca Galicia é dinamización do noso rural, tanto interior como costeiro, é unha economía sustentable e é respecto polo medio ambiente e pola nosa cultura. A marca Galicia é situar a Galicia no centro da nosa acción política.**

Imos a proceder, desde o goberno galego de CxG, a tomar a **iniciativa lexislativa precisa para a incorporación dun logotipo que dea identidade a todo os produtos deseñados e construídos por empresas que teñan a súa sede fiscal en Galicia** e que aposten pola excelencia, a vangarda e o noso territorio, dentro dun modelo de economía sustentable. Un logotipo de marca Galicia, para aqueles produtos e servizos que teñan superado as probas de calidade mais exixentes no ámbito internacional. Unha verdadeira etiqueta de calidade de produtos galegos.

A economía galega amosa na actualidade un grado de apertura internacional superior á media española. Sen embargo, a capacidade exportadora galega ten unha grande dependencia nun número reducido de empresas así como dun mercado europeo, que xa podemos considerar como un mercado interno. Compre incrementar a capacidade competitiva e exportadora da nosa economía para o cal debemos aproveitar a nosa **posición estratéxica en relación ao tráfico marítimo no que Galicia non ocupa unha posición periférica, senón central no eido internacional.**

Para as e os galeguistas resulta un eixo central da nosa acción de goberno a internacionalización da nosa economía; como factor fundamental para achegar a nosa cultura e a nosa identidade na escena internacional, como peza chave no novo modelo económico e social para o noso País.

A internacionalización é a mellor garantía para minimizar riscos empresariais e mellorar a competitividade global da nosa economía, as empresas exportadoras son as mais competitivas, as que xeran maior valor engadido e as que apostan pola sociedade do coñecemento e pola responsabilidade social corporativa, achegando valores de sustentabilidade e de compromiso social.

Unha das necesidades mais urxentes na acción exterior dos poderes públicos galegos a día de hoxe é a

coordinación das diversas institucións na súa actuación de procura e apertura de novos mercados exteriores. **O goberno galego liderado polos homes e mulleres de CxG coordinará a actuación institucional na internacionalización da nosa economía coas diversas institucións que interveñen no proceso: cámaras de comercio, asociacións empresariais ou o IGAPE. Para isto crearemos un organismo único para a xestión da internacionalización unificando os instrumentos e as informacións.**

A nosa aposta pola internacionalización das nosas empresas é cerne da nosa política empresarial, para isto crearemos, en apoio ao organismo único para a internacionalización, unha rede galega de delegacións comerciais nos novos mercados emerxentes, prestando especial atención a aqueles que pertencen á lusofonía, facilitando canles para a internacionalización da economía galega, dando apoio á promoción no exterior e á mellora da imaxe das empresas con vontade exportadora.

Apoiando a esta rede galega nos mercados emerxentes, iremos **crear un observatorio de comercio internacional para os produtos galegos**. É preciso analizar as posibilidades de penetración do produto galego, de consumo e industrial, nos mercados internacionais: norteamericano, brasileiro, mexicano, indio e chinés, entre outros, e deseñar de acordo con consultores especializados a estratexia mais viable a cada sector e mercado para gañar cota de vendas.

Desde a nosa acción institucional achegaremos as medidas precisas para a **internacionalización de empresas novas de base tecnolóxica**, especialmente aquelas que teñen como base o agro e o mar, apostando con forza en proxectos internacionais de I+D+I, con especial fincapé nas industrias bio-médicas e bio-farmacéuticas e todas aquelas de base en modelos de economía sustentable.

Unha das vías de achegamento a mercados exteriores que ten demostrado efectividade e o fomento do comercio electrónico. Internet representa unha canle comercializadora de primeiro nivel, tanto en versión B2B como B2C. **Unha das nosas de goberno é introducir nas primeiras 100 empresas galegas o comercio electrónico con criterios profesionais e dotalas de servizos cooperativos de difusión e soporte.**

Unha das nosas potencialidades na procura de novos mercados é a galegitude espallada polo mundo. O goberno de CxG impulsará o contacto entre a Galicia interna e a Galicia do exterior. Temos que **aproveitar a base de empresarios galegos no exterior** como plataforma tanto para incrementar o comercio exterior, procurando canais de distribución xa existente, como para, na mesma, atraer investimento foráneo. **Unha estratexia de net-working empresarial galego para a internacionalización da nosa economía e das nosas empresas do mar, do agro, da industria, comercializadoras e do 4º sector da economía.**

Impulsaremos colaboracións de integración vertical entre as Pequenas e medianas empresas e as empresas motoras galegas; empresas que xa teñen un percorrido de internacionalización e de gran tamaño; orientadas á internacionalización, conseguindo unha intensa creación de sinerxías empresarias.

Unha das nosas actuacións, desde a nosa acción exterior, é incrementar a capacidade de atracción de investimento exterior. Participar na World Association of Investment Promotion Agencies, tal como están España, Andalucía, Madrid ou Cataluña, que conta con dúas institucións representadas. Galicia nunca recorreu ás ferramentas de captación de FDIs como o FDI Promotion Center, o Investment Map ou o Investment Gateway. **Galicia, co noso compromiso, vai a aumentar a súa presenza no concerto internacional para poder estar presente no mundo.**

Promoveremos o lanzamento dun **Plano Estratéxico de Promoción do Comercio Marítimo** que aposte por converter ao sistema portuario galego nun factor clave tanto para mellorar a capacidade de exportación como para atraer investimentos. Impulsaremos unha xestión coordinada das infraestruturas e optimizaremos

o seu uso para facilitar a conectividade externa do noso tecido empresarial.

UNHA ADMINISTRACIÓN ÁXIL DO LADO DO DINAMISMO EMPRESARIAL

As empresas son a base económica que sostén ao estado do benestar. Unha actividade empresarial que moitas das veces é freada por impedimentos exógenos á propia iniciativa. Moitos destes factores externos que paralizan as actividade empresariais teñen a súa orixe no propio sector público, que dificulta, e as veces imposibilita a creación ou o mantemento das empresas.

Neste sentido, a actividade lexisladora do Parlamento galego impulsada por CxG centrará nunha **mellora das relacións entre as iniciativas privadas e os poderes públicos galegos**.

Axilizaremos as xestións burocráticas, limitaremos o número de autorizacións e licencias administrativas previas necesarias, restrinxíndoas a procedementos que invadan o interese público, como o medio ambiente, a orde pública ou a seguridade cidadá. Substituiremos estas xestións por outros procedementos, como a declaración responsable ou as comunicacións previas, cando fose posible. **Introdución do silencio positivo das administracións na concesión de licencias**.

Poñeremos en marcha a **Xanela Única da Primeira Empresa**, lugar no que facer todas as xestións necesarias ante as diferentes administracións para a posta en marcha dunha empresa, facilitando a intendencia administrativa previa ao inicio de actividade dunha empresa.

Nesta mesma liña, e de acordo cos principios de economía, eficacia e eficiencia das administracións públicas, achegaremos a **Xanela Única para persoas Autoempregadas**.

Castigaremos a morosidade das institucións públicas, creando un réxime sancionador forte, dentro das competencias do goberno galeguista, contra as institucións que non cumpran os prazos establecidos na Lei de Morosidade.

A través de lei do Parlamento de Galicia, proporemos a **dedución do 100% da cota autonómica, nos impostos con cesións normativas**.

Nesa mesma Lei do Parlamento recolleremos a **redución ou eliminación, segundo o caso, das taxas e prezos públicos para empresas de nova creación e Autoempregadas** durante os primeiros anos da súa actividade.

Fomentaremos a creación de redes e plataformas tecnolóxicas que proporcionen ás persoas autoempregadas o acceso a prestacións de calidade a prezos accesibles, mediante a **promoción da creación de cooperativas de servizos**.

A CULTURA EMPRESARIAL: O NOSO FUTURO ESTÁ NO EMPRENDEMENTO.

Incentivar a creación dunha cultura empresarial no noso País é a chave que pode darnos un futuro como País e como sociedade sustentable e dinámica, que siga partillando os valores do estado de benestar e da democracia.

As mulleres e homes que formamos CxG temos o forte compromiso de liderar a Galicia cara o novo modelo económico e social. O forte compromiso de levar cara adiante a **unha sociedade emprendedora onde os valores do esforzo, da superación, da iniciativa, son o motor do noso modelo.**

O noso compromiso está do lado da creatividade, como piar para o éxito das nosas empresas. A innovación, a vangarda e a nosa cultura como marco fundador dunha nova cultura empresarial, construída en rede sobre a metrópole mundial sustentable que é Galicia.

Os poderes públicos que até o de agora teñen dirixido a política galega levarannos a unha situación de difícil retorno no demográfico. O novo modelo económico e social que Galicia precisa ten que frear esta situación. Para elo é fundamental frear a emigración da nosa mocidade, fixando as **medidas precisas para apostar sen dúbidas pola iniciativa de autoemprego e de creación de cooperativas empresariais e de novas iniciativas empresariais nos territorios rurais.**

Na mesma, torna imprescindible para o mantemento das políticas de benestar a contribución da riqueza para a nosa economía que a cultura empresarial xera; na creación de emprego e nas achegas fiscais. O tecido empresarial galego ten capacidade suficiente para ser motor de novas iniciativas empresariais que aporten empregabilidade. **As nosas empresas son tamén capaces de avanzar no cambio estrutural do noso modelo económico e social, introducindo actividades intensivas en coñecemento, novas tecnoloxías** que acheguen unha forte cohesión social, sendo o fundamento e guía da nosa política.

Desde os poderes galegos, **CxG levará a conciencia ao eido educativo da importancia do espírito emprendedor e da cultura de empresa** na creación de empresas como fonte xeradora de emprego, riqueza e desenvolvemento económico sustentable.

Poremos en marcha un programa para as mulleres emprendedoras, desenvolvendo políticas públicas que apoiem a creación de novas empresas innovadoras e da economía social.

Achegaremos as medidas orzamentarias necesarias para **fomentar o autoemprego e as cooperativas empresariais das persoas con discapacidades.**

Achegaremos os medios necesarios para a **potenciación da etiquetaxe dos nosos produtos en galego, como parte inseparable e intrínseca á marca Galicia.** así como na prestación de servizos impulsaremos o uso da lingua propia de Galicia.

Unha das nosas políticas na normalización do uso do galego, será a través dos medios financeiros axeitados, **incentivar e promover o uso do galego no mundo da empresa.**



A GALICIA DA INDUSTRIA: COMPROMISO COS NOSOS SECTORES INDUSTRIAIS, O COÑECEMENTO E A SUSTENTABILIDADE.

A POLÍTICA INDUSTRIAL: INNOVACIÓN E COMPETITIVIDADE

Temos que recoller a necesidade de aportar unha saída á crise, xa sistémica do noso sector industrial, que ten afectado fortemente a Galicia e minimizado o peso da nosa economía produtiva. **Para afrontar este repto que consiste na mellora da competitividade das nosas industrias e da economía no seu conxunto, temos que incluír aos poderes públicos galegos e aos sectores empresariais nunha política clara de País.** Nun mundo en transformación, a nosa aposta é por implicar a todos os actores dentro dunha economía do coñecemento e sustentable.

A **Estratexia 2020 da UE é un referente** que achega os principios básicos para o noso novo modelo económico e social para unha Galicia con futuro e viable. Estes principios levarannos a un alto nivel de xeración de emprego, maior produtividade e cara unha maior cohesión social. **A nosa aposta por actividades produtivas asociadas ao coñecemento e á innovación achéganos aos valores, que xa no seu día trasladaran os creadores de Cerámicas do Castro e de Sargadelos,** recollendo o emprendemento coa innovación desde a tradición e a vangarda, promovendo unha forte valoración da súa industria acompañando de procesos anovadores na produción e na procura de mercados exteriores que demandan produtos de alta calidade.

A nosa industria entrará no plano de políticas activas que achegará a creación da Marca Galicia, no camiño a apertura internacional dos nosos sectores estratéxicos, aportando desde a nosa cultura e a nosa vangarda produtos e servizos nados no País.

As nosas industrias teñen no mercado da eurorrexión a maioría dos seus socios e “partners” comerciais, desde os poderes galegos, **impulsaremos a conectividade da zona económica, social e cultural que comprende a Galicia-Norte de Portugal,** establecendo as canles para alongar estas relacións a todo o Portugal continental e por continuidade aos mercados emerxentes que forman parte da comunidade da lusofonía.

Dentro da nosa política industrial temos que fixar as medidas concretas que acheguen as empresas ao noso territorio, de acordo con isto, daremos **un forte pulo ao establecemento de industrias da economía produtiva e sustentable na contorna do noso rural,** achegando os medios físicos, a través de cesións en alugueiro dos terreos, como financeiros, achegando excepcións fiscais e tributarias. A nosa aposta definida é no camiño de achegar industrias sustentables con alto contido tecnolóxico que acheguen un alto valor engadido no medio.

Neste eido, desde o goberno do galeguismo, temos claro a necesidade de intervención do sector público na economía, achegando medidas contra-cíclicas que axuden ao sostemento do noso tecido industrial. **Neste fío, teremos que traballar nas medidas precisas para a recuperación dos terreos industriais actualmente baleiros,** axudando a novos proxectos empresariais para a súa implantación nestes terreos.

Unha das medidas do noso goberno virá encamiñada a **dar o preciso impulso legislativo para achegar investimentos estranxeiros na nosa CCAA.** É fundamental que neste novo marco xurídico acheguemos os valores da sustentabilidade medioambiental e social como valor para as inversións na nosa terra.

Dentro da vertebración territorial do noso País; e xuntamente á dinamización de zonas deprimidas económica e demograficamente do noso rural; tanto interior como costeiro; temos que achegar unha **nova cultura ao empresariado baseada na cooperación e na creación de “joint ventures” que acheguen competitividade e sinerxías para o desempeño internacional da nosa economía.**

Unha das nosas políticas activas, irá encamiñada na diversificación do noso tecido industrial, que actualmente ten moita dependencia de **tres sectores que para nós seguen a ser estratéxicos, tanto polo seu tamaño, como pola internacionalización que conseguen da nosa economía: o da automoción, o téxtil e o mar-industria.**

Unha diversificación do noso tecido produtivo industrial, no que poremos especial fincapé nas áreas relacionadas co avellentamento da poboación, o deseño e as industrias culturais e o turismo de alta calidade e excelencia. Sectores con alta empregabilidade e un alto contido tecnolóxico e do coñecemento, que viran a nosa economía cara un modelo de sustentabilidade.

Na procura desta **diversificación da nosa industria, vital para afrontar os retos do futuro, estableceremos as liñas necesarias na potenciación das industrias da economía sustentable** e a todas aquelas actividades innovadoras vinculadas ao mar, o noso litoral e as actividades pesqueiras.

Achegaremos unha política inclusiva, onde a marca Galicia teña na lingua galega; como parte da nosa cultura e do noso saber estar no mundo; un elemento definitorio. **Promoveremos as medidas legislativas e os medios económicos para a promoción do emprego da lingua propia de Galicia na nosa industria.**



GALICIA UN PARAISO DA AUGA E DO VENTO: O TURISMO COMO FORZA PROPIA.

O TURISMO COMO FORZA TRACTORA DA SUSTENTABILIDADE E DA NOSA ECONOMÍA.

O turismo, como actividade económica, xera riqueza nos territorios ao tempo que acompaña de certas externalidades sobre o medio. Temos que chegar a un novo modelo económico e social que permita crecer á nosa sociedade dun xeito sustentable. **Galicia é un destino turístico mundial, onde os camiños de Santiago, achegan unha experiencia única para as e os peregrinos**, dentro da variada oferta turística mundial.

Tirar proveito das nosas potencialidades, ven á par de ofertar un **turismo de calidade e de excelencia, onde a marca Galicia e o noso gran legado cultural este presente dun xeito innovador e vangardista**. Desde o goberno do galeguismo, achegaremos as ferramentas para unha cooperación entre os sectores implicados no seu desenvolvemento.

Un dos nosos obxectivos mais profundos é achegar esta capacidade turística que temos xerado, **ofrecendo o alongamento da nosa oferta turística aos mercados mundiais, co obxectivo de impulsar a capacidade de xeración de riqueza e de emprego** que aporta o turismo. Xunto a isto, as **políticas turísticas serven de activación para os nosos territorios rurais**, afundidos nunha forte crise demográfica e económica.

O compromiso dos e das galeguistas é impulsar un modelo turístico integral baixo a priorización da activación do noso medio rural, apoiando o seu desenvolvemento sustentable e o seu crecemento económico que atraia e fixe poboación. Desde o goberno galego tomaremos as medidas para a posta en valor dos nosos recursos turísticos

As actividades turísticas son fundamentais para o noso desenvolvemento económico como país. Galicia amosa unhas enormes potencialidades como destino turístico de alta calidade, vinculado ao noso patrimonio histórico e artístico, á nosa natureza e paisaxe ou á nosa gastronomía. **Compre poñer en valor estas nosas potencialidades de forma decidida e inmediata**.

Fronte aos modelos de turismo de cidades, **o noso País, ten que promover unha grande oferta entorno a unha Galicia contemplada como unha grande metrópole mundial**. Cada vila, cada lugar, cada cidade, cada fraga, cada cantil ou cada praia é un entorno único que merece ser visitado.

Promoveremos a imaxe da marca Galicia a nivel internacional como destino de calidade e excelencia turística.

Levaremos o impulso da nosa acción de goberno ao Turismo Rural e ao eco-turismo, de cara a acadar unha **oferta integral de turismo e ocio por parte dos establecementos** deste tipo.

A nosa oferta turística de País ten que chegar a acordos coas operadoras dos mercados turísticos internacionais, desde os poderes públicos galegos guiados polas mulleres e homes de CxG, **coordinaremos cos axentes privados a incorporación da marca Galicia dentro das grandes rotas**

turísticas mundiais.

Aprobaremos os medios precisos para impulsar o sector do turismo de Galicia, apostando por un turismo de alta calidade, de respecto ao medio ambiente e a excelencia empresarial. Promoveremos a innovación nos establecementos turísticos, estreitando a relación entre os centros de investigación e formación e o sector.

Un turismo que precisa dun compromiso de País, para **achegar as rotas transatlánticas aos nosos portos, xa que na actualidade o turismo de cruceiros ten-se revelado como un sector emerxente**, e no que Galicia ten grandes potencialidades.

Dentro da **internacionalización da nosa oferta turística, temos que xogar un papel conxuntamente co norte de Portugal, como un dos mellores destinos de turismo cultural da Europa.** Os restos civilizacionais desde os castros da Mariña Lucense, até os restos romanos de Conimbriga dan conta dun pasado común, ao tempo que permiten ao observador ollar os nosos costumes e as nosas atávicas coincidencias culturais, resultado da convivencia milenaria de diversas civilizacións nos nosos territorios.

Outra importante estratexia, que faremos por facer conxuntamente co Norte de Portugal é achegar unha **rota internacional de enoturismo da Ribeira Sacra á ribeira do Douro**, potenciando un dos sectores do turismo mais emerxentes e que maior valor engadido achega na comunidade local.

Seguiremos pulando polo fortalecemento da nosa oferta de termalismo, Un sector no que temos como compromiso alargar a nosa **oferta termal para o touring termal e cultural para estancias medias** e vivindo experiencias diversas coas diversas augas do País.

Crearemos un **Consello para o Turismo de Galicia**, como órgano reitor onde estean representado tódolos axentes públicos e privados que actúan neste ámbito.

Fomentar o uso do galego no turismo, como marca identificativa de Galicia, ao tempo que achega unha visión internacional ao noso País.



POLÍTICAS CULTURAIS E LINGÜÍSTICAS: O NOSO SER NO MUNDO

A NOSA ESTRATEXIA DE PAIS, A NOSA CULTURA DE PAIS

A cultura galega conseguiu superar con relativo éxito o repto da súa modernización, grazas ao esforzo da propia sociedade galega e contando historicamente en moitas aspectos coa hostilidade do estado. Co acceso á autonomía política e administrativa facilitou-se un progreso moi importante cara á súa normalización; así e todo, aínda quedan importantes puntos nos que tomar accións e medidas, como por exemplo, no ámbito dos medios de comunicación. **No noso novo modelo económico e social o apoio desde os poderes públicos gobernados por CxG á cultura será un dos nosos eixos fundamentais na acción de goberno.**

Cómpre, alén do mais, **afrontar os novos desafíos asociados coa irrupción das novas tecnoloxías e a globalización.**

Desde o goberno galego de CxG redefiniremos as políticas públicas, da gobernanza da política cultural, xa que é urxente nun contexto de grave crise económica e de severa limitación dos orzamentos públicos. Tradicionalmente, a Xunta de Galicia e o resto das institucións públicas mantiveron unha política de subvencións á actividade cultural falta de transparencia, sen criterios obxectivos, carente de visión estratéxica, guiada por criterios de rendibilización política no curto prazo ou de clientelismo partidista.

A cultura posúe un poderoso potencial para incrementar o valor doutros produtos e sectores da economía, aportando un alto valor engadido á nosa economía. Achega valores a unha multitude de ámbitos, incrementando a nosa capacidade de atracción para os mercados exteriores. **Compromiso por Galicia aposta decididamente na cultura como un investimento altamente rendible que é.** A cultura engade valor canto mellora da calidade de vida e canto factor para o desenvolvemento.

O goberno de CxG traerá consigo a **recuperación da Consellería de Cultura, un asunto estratéxico para unha cultura como a nosa.** A súa eliminación respondeu a un propósito destrutivo consciente contra a cultura galega.

As políticas do goberno galego de CxG, en materia cultural, terán unha orientación, prioritariamente, cara a dotar aos nosos produtos culturais dunha maior visibilidade e a reforzar as redes de distribución e facilitar o acceso e a participación dos diferentes públicos.

A cultura, como manifestación dinámica do coñecemento e a experiencia vai a estar presente en todos os plans estratéxicos sectoriais que iluminen o noso modelo económico e social, como proxecto de país.

O noso País ten de retomar a súa posición no mundo, perdida desde unha perspectiva máis mediterránea que ten a cultura no Reino da España. Neste sentido **torna, para CxG, indubidablemente preciso a procura do nexo que proporcionan as comunidades galegas no exterior.**

Como fundamento para unha maior relevancia da nosa industria cultural, e xunto dunha visibilidade

maior da internacionalidade da lingua e da cultura galegas, levaremos para adiante a lei aprobada no Parlamento galego, cos recursos orzamentarios precisos, e que xurdiu da iniciativa legislativa popular Valentín Paz-Andrade.

A nosa acción estratéxica e o noso compromiso é a restitución da cultura como valor central do desenvolvemento humano, persoal e comunitario, como forza de cohesión social, e como instrumento de mellora da calidade de vida e o benestar. Unha estratexia que é chave para a consolidación e difusión da marca cultural galega e para visibilizarnos no ámbito internacional, converténdoa nun identificador de Galicia e os seus produtos.

Crearemos o Fondo Cultural Galego, cumprindo dunha vez por todas o mandato estatutario que figura no art. 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, implementándoo de acordo ás novas circunstancias e aos novos tempos. Isto, finalmente, significará blindar un fondo mínimo para a cultura, evitando o tradicional espolio económico ao que se somete.

Estableceremos desde o noso compromiso galeguista a Casa das Fundacións Culturais como un centro de xestión e coordinación das fundacións culturais galegas que non producen fondos en cantidade suficiente para o seu funcionamento normal. É urxente racionalizar o mapa das fundacións culturais.

Unha das consecuencias das malas políticas e da mala xestión de gobernos anteriores ten como mostra a Cidade da Cultura de Galicia. **E preciso que desde CxG tomemos a iniciativa para achegar o consenso preciso para a elaboración polo Parlamento galego dun Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia.**

Neste plano estratéxico para a Cidade da Cultura de Galicia, un dos fundamentos é a **transformación da Biblioteca de Galicia nunha efectiva Biblioteca Nacional e restaurar o Arquivo de Galicia** na súa plena autonomía.

Desde CxG achegaremos o marco legislativo e as medidas financeiras precisas para o **fomento das políticas positivas para a promoción, dinamización e enriquecemento da identidade propia, revalorizando o noso rico patrimonio artístico, histórico e monumental así como a nosa lingua e a nosa produción cultural.**

Apostaremos fondamente pola **democracia cultural como garantía de acceso aos bens culturais e do protagonismo e a participación activa da cidadanía** na cultura.

È preciso que cheguemos a un **acordo de País sobre** a racionalización das accións culturais mediante a planificación, a avaliación e o seguimento das actuacións, e o rendemento público de contas. È imprescindible mellorar **a transparencia e efectividade das axudas públicas ao sector,** superando os vicios do favoritismo, a arbitrariedade e a opacidade.

Levaremos ao Parlamento galego a necesidade do reforzamento do Consello da Cultura Galega no seu papel de organismo de estudo e análise, asesoramento, diálogo e participación interesectorial e avaliación, como organismo público independente do goberno e representativo das institucións culturais,

Desde **CxG creemos necesario que Galicia conte con unha Escola Superior de Danza** pública e institucional que sirva de complemento as artes escénicas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Revisaremos o estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e das unidades de produción actualmente dependentes dela. Alén diso, e co fin de que a nosa acción política institucional sexa realmente efectiva, dotaremos de autonomía xurídica e orzamentaria ás dúas unidades de produción pública: o Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego.

Fomentaremos a difusión do audiovisual galego, sobre todo longametraxes, no circuíto convencional de salas, tanto comerciais como alternativas: municipais, institucionais. Elaboración dun programa de accións promocionais cara ao exterior do audiovisual propio en colaboración coas empresas produtoras e os creadores.

AS EMPRESAS CULTURAIS: MOTOR PARA A VANGARDA, MOTOR PARA A TRADICIÓN

A cultura é motor económico fundamental para a extensión dun 4º sector da economía no noso País. As empresas culturais, coa axuda das novas tecnoloxías, poden achegar desde a cultura empresarial do coñecemento unha oportunidade para achegar a Galicia a noso novo modelo económico e social. **As empresas culturais achegan alto valor engadido nos seus produtos e servizos e dan traslado á economía real aos recursos da nosa sociedade en capital e recursos humanos.**

Desde a **promoción das empresas culturais con políticas de apoio ás iniciativas empresariais,** os incentivos á xeración de empresas deben ser continuados ata a consolidación destas. Temos sempre que ir procurando tamén altos niveis de formación e cualificación profesional e empresarial a través de programas de acompañamento destas iniciativas.

O goberno de CxG vertebrará a cooperación entre as empresas culturais mediante clústers sectoriais ou intersectoriais. Cómpre mellorar a articulación do tecido económico da cultura, pois o sector produtivo está baseado en empresas e micro-empresas que favorecen a versatilidade, pero tamén se ven pexadas por limitacións para afrontar grandes proxectos. **O noso compromiso está en fomentar a cooperación empresarial para atinxir economías de escala que permitan afrontar iniciativas de certo calado.**

Este compromiso ten que vir da man da realización dunha análise dos públicos para definir mellor a oferta de bens culturais e establecer estratexias de fidelización e ampliación. Boa parte da sociedade galega permanece allea á mellor produción cultural, por tanto, debemos definir estratexias para favorecer o acceso do conxunto da cidadanía e estimular o consumo cultural e a participación cidadá en proxectos culturais.

O goberno galeguista achegara os fondos precisos para implicar ao sistema galego de I+D+i na transformación das industrias culturais existentes nun piar das novas industrias da creatividade e o coñecemento. Neste sentido levaremos o acompañamento desde o goberno galego, do cambio de modelo de negocio de moitas empresas culturais, de xeito que o dixital se converta nunha plataforma para a súa proxección e o aumento do público.

Temos en conta, como futuro goberno galego, a promoción da produción cultural propia e a súa exportación como valor intanxible para Galicia no contexto da globalización. **A produción empresarial cultural temos que torna-la nun activo de identificación para os produtos galegos de calidade.** O goberno galego debe deseñar unha estratexia para proxectar a imaxe de Galicia no mundo, baseada nun amplo consenso interno e orientada á súa internacionalización.

Chegou a hora de que nós, as e os galeguistas, desde o goberno galego, aproveitemos os vencellos con outras culturas do exterior e coa comunidade galega no exterior para mellorar a conectividade como liña estratéxica da cultura galega principalmente coas comunidades galegas no exterior e sen

dúbida coa comunidade de PALOP'S e toda a lusofonía, o mundo céltico, comunidades culturais menores ou a Latinoamérica. **Artellaremos unha plataforma de proxección cultural cara ao exterior.**

O galeguismo de CxG achega unha fiestra de oportunidade para a nosa cultura e para as nosas aventuras empresariais no mundo, procurando un **estreitamento profundo das relacións con Portugal, como noso veciño no sur e ponte cara toda a lusofonía e particularmente co Brasil como economía emerxente.**

O noso impulso ao **modelo de xestión da acción cultural no exterior está baseado na coordinación e na integración** a partir de plataformas con acompañamento das administracións mais nun encadramento independente dos poderes públicos.

Os nosos obxectivos para a promoción e o desenvolvemento dun 4º sector potente na nosa economía virán da man da definición e activación dun **plan dixital para a cultura galega** cunha axenda anticipadora, que permita situar a cultura galega na vangarda das novidades tecnolóxicas. Débense ampliar os espazos existentes na rede, e crear outros novos, para ofrecer dispoñibilidade sobre o patrimonio e a creación cultural galegas. Levaremos o aproveitamento da potencialidade das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) para ampliar o acceso á cultura e a ampliación de públicos.

Consideramos ao sector do libro como parte da industria cultural de relevancia estratéxica para Galicia, segundo se recolle no Preámbulo e no artigo nº 2 da Lei 17/2006 do Libro e da Lectura. Recollendo a proposta da Asociación Galega de Editores, impulsaremos a **elaboración dun Plan Estratéxico para o desenvolvemento do libro en Galicia e a creación dunha liña específica de axudas a través da Consellaría de Economía e Industria** para a renovación tecnolóxica das empresas editoriais, a dixitalización de contidos, a formación do seu persoal e a promoción comercial dos seus produtos.

O traballo realizado pola industria editorial galega veu contribuíndo ao **mantemento da diversidade cultural, unha responsabilidade das institucións públicas tal como se recolle na Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural.** O libro galego contribúe a manter ese espazo de centralidade que ten e debe ter a cultura, como recoñeceu o Consello de Europa, que considera a cultura como "alma da democracia". O conxunto das empresas do sector están enfrontando enormes dificultades nesta conxuntura económica, que mingua a demanda e o consumo, con reducións das vendas dalgunhas liñas de produto de ata o 40% nas canles finais de comercialización.

A nosa proposta de goberno inclúe a elaboración e posta en marcha dun plan de apoio á rede de librarías e a creación do Bono Cultura, instrumento de apoio ao consumo cultural e á dinamización das canles de comercialización de produtos culturais. Como mostra a experiencia levada a cabo noutros lugares, o bono cultura incrementa a visibilidade dos produtos culturais, estimula o seu consumo e beneficia ao pequeno e mediano comercio.

Estableceremos unha comisión de traballo intersectorial: profesorado, editoras, expertos e administracións públicas que aborde todos os aspectos relacionados coa **producción do libro educativo dixital.**

Levaremos a iniciativa na posta en funcionamento dun **sistema áxil de adquisición periódica de novidades editoriais en galego destinadas ás bibliotecas públicas de Galicia.** Habilitaremos para isto unha partida orzamentaria para garantir e actualizar periodicamente a adquisición de novidades editoriais en galego destinadas a bibliotecas públicas.

O goberno galeguista ampliará e mellorará a rede bibliotecaria en colaboración coas entidades locais e co Ministerio de Cultura, en base a un proxecto global, fomentando as actividades de promoción do libro

galego nas bibliotecas públicas contando coa colaboración das empresas editoras e das asociacións de creadores. **Desenvolveremos unha rede de bibliotecas escolares e de aula en todos os centros educativos non universitarios sen exclusións e fomentaremos a creación de bibliotecas familiares.**

Temos elaborado un plan plurianual de tradución ao galego de obras relevantes da literatura internacional. Á beira deste plan, crearemos unha **Oficina de promoción internacional da literatura e do libro galego.** Esta entidade, dependente da Consellaría de Cultura, encargaráse da difusión das axudas á tradución de obras publicadas en galego a outras linguas, de organizar a dar presenza institucional nas feiras internacionais do libro e do espallamento a través da rede do libro e a literatura galega.

Creación dunha sección das industrias culturais dentro da estrutura do Instituto Galego de Promoción Exterior. O noso obxectivo é o estudo da promoción da exportación do libro e outras industrias culturais galegas.

POLÍTICAS PARA UNHA LINGUA MINORADA: O GALEGO LINGUA DO PAIS, O GALEGO LINGUA DO MUNDO.

É esta unha materia que urxe para o noso compromiso para con o País e a súa xente. O goberno dos e das galeguistas, vai recuperar o compromiso do goberno galego nas políticas de defensa e promoción da lingua, traeremos de volta o consenso que presidiu a elaboración e aprobación do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en 2004. Neste Plan séntanse as bases para unha política proactiva, abranxente e transversal de recuperación e impulso ao idioma galego. Aínda que o sistema educativo debe ter un papel central nesa política, non se pode cargar nel todo o peso da responsabilidade, senón que se debe poñer a énfase noutros sectores: a prioridade debe ser a recuperación do galego entre a mocidade e o incremento da súa presenza nos medios de comunicación, as actividades e produtos de lecer.

Achegaremos desde o goberno galego un plano de impulso do uso do galego no sector empresarial e industrial, así como na xustiza; sectores nos que o galego ten actualmente uns usos moito minorizados. Un dos eidos de actuacións activas de fomento do uso e do emprego do galego, como eixo central da nosa política a prol da lingua será achegar ao ámbito empresarial e ao ámbito xurídico, as medidas políticas precisas para devolver o galego a estes eidos.

Na normalización dos usos da nosa lingua achegamos tamén o **inescusable fomento da dobraxe de cine comercial de calidade e das estreas de cine.** Ao tempo, tamén fomentaremos a **estrea en versión orixinal con lendaxe en galego.** Temos que promocionar, desde o goberno galego, conxuntamente coas empresas do cinema doméstico, a introdución da dobraxe en galego entre os idiomas que ofertan.

Desde Compromiso por Galicia coidamos imprescindible adoptar as seguintes **medidas de goberno para unha política lingüística aberta e integradora,** que inclúe a elaboración dun plan plurianual de actuacións integradas nos distintos sectores, seguindo as directrices do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, e primando os sectores de mocidade, medios de comunicación e lecer e económico-laboral. Reestruturaremos e reforzaremos a Rede para a Normalización da Lingua Galega.

O goberno galeguista levará a conversión do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades nun centro de apoio á Secretaría Xeral de Política Lingüística, en particular nas áreas de análise da situación social da lingua galega, de creación de recursos aplicados á normalización da lingua galega e de elaboración e difusión de terminoloxías, en colaboración co Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega.

Crearemos un ente independente en defensa da lingua galega, ante o desleixo actual da Real Academia Galega na defensa do idioma. Desde Compromiso por Galicia entendemos a necesidade de ter institucións fortes de autogoberno, tamén no cultural. Unha Oficina en defensa da lingua dinámica e operativa para os retos do futuro.

Crearemos unha rede de centros de estudos galegos no exterior, racionalizando os recursos destinados a subvencionalos, dotándoos dunha unidade de apoio e dunha dirección académica, autónoma da administración.

Temos elaborado un **proxecto de lei de promoción do idioma galego no ensino** a partir do Plan Xeral pola Normalización, coa finalidade de asegurar que o alumnado remate os seus estudos obrigatorios con plena competencia nas dúas linguas oficiais, tal como prevé a Lei de Normalización Lingüística, xuntamente coa implantación de liñas de galego en Educación Infantil que posibiliten un ensino na nosa lingua nos primeiros anos de escolarización.

Procuraremos o consenso cos sectores implicados para a **implantación progresiva dos Programas Integrados de Linguas**, única vía efectiva de que o alumnado aprenda a lingua propia e desde ela adquira outras linguas. Comezaremos o camiño na “multiglosia consciente” nos centros educativos; facendo visibles aos idiomas de uso próximo: galego, portugués e español.

Faremos un chamado a Real Academia Galega e ao Consello da Cultura Galega para que atendan unha vía de internacionalización das falas do galego, pularemos por unha normativa galega universalista.

Desde a nosa acción de goberno fomentaremos, desde a administración pública, a elaboración de recursos didácticos, actualizados e de calidade, para impartir aulas en galego, e de **recursos para a súa aprendizaxe por parte do alumnado estranxeiro e do que ten necesidades educativas especiais**.

Dotaremos ao Programa educativo Abalar de materiais en galego, para que non fiquen abeirados nas novas tecnoloxías tal e como está a acontecer.

Xunto do noso novo modelo económico e social pularemos con afouteza na **recuperación do programa educativo “Preescolar na casa” e reforzaremos as escolas rurais, cunha adecuada dotación de recursos TIC en galego**.

O PORTUGUÉS; UNHA ESTRATEXIA INTERNACIONAL PARA O GALEGO.

Desde vello é que é unha das premisas do galeguismo: **“o galego floresce en Portugal”**. Este sempre foi un achegamento enriquecedor a Portugal, tanto no cultural, como desde unha perspectiva da historia ou unha perspectiva de apertura de novos mercados.

Desde os poderes públicos galegos dirixidos pola nosa acción política, de acordo á lei 1/2014, promoveremos o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas para afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa. Estas relacións teñen un fondo carácter estratéxico para Galicia, tanto no económico como no social, nun marco que corresponde mais aló da Eurorrexión, levando ao seu alongamento a todo Portugal.

Neste sentido dotaremos de orzamento e dos medios necesarios para o cumprimento da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, aprobada no Parlamento de Galicia.

Introdución do Portugués como segunda lingua curricular en todos os centros de ensino dependentes da Xunta, co obxectivo de potenciar o coñecemento do galego como porta aberta ao portugués, que tantas saídas laborais e económicas vai ofrecer nos vindeiros anos.

Vixiaremos a aceptación da diversidade ortográfica actual do galego, nas diversas versións RAG, AGAL e padrão, pulando por medidas que acheguen en dereitos aos utentes das diversas opcións.

O galego é lingua internacional, os e as galeguistas de CxG, recollendo os traballos dos primeiros galeguistas achegaremos as medidas políticas e sociais no sentido de achegar os usos e formas da nosa lingua á comunidade lingüística formada polos países da Lusofonía. **O goberno galego de CxG dará os impulsos precisos para a inclusión da Galicia como país oficialmente integrante da Comunidade de Países de lingua portuguesa (CPLP).**

A Xunta de Galicia gobernada polas xentes galeguistas, promoverá e estimulará ante o goberno do estado e as institucións comunitarias precisas, a adopción de cantas medidas positivas resulten necesarias para a **aplicación das disposicións da Directiva 2007/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de servizos de medios audiovisuais sen fronteiras, co fin de favorecer e permitir a reciprocidade das emisións televisivas e radiofónicas entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a República de Portugal, coa que partillamos patrimonio lingüístico.**

O noso compromiso estará na creación dunha terceira canle de TVG, con contidos infantís e xuvenil e en horario adulto contidos culturais; con preferencia ás producións propias do espazo da lusofonía.



O NOSO MAR: GALICIA UN PAIS MODERNIZANDO O SEU MAR

GALICIA: UN PAIS QUE É ATLÁNTICO E QUE É DO MAR. GALICIA É IMPORTANTE.

Galicia nace, vive e morre no mar. O noso atlantismo sitúanos no mundo, abertos a camiñar polos mares, desde a posición atlántica da Galicia, como centro do océano que somos.

O sector do mar, que dá vida a todas as vilas do noso litoral costeiro constitúe un sinal da nosa identidade e un referente turístico e gastronómico de primeira orde. **O novo modelo económico e social dos homes e mulleres de Compromiso por Galicia é consciente de que en poucos países como en Galicia, as actividades relacionadas coa pesca, o marisqueo e a acuicultura teñen tanta significación socio-económica.**

Estas actividades ademais son a base sobre a que se ergue unha chea de empresas transformadoras e fornecedoras de medios produtivos para o sector que teñen un efecto multiplicador na economía e no emprego.


Todo isto fai de Galicia unha potencia mundial da pesca.

O sector do mar, caracterízase por ter un **grande efecto sobre o nivel do emprego no país. Esta realidade débese a que, en Galicia, o factor humano sumouse ao factor natural para acadar unha explotación sostible e social do mar.** Así, contamos cun medio ambiente privilexiado que tradicionalmente ven sendo explotado por unha ampla base social mediante actividades de captura maioritariamente artesanais de pesca de artes menores e de marisqueo e unha acuicultura extensiva, principalmente o cultivo de mexillón en batea.

As distintas modalidades de pesca: baixura, altura e grande altura; teñen unha forte relevancia na nosa economía. Sen embargo, esta importancia extensible a tódalas actividades pesqueiras non coincide coas competencias que a Xunta de Galicia posúe na materia. Así, ditas competencias están basicamente centradas nas augas interiores, nomeadamente nas rías. Ao igual que no sector agrario, boa parte da regulación das actividades pesqueiras e marisqueiras proceden da UE. **O goberno galego de CxG entende a necesidade de levar directamente ás institucións europeas as políticas que afectan a este sector clave da nosa economía,** e que representa o 50% do sector do Reino da España.

COIDADO E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE E DA NOSA CULTURA: SANEAMENTO INTEGRAL DAS RÍAS E PESCA ARTESANAL

A evolución demográfica negativa e a inversión da pirámide de poboación son consecuencia de políticas erradas e mesmo da propia ausencia de políticas por parte dos sucesivos gobernos, deixando ao noso País na peor das crises demográficas dos últimos séculos. Está crise de claro reflexo no rural do interior, ten tamén o seu espello no rural do noso litoral, onde tamén afrontamos as mais das problemáticas recorrentes do noso rural interior.



Achegaremos o mundo urbano e o mundo rural xa que esta é unha necesidade de urxencia para o futuro da existencia de Galicia como país Atlántico. A nosa concepción de Galicia é a dunha grande metrópole mundial sustentable, no marco dun novo modelo económico e social para o País

A pesca artesanal, o marisqueo e a acuicultura extensiva realízanse en augas interiores; principalmente nas rías e está é unha competencia exclusiva da CCAA galega. A calidade e a riqueza dos nosos peixes e mariscos de baixura é directamente dependente do bo estado das augas. Coñecedores da problemática que existe no país sobre o tratamento das augas residuais, ***o goberno galego dos e das comprometidas destinará os medios orzamentarios necesarios para a correcta xestión e saneamento das nosas rías. Todo dentro do marco do noso Plan de Investimento Verde de Galicia*** onde temos fixadas partidas propias para este concepto.

Dentro no novo modelo económico e social para o País, que Compromiso por Galicia ten deseñado para o noso País, ***temos que asumiren a xestión dos encoros dentro do marco lexislativo das bacías xestionadas pola Xunta, dentro dunha Nova Cultura da Auga para poder ter en conta aos bancos marisqueiros situados augas abaixo.***

Daremos fin desde o goberno galego de CxG a actual localización de industrias contaminantes que poñen en risco o medio natural e as actividades de pesca artesanal, marisqueo e acuicultura extensiva galegas: o complexo ENCE na ría de Pontevedra, os depósitos de almacenamento de hidrocarburos na ría de Arousa e as gaiolas de salmón na ría de Muros-Noia.

A ***priorización da pesca artesanal*** será unha das medidas do noso goberno, encamiñada a dar valor engadido a esta actividade humana respectuosa co medio ambiente.

A mellora da calidade de vida no rural e a xeración de riqueza e emprego ligada ao territorio son eixos fundamentais e transversais para toda a nosa acción de goberno.

Compromiso por Galicia aposta por un novo modelo económico e social que asenta poboación nas zonas costeiras rurais e produce alimento de calidade para consumo humano. ***O goberno dos galeguistas apostará decididamente pola pesca artesanal declarando a mesma actividade de interese público.***

A pesca artesanal, alén do mais, ten unha función cultural e de asentamento de poboación en lugares alonxados respecto dos centros urbanos. Promovemos con esta declaración de actividade de interese público unha ***asposta certa para que o medio rural costeiro fique a ser un elemento vital no futuro de Galicia.***

O goberno das e dos galeguistas levará ás institucións competentes, tanto no estado español como na UE, a necesidade de que a pesca artesanal debe estar exenta do sistema de TAC´s e cotas por empregar artes pasivas e selectivas.

Poremos, como medida fiscal, unha taxa sobre os faros á flota de lecer e de recreo.

Aplicaremos as medidas precisas na loita contra o furtivismo, axudando a defender sistemas de traballo tradicional como son os cultivos mariños en area para marisqueo artesanal a pé ou en barco.

Dignificaremos as condicións laborais das e dos traballadores do mar, solicitaremos o traspaso das competencias do Instituto Social da Mariña, un eixo que ten que ser prioritario no vindeiro período de sesións do Parlamento.

O noso esforzo de goberno estará na rexeneración de zonas marisqueiras de baixo rendemento e a recuperación de zonas improditivas. ***Demandaremos para isto a produción e subministro de semente autóctona*** e reclamaremos que se evite a introdución e dispersión de patóxenos e especies foráneas

No marco dunha Nova Cultura da Auga ***o goberno do galeguismo vixiará e controlará unha boa calidade das augas para os nosos recursos***, achegando os medios necesarios.

Así o ***goberno das e dos galeguistas porá a disposición dos sectores produtivos os recursos necesarios que permitan coñecer as causas e atopar solucións para atallar as marés vermellas.***

A PESCA ARTESANAL DE BAIXURA E O MARISQUEO MOTOR ECONÓMICO SUSTENTABLE.


O goberno dirixido polas mulleres e polos homes de CxG apoiará no institucional e no financeiro ás iniciativas de desenvolvemento de circuitos comerciais curtos, alongando os canais de venda directa, as cooperativas de consumidores e produtores ou os mercados de proximidade. Poremos en marcha medidas específicas de ***apoio aos circuitos curtos de comercialización levando á recuperación e á modernización de mercados locais***, apoiando tamén a outras fórmulas que permitan un contacto directo entre produtores e consumidores.

O estímulo destas liñas de comercialización que aseguren unha adecuada presenza dos nosos produtos nos mercados locais e no galego en xeral, non impiden a ***aposta pola internacionalización das nosas marcas de calidade e as nosas empresas*** facilitando a súa penetración en mercados foráneos.

Faremos un marco normativo de apoio á identificación diferenciada do produto autóctono, achegando esta demanda ás institucións competentes dentro do deseño e impulso institucional do proxecto de marca Galicia. A través do goberno galego de CxG apostamos fortemente na necesidade de ir aportando un valor adicional baseado na imaxe corporativa das propias zonas de extracción, ao tempo que temos que ir sometendo a un forte control os métodos de produción e a calidade final dos produtos feitos en Galicia.

Os produtos galegos teñen que ser referencia mundial de máxima calidade, ao tempo que transmisores dos nosos valores de tradición e á vez que fonte de modernidade.

A única posibilidade de poder manterse e competir nun mercado cada vez mais globalizado é aportando produtos de calidade, con personalidade propia e diferenciados, froito de métodos extractivos sostibles e que acheguen garantía de salubridade.



O goberno galego de CxG levará ao Parlamento ***unha lei para esixir o etiquetado que identifique a calidade e orixe dos produtos locais no marco da creación da marca Galicia***, xa que así se reforza os sectores locais, tanto produtores, como elaboradores e transformadores para que manteñan emprego e xeren riqueza no noso territorio.

Igualmente, en apoio a esta medida de identificación dos produtos autóctonos, desde o goberno da Xunta dirixido polo noso compromiso, ***impulsaremos un sistema de control sobre as importacións de moluscos de terceiros países que sexa exhaustivo***, esixindo o cumprimento dos mesmos niveis sanitarios de biotoxinas, microbiolóxicos, de contaminantes e de calidade comercial no produto e nos procesos que os que se aplican na UE.

Dentro das competencias do goberno galego e na vontade das xentes de CxG está ***fomentar o consumo de produtos do mar galegos, frescos, elaborados e transformados que teñan vinculación coas nosas xentes e co noso mar***.

Defenderemos unha tributación máis xusta para as actividades pesqueira e marisqueira artesanais; ***instaremos a aplicación do IVE superreducido para peixes e mariscos procedentes das artes tradicionais***.

SOMOS POTENCIA: A MITICULTURA GALEGA


A acuicultura galega é sinónimo de cultivo de mexillón. As 250.000 tn de mexillón que se colleitan anualmente nas nosas bateas supoñen o 95% de toda a acuicultura de Galicia. ***A miticultura galega está baseada nun modelo propio de produción extensiva, amigable co medio ambiente e con marcada significación socio-económica e inclusive paisaxística***. Unhas 2400 familias están directamente implicadas nesta actividade, que ten un importante efecto multiplicador na economía e no emprego local ***xerando perto de 13.000 postos de traballo directos e indirectos no País***,

A súa sostibilidade ambiental débese a que se cultiva un organismo autóctono situado no primeiro elo da cadea alimentaria, o que permite un aproveitamento óptimo dos recursos naturais renovables. Ademais é unha forma de produción de alimentos con baixa pegada de carbono. A calidade e singularidade da nosa produción, resultado da suma dos factores ambientais e humanos, ***ten sido recoñecida polas institucións europeas coa primeira Denominación de Orixe Protexida outorgada a un produto do mar***.

Como goberno comprometido co País e coa súa xente levaremos acabo unha verdadeira política de defensa da acuicultura galega, fundamentándonos no principio de ***protexer e fomentar a auténtica acuicultura galega que é a miticultura***, garantindo un medio ambiente de calidade

A nosa acción política irá no camiño de garantir e fomentar o correcto etiquetado de todos os produtos de mexillón. ***Poremos as medidas oportunas para perseguir e castigar con contundencia a fraude aos consumidores***.

A nosa obriga como goberno que defende os intereses dos e das galegas estará na elaboración dun marco normativo que obrigue a indicar a orixe e a especie nas conservas e nos elaborados do mar.



Desde o goberno galego asumiremos un **forte compromiso coa DOP Mexillón de Galicia, xa que defende tanto ao mexillón cultivado en Galicia como a quen o produce, elabora e transforma neste territorio, sendo garantía de progreso, benestar e arraigo territorial.**

Afondando neste eido, unha das nosas medidas estará en **dar os apoios precisos para a investigación e innovación desde o propio sector**; para avanzar en procesos, produtos e modelos de xestión sostibles.

INTERLOCUCIÓN NOS DIVERSOS NIVEIS COMPETENCIAS QUE AFECTAN ÁS NOSAS FROTAS

Estamos comprometidos en que se estableza o Rendemento Máximo Sostible (RMS) para cada especie porque evitaremos o esgotamento do recurso e promovemos unha pesca sostible dentro do novo modelo económico e social que o galeguismo ten para con Galicia. Os problemas xorden cando o goberno central español reparte a cota entre as diversas CCAA discriminando politicamente a Galicia, que non está presente nas negociacións con voz e autonomía propias.

É preciso e urxente que o estado español e a Xunta de Galicia actúen para mudar o criterio de reparto das cotas pesqueiras na UE, que se realiza en base ao mal chamado “principio” de Estabilidade Relativa (PER) e que discrimina sinaladamente a Galicia, en boa medida pola falla de forzas políticas propias que representen os nosos intereses de País nestas negociacións.

O inxusto reparto de cotas na UE vese agravado polos criterios de distribución do goberno do Reino da España, que premia de xeito discriminatorio aos buques que máis pescaron nos últimos anos nas augas do caladoiro Cantábrico-Noroeste. **É necesario que se faga un reparto xusto da cota que lle toca ao estado español, atendendo ao tamaño da flota de cada comunidade autónoma e maioritariamente a criterios socio-económicos.**

A pesca artesanal estase vendo especialmente prexudicada pola aplicación do sistema de TAC´s e cotas, que se agrava coas capturas accidentais, que deben quedar excluídas do sistema. **Esta pesca artesanal é a que máis se reduce tanto en empregos como en buques. E isto resulta especialmente preocupante porque se está desmantelando xustamente a pesca que se recoñece como máis sostible, tanto para o medio natural como para a sociedade.**

No reparto da cota **o goberno galego de CxG vai garantir a actividade**, atendendo ao tamaño da flota de cada CCAA e a criterios socio-económicos, **imos perseguir a viabilidade do barco e dos tripulantes, cun reparto máis xusto e equitativo.**

Axiremos politicamente nas institucións europeas contra da prohibición da pesca co arte do xeito, unha arte tradicional galega que está regulada no decreto de artes de Galicia por levar usándose desde moitos anos nas nosas rías. Unha prohibición feita sen ter en conta o escaso impacto desta pesqueira no recurso da sardiña.



MEDIO RURAL: GALICIA UN PAIS MODERNIZANDO O SEU RURAL. GALICIA É IMPORTANTE

GALICIA: UNHA GRANDE METRÓPOLE MUNDIAL SUSTENTABLE

As persoas que temos o noso compromiso social e político no galeguismo, no progresismo, na socialdemocracia e no europeísmo que representa CxG, consideramos de xeito unívoco que **o medio rural é un elemento vital no futuro de Galicia** e que xoga un papel de actor principal dentro do novo modelo económico e político que desde o goberno galego levaremos a cabo. Non concibimos este país sen un medio rural dinámico e estruturado, polo que compre evitar os factores que nos últimos tempos teñen levado a un despoboamento sen precedentes de todo o País en xeral, e do rural en particular.

A evolución demográfica negativa e a inversión da pirámide de poboación son consecuencia de políticas erradas e mesmo da propia ausencia de políticas por parte dos sucesivos gobernos, deixando ao noso País na peor das crises demográficas dos últimos séculos. Unha crise demográfica que arrastra un forte despoboamento do noso País, e do rural en particular, e que ocasiona o abandono das actividades económicas locais; tanto no sector primario, como na pequena industria local, artesanía, comercio, construción ou no sector servizos.

A consecuencia inmediata é o abandono dos terreos agrícolas e forestais, a desertización da paisaxe e a ruína de aldeas e lugares enteiros, completamente desleixados e que van sendo devorados pola broza. **Miles de hectáreas potencialmente produtoras de riqueza e emprego están hoxe a monte**, convertidas en silveiras, toxeirás, xesteiras ou invadidas por plantas invasoras, **sendo finalmente arrasadas periodicamente pola praga dos incendios forestais**.

Resulta imprescindible frear este proceso de autodestrución e éxodo masivo. **Compre revalorizar e dignificar a actividade agraria e revitalizar a economía rural no seu conxunto**.

Compre dotar das infraestruturas e servizos necesarios ao medio rural para que este proceso de desertización torne en reversible. A dotación de abastecementos de auga e saneamento, electricidade, telefonía e redes de datos teñen que permitir unha equiparación co medio urbano. O acceso aos servizos públicos, sanidade, educación, garderías, dependencia e atención aos nosos maiores, non debe obrigar a un éxodo interminable as grandes vilas e cidades.

Galicia ten que ser entendida como unha grande metrópole mundial sustentable, onde entre os diferentes centros conurbanos existentes; principalmente as áreas urbanas do eixo Vigo-A Coruña; estende-se toda unha serie de núcleos poboacionais que temos que interconectar en rede economicamente e socialmente. **Esta conexión entre o mundo urbano e o mundo rural tense tornado, desde a visión dos homes e mulleres de CxG, nunha necesidade de urxencia para o futuro da existencia de Galicia no mundo**.

A mellora da calidade de vida no rural e a xeración de riqueza e emprego ligada ao territorio son eixos fundamentais e transversais para toda a nosa acción de goberno.

Nesta liña de achegar un futuro sustentábel social, medioambiental e economicamente para a Galicia rural esta a **posta en valor das vantaxes comparativas para a obtención de produtos agroalimentarios e forestais de calidade**.

Unha das medidas mais urxentes e que tomaríamos ***dentro dos nosos primeiros 100 días de goberno e a recuperación das superficies infrautilizadas ou abandonadas*** para reducir a dependencia de insumos a través da nosa iniciativa lexislativa.

Levaremos unha transformación industrial da produción agrícola, gandeira e forestal que permita ***pechar os ciclos produtivos e xerar valor engadido no propio territorio.***

A ***produción de enerxía a través de biomasa e de biogás*** a través dos propios residuos agrogandeiros e forestais, que permitan a optimización do aproveitamento do espazo e dos recursos dispoñibles sinala o camiño para unha ***economía apoiada na autosuficiencia enerxética*** e nun modelo sustentabilidade social e medioambiental e encaixa totalmente dentro do modelo económico e social que desde CxG propoñemos para o País.

En definitiva, xeración de emprego mediante o aproveitamento económico do mundo rural mediante a consecución de rendas dignas para actividade agraria achegando a ***implantación de actividades e empresas con un maior valor engadido na economía*** e á dinamización do tecido socioeconómico local.

O RURAL, PRIORIDADE PARA O FUTURO, TRANSMISOR DO PASADO.

A pesar dos múltiples condicionantes externos, ***o goberno galego dispón de marxe para aplicar políticas propias e autónomas que senten as bases dun modelo de desenvolvemento agrario e rural adaptado ás necesidades do país***, polo que se fai preciso o exercicio efectivo das nosas competencias para definir e levar a cabo ás políticas nesta materia.

De forma inequívoca, desde o goberno galego debe establecerse o marco normativo axeitado, e facilitar o apoio técnico, económico e financeiro ás explotacións agrarias de Galicia. Unha das principais políticas para achegar un ***futuro sustentable ao noso rural reside en facilitar o relevo xeracional na xestión das explotacións.***


Inxerida nesta liña de achegar un futuro sustentable para o rural galego, imos a establecer medidas que permitan o ***acceso real das mulleres á titularidade e co-titularidade das explotacións.***

No marco de unha ***política de autoxestión e de autosuficiencia*** enerxética levaremos unha acción política encamiñada á utilización de recursos propios das explotacións e minimizar a dependencia de recursos alleos.

A través de liñas de crédito e de financiamento a custe cero, xestionaremos ás iniciativas tendentes a ***establecer modelos produtivos sustentables*** e eficientes, finalmente con esta medida imos a promover sistemas produtivos que respecten o medio ambiente.

O modelo económico e social que CxG vai a realizar durante o seu goberno, vai garantir unhas producións con garantías de calidade e salubridade. O noso obxectivo reside en ***apoiar aquelas iniciativas que poidan cumprir unha función social e de mantemento da paisaxe e do territorio.***

REORIENTACIÓN DO MODELO PRODUTIVO AGRO-INDUSTRIAL



Como parte vertebradora do modelo de País que queremos trasladar co noso plan para o agro galego vamos ter inescusablemente que fomentar as actividades que permitan creación de emprego e recuperación de poboación nas áreas rurais, como fundamento das nosas accións de goberno e da nosa vontade lexisladora.

Tanto a normativa que elaborem, **achegando o consenso e a negociación cos sectores implicados**, como o apoio técnico, económico e financeiro por parte da Xunta gobernada por Cxg ás explotacións, iran encamiñados a un **modelo produtivo ligado á terra, para a obtención de produtos de calidade e diferenciados, capaces de competir nun mercado cada vez máis globalizado**.

Unha das ideas-forza para achegar un modelo produtivo máis eficiente e ecolóxico reside en **incrementar a base forraxeira das explotacións e reducir as importacións de alimentos para as explotacións gandeira**. Levaremos a unha extensificación dos sistemas produtivos na perspectiva de conseguir modelos gandeiros sustentábeis, baseados nos recursos propios.

Debido á nova demanda mundial previsible de consumo de lácteos e os seus derivados nos países con economías emerxentes, **levaremos adiante un plan a medio e longo prazo para aproveitar o noso potencial na produción do leite, contemplando a industrialización para a exportación**.

Encamiñando medidas para unha nova **política forestal racional** levaremos a regulación das novas plantacións forestais, **impedindo a forestación de terras de elevado potencial agrario**. Coa mesma, avanzaremos no **fomento da forestación das terras de aptitude forestal actualmente abandonadas** ou infrautilizadas.

Todo isto, co lóxico establecemento dunha **adecuada selección das especies forestais** e buscando un equilibrio entre a función produtiva e a función protectora do monte.

REFORMA DAS ESTRUTURAS E MOBILIDADE DE TERRAS AGRARIAS

O factor terra segue a ser un dos elementos limitantes para un axeitado desenvolvemento do sector agrogandeiro e forestal. A Xunta de Galicia dirixida por CxG apostará con moito en medidas dirixidas a impulsar a mobilidade da terra e a favorecer a ampliación da base territorial das explotacións.

A nosa iniciativa lexislativa está dirixida, primeiramente, á modificación do marco normativo sobre a reforma das estruturas agrarias. Unha **normativa que vai potenciar os polígonos agrarios para a explotación de forma asociativa e a creación de polígonos forestais** para a creación de unidades de xestión forestal.

Unha das medidas fundamentais para o noso agro está en **combater o fraccionamento da propiedade**, un dos principais obstáculos para o desenvolvemento do sector primario: dificulta contar con explotacións competitivas e fai desistir a moitos emprendedores; mozos e mozas maioritariamente; que necesitan dispoñer de terras.

O Banco de Terras chegará da incorporación das superficies abandonadas ou manifestamente infrautilizadas, mediante procesos de concienciación social e, no seu caso, coa utilización do réxime sancionador para as situacións de grave abandono, **especialmente das fincas resultantes de procesos de concentración realizados con fondos públicos**,

Seguindo na mellora da xestión dos recursos rurais a nosa acción normativa vai mesmo incentivar, mediante unha cantidade económica, a fusión de parcelas catastrais a través da **creación de polígonos agrarios e forestais**.

Priorización absoluta na adxudicación de fincas do Banco de Terras ás explotacións xestionadas por mozos e mozas, as xestionadas en réxime asociativo, as orientadas á produción ecolóxica, e as que desenvolvan métodos de produción respectuosos co medio ambiente.

UN PLANO FORESTAL 2016-2020: MONTES PARA MADEIRAR, MONTES PARA DESFRUTAR

A creación e aproveitamento dos recursos forestais leva décadas a ser un problema que ningún dos gobernos ten arranxado, para CxG é urxente o paso dun modelo de xestión primitivo, baseado na explotación da madeira de dúas ou tres especies de crecemento rápido e baixo valor engadido, a un modelo moderno e multifuncional e de futuro. **Coa implicación de todos os sectores implantaremos o noso Plan Forestal 2016-2020** para ir achegando unha solución a unha das catástrofes do noso País. É dicir, ir achegando políticas sustentables e respectuosas co medio ambiente, achegando usos tanto recreativos e turísticos, como ambientais e como quer que for para madeirar. Nesta diversidade de usos temos que ir compatibilizando a explotación de especies para madeirar coa existencia de masas forestais de especies caducifolias de crecemento medio e lento que teñen tamén unha forte rendibilidade económica para produtores e o sector da transformación..

Dende o partido das e dos galeguistas cremos que, entre outras cousas, os nosos montes se coidan no inverno. E para elo crearemos unha **rede de xestión e limpeza do monte galego** onde se traballe dende a administración pública no axeitado coidado e limpeza da nosa riqueza forestal, onde non primen os intereses madeireiros sobre os medio ambientais, pero onde se compatibilicen os intereses económicos cos forestais e ao tempo coa explotación dos recursos cinexéticos.

Esta rede irá **permitir evitar as desastres ecolóxicas** que sufrimos todos os anos e que están deixando hipotecada a nosa masa arbórea. As queimas que esquilman o noso monte e que padecemos ata non hai moito, deben de ser un mal soño da nosa Galicia. Como dicía Castelao: “a riqueza está nas súas árbores, non nos seus bancos”

INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL

Hoxe en día, as técnicas de transmisión permiten o uso da rede capilarizada de distribución eléctrica por todo o noso rural, interior e costeiro, para soporte de redes de telecomunicacións. Dentro do noso Plan de Investimento Verde de Galicia **crearemos “territorios intelixentes” que apoien e sosteñan a nosa idea de metrópole mundial sustentable galega.**

Co obxecto de mellorar a calidade de vida e permitir a dinamización da base produtiva do medio rural e contribuír a fixar poboación, camiñado cara a un novo modelo económico e social de País, CxG fará nuclear a política de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga e saneamentos, e accesos aos núcleos e as explotacións. **A asignación de recursos económicos por parte da Xunta de Galicia para a realización destas infraestruturas realizara-se con total transparencia, fixando criterios universais e públicos**

Ao obxecto de lograr un maior dinamismo socioeconómico nas zonas de actuación e favorecer a creación de emprego, **desde o sector público facilitarase mediante criterios públicos a contratación de obra e a adquisición de bens, materiais e servizos a través das empresas e do comercio local.**

Para un **mellor aproveitamento dos recursos hídricos na agricultura** e unha correcta xestión da auga, promoveremos a utilización de sistemas eficientes, debidamente regulados, comprobados e cun correcto mantemento, xunto cunha xestión axeitada redundará nun balance hídrico máis favorable, desde o punto de vista económico e ambiental.

UNHA AGRICULTURA SUSTENTABLE E REDES DE COMERCIALIZACIÓN XUSTAS

Imos a establecer como prioridade a evolución cara a sistemas produtivos máis respectuosos co medio ambiente, sendo este un principio transversal aplicado a todas as medidas, tanto desde un punto de vista ambiental como social. Nesta liña, será preceptivo:

O goberno dirixido polas mulleres e polos homes de CxG apoiará no institucional e no financeiro ás iniciativas de desenvolvemento de circuitos comerciais curtos, alongando os canais de venda directa, as cooperativas de consumidores e produtores ou os mercados de proximidade. Poremos en marcha medidas específicas de **apoio aos circuitos curtos de comercialización levando á recuperación e á modernización de mercados locais**, apoiando tamén a outras fórmulas que permitan un contacto directo entre produtores e consumidores.

Levamos o impulso das cooperativas de comercialización, fomentando a integración cooperativa, co obxecto de superar o minifundismo actual e permitir a consolidación de proxectos viábeis economicamente. Un dos vieiros para este impulso está en ir tomando as medidas precisas para **ir apoiando a transformación de produtos polos propios agricultores**.

O estímulo destas liñas de comercialización que aseguren unha adecuada presenza dos nosos produtos nos mercados locais e no galego en xeral, non impiden a **aposta pola internacionalización das nosas marcas de calidade e as nosas empresas** facilitando a súa penetración en mercados foráneos.

Co noso apoio para o sector agro-industrial no medio rural, abriremos fiestras de oportunidades para chegar a **xerar novas iniciativas empresariais que incrementen o valor engadido derivado dos produtos agrarios e forestais, tanto de carácter individual como cooperativo**. Un proceso fundamental para que levemos á creación de un tecido de empresariado autóctono, implicado no territorio e que aporte competitividade internacional para a nosa economía.

CALIDADE E SEGURIDADE ALIMENTARIA

A través do goberno galego de CxG apostamos fortemente na necesidade de ir aportando un valor adicional baseado na imaxe corporativa das propias zonas de produción, na mesma que temos que ir sometendo a un forte control nos métodos de produción e na calidade final aos produtos feitos en Galicia. Levar de modo axeitado e con posibilidades de éxito os nosos produtos para os mercados no estranxeiro, está en marcar un standard de calidade de referencia mundial dos nosos produtos, aplicando tecnoloxías e técnicas aos procesos produtivos, e de xeito inseparable ao proceso de internacionalización das vendas. Procurarmos as correctas distribucións para a comercialización.

A única posibilidade de poder manterse e competir nun mercado cada vez máis globalizado é aportando produtos de calidade, con personalidade propia e diferenciados, e con garantía de salubridade evidentemente.

Os produtos galegos teñen que ser referencia mundial de calidade, transmisores dos nosos valores

de tradición e fonte de modernidade. O mellor que poden fazer as nosas e os nosos produtores é traballar en achegar produtos de alta calidade e coa colaboración que precisen do sector público, crear canles de distribución modernas e eficientes, que leven a nosa calidade aos mercados, tanto europeos, como para alén das fronteiras europeas.

O goberno galego de CxG, dentro do seu marco competencial, fixará por lei a **prohibición total dos cultivos transxénicos**, e tamén a prohibición do uso de fariñas cárnicas e antibióticos na fabricación de pensos, garantindo un sistema de control eficaz.

Os transxénicos supoñen unha ameaza a un modelo de agricultura sostible. É importante que o Parlamento Galego manteña unha posición unitaria de rexeitamento aos cultivos con transxénicos e non permita o seu avance. Máis aínda, nun momento como o actual no que a Unión Europea favorece o desmantelamento de unidades agrarias, **favorecer un tipo de agricultura ecolóxica permitiríanos mantermos con potencia nos mercados, facendo máis sinxela a introdución nun sector comercial de maior valor engadido.**

Para levar as nosas empresas da agro-industria e facer viable e atractivo á vida no mundo rural, temos que diferenciar-nos aportando producións de alta calidade, moita mais vangarda tecnolóxica nos métodos de elaboración e xuntar unha forte identidade propia, nos nosos produtos e nas nosas marcas. **Todo incluíndo o deseño de vangarda dentro do mantemento dunha tradición de séculos e que ao tempo foi innovadora nos procesos empresariais.**

INTERLOCUCIÓN NOS DIVERSOS NIVEIS COMPETENCIAS QUE AFECTAN AO NOSO RURAL

O Goberno Galego liderado por CxG participará directamente en todos os estamentos e institucións onde se tomen decisións que afecten ao sector agrario e ao desenvolvemento rural de Galicia, especialmente nas institucións europeas. Pero tamén debe intervir na interlocución dos distintos axentes que interveñen no sector, mediante a potenciación da actividade das distintas mesas de interlocución dentro dos diversos sectores que afectan ao noso rural: mesa do leite, mesas do viño, da carne de vacún, da pataca, castaña ou do sector forestal.

Daremos un impulso á **realización de Contrato-Tipo nos distintos produtos, establecendo prezos de referencia e prezos mínimos**, nos casos que for posible. Neste eido temos que institucionalizar que nos axustes de prezos se utilicen os índices publicados polo Observatorio do Sector Lácteo de Galicia, consensuados por todas as partes: organizacións de produtores agrarios, cooperativas e empresas lácteas.

Estableceremos un modelo de recibo único para o prezo do leite. Dentro do contrato do modelo de recibo e as primas, cun modelo de recibo único, no que se establece que o prezo polo leite tipo e a contía das primas unitarias ligadas á calidade, sexan iguais para todos os produtores que lle entregan á mesma empresa.

Regulación e posta en marcha de **interprofesionais de ámbito galego para os diversos produtos**, co fin de introducir transparencia e mecanismos de garantía nas relacións entre o sector produtor e as empresas de comercialización e transformación. **Fiscalizando os contratos homologados, prezos mínimos, calidades estándar, ou a garantía de cobro.** Nas Interprofesionais garantirase unha adecuada participación das diversas partes implicadas, que para o sector produtor será canalizada a través das Organizacións Profesionais Agrarias representativas.

Para achegar os valores do novo modelo económico e social do goberno das e dos galeguistas imos **impulsar a contratación pública verde.** Hai que establecer políticas de compra pública ética, con

obxectivos cuantitativos e prazos para a súa implantación, que fomenten os produtos e servizos ecoloxicamente sustentábeis e de proximidade e socialmente xustos, para facer da administración un exemplo a seguir e un factor de promoción da produción de bens e servizos verdes,

DESENVOLVEMENTO RURAL: O RURAL MOTOR DA GALICIA SUSTENTABLE E ECONOMICAMENTE VIABLE

Como síntese do exposto, e de xeito transversal, ás políticas de desenvolvemento rural, que CxG levará a cabo como programa do seu goberno e en vías do que é o novo modelo económico e social para o País, irán orientadas ao **reforzamento da base económica das zonas rurais, mediante o desenvolvemento do seu potencial agrario e impulso doutras actividades do 4º sector** que, respondendo ás novas demandas sociais e aos novos sectores económicos, xeren empregos estábeis e de calidade.

Para o noso partido político **é prioritario facilitar o acceso aos servizos básicos** de uso común como son a sanidade, ensino e comercio, así como servizos sociais destinados ás persoas maiores, ás persoas en risco de exclusión, ás mulleres, á infancia e á mocidade. A súa crecente concentración nas cabeceiras de comarca, esixirá unha **axeitada rede de transportes e de mobilidade coa calidade e frecuencias axeitadas**, así como unha axeitada conexión de telefonía e internet.

O rural está afectado por outra serie de actividades do sector primario, entre elas está a minería. É este un sector no que a día de hoxe somos unha potencia mundial na extracción e transformación do granito e pizarra. Mais **isto non debe supor ir en detrimento do medio ambiente nin tampouco debener ser un foco de residuos incontrolados**. Para elo propoñemos minimizar os impactos no medio ambiente das explotacións de granito e lousa, e potenciar que estas grandes produtoras de refugallos e residuos en suspensión melloren os seus procesos produtivos.

Unha das maneiras que ten sido amosada como mais efectiva para dar valor ao espazo rural e achegar actividades economicamente sustentables e de alto valor engadido é a creación de parques naturais. CxG levará o impulso lexislativo necesario para a creación de unha mais extensa rede de parques naturais. Neste afán normativo temos que ir comezando pola **declaración do Macizo Central Ourenán, Os Ancares e O Courel, no primeiro ano da lexislatura como Parques Naturais**. Para isto temos que dotar e garantir os medios adecuados para a súa xestión.

Para nós torna imprescindible a **creación de liñas de axuda económica: subvencións, créditos brandos e desgravacións fiscais na cota autonómica para as empresas e autónomos que aposten decididamente polo desenvolvemento sustentábel nos espazos xa declarados da Rede Natura 2000**, así como un programa de adquisición de terreo de especial interese natural, aberto á colaboración/participación de particulares e asociacións.

Galicia ten un enorme potencial nun turismo responsable e sustentable para o medio, o noso goberno regulará lexislativamente o sector e **axudará a financiar empresas que aposten polo ecoturismo**, dentro dunha responsabilidade social corporativa.



MEDIO AMBIENTE: DESENVOLVIMENTO SOSTIBLE E CONSERVACIÓN DO NOSO ENTORNO. GALICIA É IMPORTANTE.

UNHA XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL DOS RECURSOS ENERXÉTICOS E A PRODUCCIÓN DO SECTOR PRIMARIO

Unha das nosas liñas fortes para o goberno progresista e galeguista do noso País reside nun maior compromiso de Galicia co Medio Ambiente, o desenvolvemento sostible e xestión dos recursos enerxéticos e de produción primaria propios. **Galicia, debe reforzar a súa aposta pola redución do consumo enerxético procedente de fontes perecedoiras e materiais, potenciando o uso de enerxías renovables e apostando por alternativas produtivas que reduzan ao mínimo o impacto no medio ambiente** e polo tanto reduzan a pegada ambiental do noso paso polo planeta coa única finalidade de deixar un espazo mellor e máis sostible aos que veñen por detrás.

A Xunta de Galicia , xa na actualidade ten transferidas e recoñecidas amplas competencias para contribuír a acadar un futuro sustentábel para o noso país. **A protección do medio ambiente, debe converterse nun aspecto transversal que alcance todas as áreas e é un dos eixos do noso modelo económico e social. Desde a cámara representativa galega imos a desenvolver unha estratexia de loita contra o cambio climático** coherente coa conservación da biodiversidade, os ecosistemas e as persoas e o desenvolvemento economicamente sustentable.

Sempre que sexa posible, empregárase un enfoque ecosistémico que inclúa medidas de adaptación beneficiosas para o medio natural e que, en ningunha das hipóteses, provoquen efectos perversos. **Este tipo de políticas proporcionarán un medio ambiente máis san e axudaran a reforzar o noso tecido económico e social,** adiantando a creación de novos postos de traballo estables de calidade.

Un dos elementos esenciais da loita contra o cambio climático é a transición ata unha produción e uso da enerxía de moito menos impacto para o medio ambiente e as persoas na liña dos últimos acordos de París sobre o cambio climático e os obxectivos da axendas das Nacións Unidas neste eido. **Desde o goberno galego de CxG, imos a adoptar medidas para acabar progresiva e urxentemente co uso de combustibles fósiles na produción enerxética, a industria, a construción e o transporte.**

Galicia debe revisar as diferentes directivas relativas a residuos e aproveitar para introducir e/ou incrementar os obxectivos de redución, reutilización e reciclaxe. Igualmente importantes son as políticas encamiñadas á fabricación de produtos reciclables e reutilizables de calidade e eficientes no uso de recursos enerxía, que permitan a transición da economía lineal e contaminante actual a unha economía sostible. Do mesmo xeito **podemos os chanzos necesarios cara a unha política común de envasados de produtos que favoreza a reciclaxe e reutilización dos residuos** tanto na tipoloxía dos envases, materiais utilizados e homoxeneidade no seu tratamento.

Unha das medidas do goberno de CxG está en garantir a aplicación estrita da estratexia de

biodiversidade, **fortalecer a aplicación da normativa existente referida á Rede Natura 2000 e asegurar a aplicación das reformas das normativas de pesca e de agricultura** para que contribúan a protexer os hábitats, a flora, a fauna, as augas e os solos.

Segundo a nosa análise os cultivos transxénicos supoñen unha ameaza para un modelo de agricultura sostible. **É importante o consenso do Parlamento Galego para que este manteña unha posición unitaria de rexeitamento aos cultivos de transxénicos no territorio galego e non permita o seu avance.**

Como **alternativa económica viable temos que favorecer e deseñar un tipo de agricultura ecolóxica** que permitiríanos mantermos como potencia, facendo máis sinxela a introdución nun sector comercial de maior valor engadido.

Implicaremos aos sectores e **aplicaremos as medidas precisas na loita contra o furtivismo**, axudando a defender sistemas de traballo tradicional como son os cultivos mariños en area. A loita contra o marisqueo furtivo vai encamiñada a parar a comercialización destes produtos sen garantías sanitarias necesarias. Ao tempo, ten unha forte incidencia na **dignificación laboral das e dos traballadores do mar**, un eixo que ten que ser prioritario nas políticas laborais no vindeiro período de sesións do Parlamento.


Lexislaremos para chegar ao cumprimento duns teitos de emisión atmosférica ambiciosos e vinculantes. Temos que limitar a contaminación atmosférica procedente de grandes emisores como as plantas de xeración eléctrica, a calefacción ou o transporte.

A xustiza ambiental e social vai estar no centro das nosas políticas comerciais e é eixo do noso modelo económico e social. O Parlamento debe promover unha nova perspectiva fronte o comercio baseada noutros principios como a democracia, a cooperación, a igualdade de xénero, a participación pública, os dereitos humanos e o coidado e o respecto ambiental.

PLAN DE INVESTIMENTO VERDE

Na procura do noso novo modelo económico e social sostible temos que reducir o consumo de enerxía e promover máis as renovábeis sen que isto signifique unicamente unha aposta polos parques eólicos ou a hidroeléctrica. Para iso **temos elaborado un “Plan de Investimento Verde”** dirixido a impulsar as enerxías limpas e que contén un ambicioso plan de aforro enerxético, con incidencia inmediata na infraestrutura pública, ademais de ter incidencia na construción do novo modelo económico e social para Galicia, que inclúe entre outras cousas o traslado de empresas contaminantes ou unha mellora das infraestruturas, o saneamento das rías ou o aumento da conectividade no noso rural ou o financiamento do Plano forestal 2016-2020 e o investimento nunha nova Cultura da Auga. **Investiremos 4000 millóns de euros neste plan nos 4 anos de lexislatura.**

Dentro do plan de Investimento Verde do goberno comprometido con Galicia, faremos **unha reforma verde do sistema fiscal autonómico.** Aproveitaremos as competencias autonómicas en materia fiscal para penalizar os comportamentos ambientais incorrectos e favorecer aqueles acordos coa sustentabilidade.



Apostaremos polos medios de transporte público alternativos aos vehículos particulares como mecanismo de cohesión social e desenvolvemento económico e ademais de ser un método de viabilizar unha correcta ordenación territorial.

Temos que priorizar, en materia de infraestruturas, os ***investimentos na rede ferroviaria de proximidade e complementaremos o noso plan de Investimento Verde con un plano Integral de Transportes sustentábel.***

Nestas actuacións incluímos o emprego da bicicleta e das rotas peonís, facilitando que sexa un medio cómodo e viable, para iso ***imos a incrementar a rede de itinerarios peonís e ciclistas, mellorando en moito a súa seguridade e comodidade.***

Un plano de Investimento Verde que ten como obxectivo final ***reducir as emisións de Gases de Efecto Estufa para que non superen nun 15% ás de 1990.***

Con obxecto de achegar aos obxectivos sobre medio ambiente e cambio climático definidos nos acordos de París de 2016 e para procurarmos o achegamento aos obxectivos da Axenda 2030 das Nacións Unidas para o desenvolvemento sustentable.

Como medida nesta materia, apoiaremos, no camiño cara a implantación do vehículo eléctrico e a redución da emisión dos gases de efecto estufa xunto da man dun modelo de autosuficiencia enerxética; un ***modelo galego de “electrolíneiras”.***

Aplicaremos unha ***política de ordenación do territorio*** que limitará drasticamente o crecemento urbanístico desmesurado e defenda a costa, procuraremos un amplo consenso social entorno a unha temática que é fundamental para o deseño futuro do País.

O goberno de CxG impulsará as alternativas sustentábeis necesarias para a agricultura, gandería, silvicultura forestal e a pesca, ***favoreceremos e potenciaremos máis a produción ecolóxica ou con certificado de sustentabilidade*** así como as redes curtas de comercialización.

Revisaremos e actualizaremos a mellora da normativa ambiental. O plan de Investimento Verde inclúe a ***declaración de Galicia como “Zona Libre de cultivos transxénicos”.***

Apostaremos pola investigación científica e técnica sobre as problemáticas ambientais e formas de produción limpas e sostibles en ***colaboración coas universidades*** e aportando ***financiamento ás empresas con liñas de créditos en condicións especiais.***

Pularemos e defenderemos desde o goberno galego por unha ***protección efectiva da Rede Natura 2000*** mediante planos de ordenación e de xestión, para evitar a especulación e a degradación dos territorios incluídos na rede.

O plan de Investimento Verde ten que asegurar a aplicación efectiva dos Planos Estratéxicos

Español e do Convenio de Ramsar para a **Conservación e Uso Racional das Zonas Húmidas**.

Non imos a poder demorar máis a posta en marcha dos planos de recuperación ou conservación para todas as especies de fauna e flora ameazadas; urxe, ademais, garantir a conservación da biodiversidade autóctona elaborando e aplicando **planos de erradicación das especies foráneas máis invasoras e perigosas e promovendo políticas preventivas e correctivas de bioinvasións**.

Levaremos ao Parlamento unha **lei para a creación dunha rede de Espazos Submarinos Protexidos** coa finalidade última de protexer a súa riqueza. Que esta rede sirva para protexer e potenciar núcleos de ecosistemas propios e que sexan xeneradores de vida.

Conxuntamente ao **noso plano forestal 2016-2020**, co noso plano de Investimento Verde, no modelo que promovemos para a recuperación do monte galego, efectuaremos iniciativas autenticamente sustentábeis: **creación de corredores verdes, protección do solo, conservación e fomento das devesas nos fondos de valgada, recuperación do bosque atlántico e das árbores autóctonas en detrimento das pirófitas e manexo axeitado da matogueira prohibindo a súa eliminación ou queima**.

O plano de Investimento Verde ten medidas orzamentarias precisas para sacar a ENCE da súa localización actual, achando unha mellor alternativa para a súa localización no País, e acompaña a obriga de cumprir a normativa vixente na mateira, tanto á empresa como ás empresas asociadas auxiliares.

Minimizaremos e, segundo proceda, **esixiremos por lei as oportunas compensacións ás compañías eléctricas das centrais térmicas de As Pontes de García Rodríguez e Meirama**, tendo en conta que Galicia, como resultado da utilización de lignito pardo como combustible das citadas centrais, é a comunidade autónoma que soporta os niveis máis elevados de CO₂ e de partículas en suspensión na atmosfera, o que da lugar a choivas ácidas e niveis de corrosión anormalmente elevados.

Prohibiremos por lei do Parlamento galego as recalificacións urbanísticas en territorios queimados durante os vindeiros trinta anos.

Dentro no novo modelo económico e social para o País, que Compromiso por Galicia ten deseñado para o noso País, un dos obxectivos reside en implantar unha nova cultura da auga. **O marco legislativo das bacías xestionadas pola Xunta** debería incorporar os principios da **Nova Cultura da Auga**, e promover de xeito efectivo e prioritario o aforro de auga en todos os sectores: doméstico, industrial,, pesca ou agrogandeiro.

Neste eido dunha nova cultura da Auga, temos que **revisar o Plano Sectorial Hidroeléctrico para vetar claramente a construción de novos aproveitamentos hidroeléctricos e esixir a redución do dano ambiental dos existentes**. Na mesma, temos que incluír un plano de recuperación das concesións e permeabilización das infraestruturas máis agresivas. Estableceremos lexislación para todos os ríos con aproveitamentos hidráulicos, de abastecemento ou hidroeléctricos, procurando unha axeitada xestión hidrolóxica que establecerá un novo regulamento do caudal mínimo ecolóxico e do réxime de liberación de caudais para contribuír á rexeneración natural das canles fluviais.

Modificaremos a actual Lei de Augas para incorporar de xeito efectivo os preceutos da Directiva Marco, procurando o consenso social.

O plano de Investimento Verde inclúe **o saneamento das rías, que debería completarse antes do remate da lexislatura**, tratando ademais de poñer en marcha un Plano Integral para o Uso Sustentábel das Rias Galegas xuntamente a unha revisión da Lei das Rías para adoptar as medidas necesarias que garantan un bo estado ecolóxico consonte os prazos, criterios e fases da Directiva Marco para a Estratexia Mariña Europea.

Levaremos financiamentos para os saneamentos nos concellos. Débense incrementar as partidas orzamentarias para que os concellos rematen as súas redes de saneamento e deixen de verter directamente aos ríos.

O noso plan de Investimento Verde leva parello unha **nova xestión de residuos en Galicia na que apostamos por modelos diferentes ao da incineración** e onde damos prioridade efectiva á redución e apostamos por un modelo de tratamento descentralizado.

O noso obxectivo está en acadar para o final da lexislatura cando menos **un 10% de redución en peso dos residuos xerados**, establecendo instrumentos e medidas que incentiven a prevención, a reutilización e a reciclaxe, por esta orde.

Para **achegar o noso Plan de Investimento Verde á participación pública dos movementos civís en xeral e das organización ecoloxistas en particular**, procuraremos o seu papel como vehículos de participación e sensibilización.

Pularemos por aplicar de xeito efectivo o Convenio de Aarhus e apoiaremos a Educación Ambiental (EA) como ferramenta real de transformación social cara á participación cidadá nas políticas ambientais. Alén disto, levaremos a **iniciativa lexislativa sobre unha nova estratexia galega de educación ambiental**, cpn ela incluiremos a educación ambiental como unha das ferramentas a empregar en todos os planos e programas ambientais da administración, ou que teñan incidencia no ambiente.

Fortaleceremos a **cooperación internacional para o desenvolvemento sustentábel** achegando medios a proxectos que teñan influencia nas políticas medioambientais e no desenvolvemento sustentable das comunidades locais beneficiarias de ditos programas.

BENESTAR ANIMAL

Impulsaremos **campañas de adopción** de animais domésticos abandonados.

Fomentaremos a **esterilización** mediante campañas por todo o país.

Posibilitaremos aos animais de compañía e estimación **acceder ao transporte público.**



Prohibición de todo festexo ou actuación onde se maltraten animais e regular os festexos ou actuación onde se empreguen animais para que non se maltraten.

Ampliaremos o número de espazos públicos para que poidan acceder animais compañía como praias e parques.



POLÍTICAS EDUCATIVAS: EDUCACIÓN PÚBLICA DE CALIDADE PARA TODAS

EDUCACIÓN: UN SISTEMA PÚBLICO GALEGO DE ENSINO, INCLUSIVO, IGUALITARIO E INTEGRADOR

O ensino público, de calidade, inclusivo, en galego e democrático é dos principais activos da nosa sociedade. O ensino é un mecanismo esencial para manter unha sociedade igualitaria, porque protexe un nivel básico de igualdade de oportunidades. É dicir, garante un dereito democrático e asegura que a sociedade vai dispor de cidadáns preparados. Por iso é tan fundamental o ensino público, sendo un dos piares do estado de benestar. Un dos principais obxectivos de CxG como goberno da Xunta está en **priorizar o investimento en educación co obxectivo cuantitativo de equiparalo á media da UE.**

A construción nacional de Galicia deberá sustentarse nos valores da convivencia, a educación pola paz, a igualdade de oportunidades, o esforzo e a responsabilidade e no compromiso co benestar da cidadanía e co equilibrio medioambiental. E isto ten o seu fundamento, en gran medida, na educación que sexamos capaces de impulsar.

Como galeguistas, **o goberno galego de CxG impulsará o galego como lingua vehicular en todos os niveis educativos** e a creación dun modelo educativo galego a partir dos valores compartidos.

O punto de partida necesario é a **derogación do Decreto de plurilinguismo** aprobado polo goberno do PP no ano 2010. Consideramos que para avanzar no uso normalizado do galego é preciso poñer a disposición da comunidade educativa materiais curriculares, educativos, bibliográficos, etc., en lingua galega para todos os ciclos formativos e en todas as materias, con maior énfase naquelas que constitúen o ensino obrigatorio e naquelas áreas de coñecemento en que o galego teña unha menor presenza.

Unha das medidas a tomar é a de realizar un plan concreto dirixido ao proceso de adquisición dunha competencia comunicativa plena, unindo o proceso de aprendizaxe e o uso da lingua galega. O obxectivo é **recuperar o papel do galego como lingua vehicular** no ensino e por extensión na sociedade.

É evidente que Galicia ten que acometer unha forte innovación en materia educativa, cun proxecto educativo común de todo o sistema educativo, poñendo o coñecemento acumulado e os medios humanos, materiais e funcionais ao servizo dun proxecto compartido e adaptado aos retos do século XXI. **Para CxG a educación e a formación son ferramentas básicas para o futuro do noso país, necesarias para o desenvolvemento persoal e profesional, para mellorar a competitividade e para a cohesión social e a convivencia cidadá.**

Fronte a esta necesidade colectiva os recortes nos recursos económicos e humanos no sistema educativo público galego durante esta lexislatura son incuestionables, como incuestionable é a quebra do dereito a un ensino de calidade en igualdade para o conxunto da cidadanía.

Dende CxG apostamos por unha sociedade aberta, avanzada e autogobernada, que permita manter e incrementar as cotas de benestar e ofrecer oportunidades de futuro á nosa mocidade e as xeracións vindeiras. Nese eido a educación e as políticas educativas deben verse como articuladoras da base dun proxecto do país galego moderno que aspiramos a construír.

Baseándonos nestes principios queremos chegar á **participación activa das familias na comunidade educativa a través dos Consellos Escolares**.

Un dos principios que deben guiar un **sistema educativo de excelencia**, e ter ao alumnado como eixo. Para isto, unha das ideas a desenvolver e prestixiar a profesión docente nos seus diferentes niveis e modalidades. **Un dos fundamentos é mellorar o sistema de formación profesional para responder as necesidades dos nosos sectores produtivos**.

O modelo educativo debe abranguer o conxunto das etapas incluída a etapa de 0-3 anos, que o PP ven considerando simplemente de carácter asistencial, e o conxunto de modalidades educativas formais e non formais. Entendemos que o proceso educativo de ensino-aprendizaxe ten que buscar o desenvolvemento íntegro das persoas e todas as súas capacidades, para que participen na sociedade como individuos libres e cun compromiso colectivo. A educación ten que respectar principios básicos, que a sociedade xa ten asumidos: integración, igualdade, coeducación, atención á diversidade,... Non só debe garantir o principio de “igualdade de oportunidades”, debe ofertar “oportunidades para a igualdade”.

Temos que construír un sistema público galego de ensino, igualitario e integrador. Como elemento crucial de igualación social, **o noso goberno debe garantir a universalidade no acceso e permanencia no ensino**. Isto implica non só o dereito a ser alumno ou alumna nun centro educativo senón tamén a dispoñibilidade dos recursos educativos imprescindibles para a aprendizaxe.

Un dos piares da nosa acción en políticas educativas é un **programa para implantar a gratuidade dos libros e outros materiais educativos, impulsando e regulando o establecemento dun banco de préstamo**. Para o seu desenvolvemento faise imprescindible a participación dos centros escolares, comprometéndose a manter a vixencia dos libros como norma xeral durante un período de cinco anos, das ANPAS, axudando na xestión e difusión do banco de libros, e dos concellos. Impulsaremos o uso dos libros de texto non como material exclusivo do ensino-aprendizaxe, senón como un instrumento máis, promovendo o **desenvolvemento do ensino por Proxectos Educativos, innovadores e achegados á realidade socio-cultural do noso alumnado, partindo sempre dos seus intereses, actitudes e aptitudes**.

Desde o goberno do galeguismo achegaremos a revolución tecnolóxica e dixital ás aulas. De unha forma decidida implantaremos os recursos educativos dixitais, implicando ao profesorado no seu deseño e promovendo acordos coas editoriais para a edición de todo tipo de recursos dixitais e a súa difusión entre o persoal docente dos centros. Esta proposta, no programa actual “Abalar” ven permitindo a redución do gasto en recursos públicos en materiais educativos. Se **ben entendemos que temos que dar maior importancia á dotación e ao mantemento das dotacións informáticas aos centros asignados dentro do programa Abalar**.

Incluír na política de axudas á educación e no **deseño da política de transporte escolar**; non só as etapas obrigatorias; senón tamén aquelas nas que o alumnado se incorpore con menos de 18 anos (P.C.P.I., ciclos formativos de grao medio ou bacharelato). A desigual distribución dos centros educativos e da variedade da súa oferta educativa no territorio galego, obriga en moitos casos ao alumnado á desprazarse, tendo as familias que asumir o custe do desprazamento. **Faise necesario implantar un sistema de bolsas de transporte para evitar o abandono dos estudos por causas económicas**.

Promover a Atención á Diversidade en todas as ensinanzas dotando de medios, profesionais especializados e formación ao profesorado. **Suprimir aqueles concertos educativos de centros que segreguen aos alumnos por razón de sexo**. Entendemos que tal actuación non ten cabida en centros sostidos por recurso públicos. Desde o goberno galeguista de CxG suprimiremos aqueles concertos que non cumpran principios elementais de igualdade nas condicións de admisión e de lexislación de escolarización.

Atendendo a criterios de igualdade e de non discriminación desde os homes e mulleres de CxG, comprendemos a necesidade formar e **incorporar persoal específico con perspectiva de xénero para atender a diversidade afectivo-sexual nos centros educativos.**

Financiar de forma absolutamente prioritaria a rede pública de centros educativos, mantendo o modelo de concertación como fórmula excepcional para aqueles casos nos que non é posible nin viable a escolarización nun centro público. Esta priorización e consecuente eliminación de duplicidades na oferta educativa provocada pola realización de concertos non necesarios ao existir suficientes prazas públicas, permitirá ampliar a dotación orzamentaria para bolsas e axudas aos discentes.

Desenvolveremos un **modelo educativo baseado nos valores que dirixen a vida social cara a unha convivencia harmónica: o respecto, a democracia, a solidariedade, a non discriminación, a igualdade, a educación emocional e a non violencia**; é unha das premisas básicas do noso modelo educativo para chegar a un novo modelo económico e social. Integrar nos currículos escolares as aprendizaxes para adquirir as habilidades persoais e sociais necesarias para a convivencia, para así estar preparados para facer fronte aos reptos e aos problemas da nosa contorna. Para isto é preciso ir establecendo pontes entre a educación formal e a educación non formal.

Estenderemos **programas de educación e información sobre o uso e o consumo de drogas: tabaco, alcohol, cánnabis, cocaína ou psicofármacos e de prevención doutro tipo de adiccións como as ludopatías ou ás novas tecnoloxías.**

Deseñaremos e desenvolveremos un **Plan galego de Eco-escolas**, para a educación en valores de respecto ao medio ambiente, de promoción da dieta saudable e o aforro enerxético, coa implicación do conxunto da comunidade educativa.

Un dos avances en materia de políticas educativas será a creación de **Plans de aforro enerxético nos centros educativos** mediante a implantación dun programa de medidas de redución, reutilización e reciclaxe nos centros. Dotaremos un fondo extraordinario para colaborar cos Concellos na co-financiación das obras menores de conservación e mantemento nos centros de Ensino infantil e primaria e tamén naquelas obras que xestionen o cambio de modelo enerxético.

O noso compromiso está nos comedores escolares sustentábeis: **Subvención específica para a inclusión nos menús escolares de alimentos ecolóxicos de produción local.** A Xunta de Galicia exercerá o control nutricional e dietético dos menús escolares en todos os centros. Impulsarase un modelo de restauración escolar baseado nos principios de alimentación saudable e sostible, promovendo o consumo de produtos frescos de orixe local e o consumo de produtos do comercio xusto. A Xunta de Galicia xestionará os comedores escolares dos centros de Educación Primaria e Infantil agás no caso de que a ANPA do centro solicite a súa xestión.

Fomentaremos a creación das "Aulas Matinais"; un servizo de coidado dos nenos e nenas de 8 a 9 da mañá, nos centros sostidos con fondos públicos, para aquelas familias que por cuestións laborais precisen delas e así o acrediten.

O goberno galego de CxG vai lograr que as universidades galegas alcancen niveis de calidade que garantan a súa condición de axentes eficaces ao servizo do progreso, do benestar e da cohesión social, dentro do desenvolvemento dun acordo educativo amplo e estable polo País

DESENVOLVER E PRESTIGIAR A PROFESIÓN DOCENTE NOS SEUS DIFERENTES NIVEIS E

MODALIDADES.

No proceso educativo o papel do/a docente é determinante. Calquera goberno que crea no seu sistema educativo debe prestixiar o labor docente. Temos pois que realizar **unha política axeitada de dotación de recursos humanos no eido educativo**, que permita o desempeño da labor docente en condicións de tempo, esforzo, dedicación e implicación compatíbeis coas esixencias que a sociedade lle fai ao sistema educativo.

Neste axeita dotación de recursos docentes temos que deseñar a formación inicial e a formación continua do profesorado, equipos directivos, titores e demais profesionais do sistema educativo galego tendo en conta as características do noso sistema educativo e as recomendacións da UE. **Unha das claves reside en revisar o regulamento de materias afíns para o reparto do encargo docente, fixando como fin último garantir a calidade da docencia impartida.**

Facilitar a formación das e os profesionais ao redor das novas necesidades educativas para dispoñer de instrumentos de xestión integral dos centros e contar con propostas de proxectos curriculares, lingüísticos e de madurez tecnolóxica adaptados ás contornas diferenciadas.

De especial relevancia é a labor na promoción da nosa lingua que poden e deben facer os centros educativos, especialmente nos ámbitos urbanos onde o galego corre o risco de tornar nunha lingua ultra-minorizada.

Na procura de unha educación pública e de calidade o goberno galego de CxG vai a **augmentar a dotación de persoal nos Equipos de Orientación Específicos**. Nestes momento, estes equipos de atención especializada en distintas necesidades educativas: sobredotación, problemas de conduta, discapacidades sensoriais; carecen do persoal, a tempo completo nun só centro educativo, para desenvolver as súas funcións con garantías.

A atención á diversidade en todas as ensinanzas, é unha prioridade para o noso goberno, para isto **dotaremos aos centros de recursos e profesionais de Audición e Linguaxe, de persoal Orientador e de especialistas en Pedagogía Terapéutica, para cada centro escolar.**

Dotar aos centros educativos do persoal auxiliar de servizos, necesarios para a realización das tarefas administrativas, de conserxería e de coidados dos nenos e nenas. Unha **axeitada dotación deste persoal auxiliar de coidadores e persoal de apoio** que permitiría que os centros podan atender ás familias en horarios de mañá e tarde, facilitando a implicación das familias na educación levada a cabo nos centros educativos.

Avanzaremos no establecemento dun correcto **estatuto ao persoal interino e substituto.**

Unha das nosas medidas no artellamento e desenvolvemento dunha política educativa específica para o rural é na base da **reformulación dos CRA** (colexios rurais agrupados), co apoio de Centros Rurais de Innovación Educativa (CRIE), entendidas como un conxunto de escolas rurais que comparten un proxecto educativo curricular. Débese aproveitar que a escola rural posibilita modelos flexibles de organización, facilita unha relación máis próxima co alumnado, permite a participación real de toda a comunidade educativa, favorece á innovación e establece maior interrelación coa súa contorna. O seu desenvolvemento é chave para a dinamización do medio rural.

POR GALICIA

MELLORAR O SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA RESPONDER AS NECESIDADES DOS NÓSOS SECTORES PRODUTIVOS.

A formación profesional debe ser unha ferramenta clave para o desenvolvemento do país. A carencia dun mapa de titulacións e o funcionamento como compartimentos estancos da mesma respecto á Universidade limitan o seu potencial.

Imos a impulsar unha Formación Profesional de características propias, como valor básico para a competitividade dos nosos sectores produtivos. Neste sentido **desenvolveremos a competencia plena de Galicia na elaboración de planos de estudo e deseños curriculares** na formación profesional, máis próximo ao noso tecido produtivo e aos sectores estratéxicos para o desenvolvemento dun novo modelo económico e social baseado no coñecemento e na creatividade.

Definiremos e desenvolveremos **itinerarios prácticos entre o mundo do traballo e a aprendizaxe ao longo da vida tal e como establece a UE**. Elaboraremos a axenda estratéxica para a cualificación da Formación Profesional, a súa excelencia e innovación. Nesta aproximación ao mundo laboral e empresarial da Formación profesional temos que impulsar a **creación de un Módulo de 60 horas de Inglés Técnico**.

Na procura dunha maior condutividade e complementariedade entre os diferentes niveis formativos temos que **establecer pontes entre a Universidade e a Formación Profesional**: intercambio de profesionais, elaboración de programas conxuntos que atendan a realidade de que no caso dos Ciclos Superiores o alumnado comeza a ser coincidente, abundando a sobre-titulación.

LOGRAR QUE AS UNIVERSIDADES GALEGAS ALCANCEN NIVEIS DE CALIDADE QUE GARANTAN A SUA CONDICIÓ DE AXENTES EFICACES AO SERVIZO DO PROGRESO, DO BENESTAR E DA COHESIÓ SOCIAL.

Compromiso por Galicia propón unha política universitaria galega que coloque **ás universidades como pilar fundamental no novo modelo económico e social para Galicia**, inserido na sociedade do coñecemento e a creatividade e dando resposta as necesidades formativas, científicas e de investigación que Galicia require. Nos **apostamos por un Sistema Universitario Galego que teña un papel activo e definidor do País** que queremos: atento e impulsor de novos sectores emerxentes, por un Sistema Universitario Galego que conte cos recursos financeiros suficientes para desenvolver as súas funcións cos parámetros de calidade que a sociedade lle esixe, por un SUG vertebrado e apoiado desde o goberno galego que sexa quen de transformar o coñecemento que crea en riqueza para o país.

Un sistema universitario galego vertebrador do País a través do achegamento da universidade, dos seus centros de investigación e das súas facultades a vilas e cidades de todo o País, fomentando ao tempo a especialización destes e a capilarización da economía do coñecemento por toda Galicia.

Elevaremos o recoñecemento do valor estratéxico da educación superior nas sociedades actuais, en termos de civilización, cualificación do capital humano e adecuación ás demandas da innovación tecnolóxica. **O coñecemento científico e a investigación, en calquera das súas formas, básica ou aplicada, xeran tecnoloxía e transfórmanse en PIB e nunha sociedade máis rica e con maior benestar**. A iso aspiramos para Galicia.

Novo modelo de Universidade pública no marco da chamada sociedade do coñecemento, enxergada no cambio social e tecnolóxico, atenta ás futuras demandas de ensino virtual e á competencia das universidades corporativas. **O noso compromiso é total de defensa dunha Universidade Pública de**

calidade, adaptada aos novos marcos, en interrelación coa sociedade e o sector empresarial.

A Universidade como instrumento de formación e produción de coñecemento, tamén de desenvolvemento e igualación social, garantindo a igualdade de oportunidades. Para garantir o futuro estratéxico de Galicia, as universidades cumpren unha función inescusábel na construción nacional. Resulta imprescindible a definición de obxectivos e a planificación de futuro, centrada na **necesaria converxencia de calidade cos estándares europeos**.

Achegar unha **rede galega de centros de investigación e desenvolvemento** (REGACINDE) como instrumento para empregar con maior racionalidade e eficiencia a infraestrutura científica e tecnolóxica existente, en beneficio do desenvolvemento autocentrado. Dita rede debe incluír os centros de investigación que dependen xa da administración pública galega, máis os doutros organismos que deberían transferirse, facendo mixtos algúns centros e servizos tecnolóxicos da universidades e do Centro Superior de Investigación Científicas..

Temos que analizar a arquitectura institucional universitaria/investigadora e valorar diferentes alternativas para mellorar o nivel do sistema no seu conxunto e, en consecuencia, do servizo que prestan á sociedade. Xunto a isto, a nosa proposta é **crear a Universidade Aberta Galega**, para atender as necesidades, potencialmente moi amplas nun futuro próximo, de **docencia superior a distancia**. Esta nova institución debería interaccionar e apoiarse nos recursos humanos e materiais do sistema de universidades públicas galegas.



O DEPORTE: PIAR PARA UNHA EDUCACIÓN COMPLETA E UNHA CIDADANÍA SAÚDABLE

O DEPORTE MOTOR DO NOVO MODELO ECONÓMICO E SOCIAL

O obxectivo que nos marcamos é estender socialmente a práctica do deporte como parte esencial da socialización e a promoción dunha vida saudable. A importancia que xa ten adquirida a práctica deportiva en Galicia, e o momento de crise actual, esixen unha maior coordinación entre todos os axentes implicados co fin de achegar a maior rendibilidade dos recursos existentes e criterios transparentes de priorización dos investimentos que se realicen por parte da administración. **Queremos unha Galicia dinámica e saudable e consideramos o deporte un medio efectivo. O deporte é un dos eixos na base do noso novo modelo económico e social.**

En tanto en canto, os servizos relacionados co deporte, sitúanse en interrelación directa con áreas do goberno como poden ser o urbanismo e o deseño e planificación urbanística, a saúde ou a participación cidadá, a igualdade e as políticas sociais e educativas; o noso programa nesta área non pode deixar a un lado a estas e ás outras áreas coas que existe unha ligazón clara co deporte no noso País.

Alén do mais, o bo uso do tempo de lecer e das actividades deportivas inicia e propicia procesos culturais positivos para a veciñanza de carácter claramente inclusivos.

Tamén o deporte é reclamo turístico fundamental, axudando, á súa vez, á sustentabilidade das infraestruturas deportivas, integradas no desenvolvemento dunha política de benestar e dun alto standard de calidade de vida para a cidadanía e que, no tempo, poden converter-se nun eixo diferenciador para atraer demanda turística, dentro dun novo modelo de turismo.


Se bem, antes do mais, percibemos que o deporte é saúde, a promoción do deporte nas sociedades modernas eleva os parámetros de calidade de vida durante tódalas etapas da vida; unha sociedade que apoia ao deporte é unha sociedade sá.

As prioridades en política deportiva que propón Compromiso por Galicia terá en conta, como principios básicos e guía para as súas acción de goberno o **impulso a unha práctica deportiva educativa e participativa**. Apostamos pola participación antes que polo competitividade, polo que a práctica do deporte é unha opción que debemos por ao alcance de todos os colectivos sociais e todas as idades.

Consideramos de interese a promoción de todos os deportes que co tempo os homes e mulleres foron creando, polo que debemos **impulsar un deporte plural en Galicia**. Porén, adquiren especial importancia os deportes que xurdiron e están arraigados no noso País.

Levaremos a promoción do deporte de base e saudable a través da **creación dunha Rede Mancomunada para o impulso do deporte en idade escolar no rural**.

Coordinaremos unha acción conxunta coas **asociacións e federacións deportivas para promover a práctica deportiva das mozas e das mulleres**.



Poñeremos en marcha un acordo de colaboración coas entidades deportivas e os concellos para permitir o **acceso gratuíto ás instalacións deportivas e aos cursos que alí se imparten ás persoas desempregadas.**

Fomentaremos a **coordinación dos servizos de saúde galegos cos centros de promoción da actividade física saudable, con especial atención ás persoas con déficits de autonomía persoal.**

Impulsaremos legislativa e orzamentariamente a **creación do Programa “inclúe deporte” para nenas e nenos en risco de exclusión social e/ou fillas e fillos de familias con escasos recursos económicos,** achegando a estes sectores os valores positivos do deporte, incluíndo aos mesmos nas súas vidas cotiás

Levaremos á práctica dentro das políticas do goberno das e dos galeguistas, **medidas que incentiven a continuidade da práctica deportiva durante a adolescencia, sobre todo nas camadas femininas da sociedade,** xa que existen condicionantes da socialización que actualmente inciden negativamente sobre a práctica deportiva nesas idades e que inciden moi especialmente coma unha cuestión de xénero.

Fomentaremos o asociacionismo deportivo nas entidades que traballan na promoción de exercicio fora do ámbito federativo-competitivo.

Unha das demandas sociais que atenderemos como goberno galego **é a aposta decidida pola participación das seleccións galegas a niveis de competicións oficiais internacionais,** estendéndoas a maior número de deportes e categorías posibles.

Nesta procura de maior eficacia e eficiencia e para unha maior economía de recursos temos que incrementar a colaboración na xestión pública entre as Administracións e o terceiro sector sen ánimo de lucro; clubs, asociacións ou federacións; **elaboraremos, en colaboración coas federacións, un regulamento marco de funcionamento co obxectivo de coordinar e homoxeneizar procedementos e modos de actuación.**

Na mesma temos que chegar ao goberno e **reformular as función da Fundación Deporte Galego.** Para isto, dentro da nosa acción de goberno iremos **crear o Consello Galego de Axudas ao deporte.**

Este organismo na súa política de axuda deberá ter en conta a **promoción nas entidades federadas de base de valores como a igualdade, o benestar, a saúde e a non violencia,** valorando as accións destes nestes eidos na concesión de subvencións.

Adequaremos a través de este Consello Galego de Axudas ao Deporte a concesión das axudas e a súa xustificación por parte das entidades deportivas consonte ás tempadas deportivas, Crearemos axudas específicas ás entidades deportivas para a organización de eventos deportivos.

Levaremos ao Parlamento este proxecto para a elaboración e publicación dun baremo conxunto para o reparto de fondos entre as distintas entidades, con criterios obxectivos.

Impulsaremos unha **liña específica de axudas para os clubs e os e as deportistas galegas que acaden logros a nivel o estado e internacional** e incluiremos a aplicación de criterios transparentes e obxectivos nos patrocinios dos clubs de elite, vencellando-os á promoción exterior da imaxe de Galicia e da marca

Galicia, o uso da lingua galega e a promoción de valores como a igualdade e as boas prácticas deportivas.

Demandaremos das diversas administracións públicas a **aplicación da mesma rigorosidade na esixencia do cumprimento das obrigas fiscais e pago de débedas contraídas ás sociedades anónimas deportivas** que as demais empresas ou institucións.

FORMACIÓN E INVESTIGACIÓN

A nosa acción de goberno inclúe a creación dun **plan de Formación para os xestores das entidades deportivas do deporte base** en colaboración cos actores implicados. Un plan de Formación que inclúe a implantación dun plan de formación de técnicos prescriptores de Actividade Física para a Saúde.

As galeguistas e os galeguistas impulsaremos a investigación dentro do sistema universitario galego no eido das ciencias da Actividade Física e o Deporte en colaboración coas Administracións e Empresas do sector. Para isto, crearemos partenados para o desenvolvemento tecnolóxico ao servizo da promoción de exercicio físico e deporte

Dentro deste eido **iremos crear un Rexistro Público de Profesionais de ciencias da Actividade Física e o Deporte, que permita regular o exercicio profesional no sector en base aos “standares” Europeos.**

INFRAESTRUTURAS

Crearemos un **plan director de instalacións deportivas** avaliando as necesidades dos distintos concellos, e sinatura de convenios con outras administracións públicas para garantir a práctica do deporte da cidadanía de toda Galicia.

Alongaremos; dentro da nosa firme aposta por trasladar o plan de eficacia e eficiencia dos recursos públicos; a través da firma dos convenios necesarios coas distintas administracións competentes e os centros escolares, o horario de uso das instalacións dispoñíbeis nos centros escolares. **Un alargamento de horarios para o uso e desfrute da cidadanía; xa que son uns recursos infrautilizados** debido ao seu uso nunha franxa horaria moi limitada, concreta e escasa; e que ben poden complementar a alta demanda en certos horarios, sobre todo nas fins de semana, de uso de instalacións deportivas.

Un dos avances en materia de deportes será a creación de **Plans de aforro enerxético nos centros deportivos** mediante a implantación dun programa de medidas de redución dos gastos en iluminación e en caldeira, dentro da capilaridade das políticas do noso goberno a favor da xestión de “territorios intelixentes”. Dotaremos un fondo extraordinario para colaborar cos concellos na co-financiación das obras menores de conservación e mantemento daqueles centros deportivos de titularidade municipal, con prioridade naquelas obras que xestionen o cambio de modelo enerxético

DEPORTE DE COMPETICIÓN

O noso compromiso para o deporte de elite pasa por establecer acordos cos medios de comunicación xerais e especializados para a **difusión e divulgación das competicións femininas e dos deportes chamados minoritarios e tamén de persoas con discapacidades.**



COMPROMISO
POR GALICIA

Impulsaremos un Plan de creación de Centros de Especialización na Tecnificación Deportiva (CETD) no País, **garantindo a maior representación de modalidades deportivas en Galicia.**

Crearemos o primeiro Centro de Tecnificación Deportiva (CTD) hiperespecializado na Discapacidade.

DEPORTE E XOGOS TRADICIONAIS GALEGOS

Achegaremos desde os poderes públicos galegos o fomento dos deportes tradicionais galegos nas escolas e asociacións coa dotación de material deportivo e técnico para a súa práctica nos centros educativos, asociacións culturais, deportivas e sociais para a **execución dun programa de acción global de coñecemento e práctica regulada e regular dos nosos deportes nacionais.**

Impulsaremos para isto unha estrutura federativa para os mesmos e posta en marcha de Ligas Nacionais.

O DEPORTE COMO SECTOR DE IMPULSO ECONÓMICO.

Un dos obxectivos e o noso compromiso co País e achegar ao deporte ao noso novo modelo económico e social. Neste senso, o deporte é unha alternativa turística para o noso país, que pode ter incidencia tanto no mantemento do medio ambiente como no desenvolvemento sustentable da nosa economía e a potenciación do 4º sector.

Sen ser exclusivamente considerados deportes, no sentido clásico dos mesmos, **as novas prácticas como: o sendeirismo, o surf ou o BTT; teñen, unha mais do que importante, relevancia alén do que é o propio beneficio corporal físico; levando mais lonxe outros valores como o contacto coa natureza, a socialización de distintos grupos de idade, a posta en valor do patrimonio histórico-artístico ou o achegamento ao coñecemento da nosa contorna.** Son tamén eixo fundamental na posta en valor dunha oferta turística diferenciadora.

Torna fundamental a **creación dunha rede de ciclovías polo noso País e procurar a inclusión de Galicia no programa europeo “Erovelo”, onde debemos ser un dos referentes para a creación dunha ruta Atlántica na Península Ibérica** e a vertebración da mesma a través dos órganos transfronteirizos: Eixo Atlántico e Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.

Impulsaremos un Clúster de Empresas Deportivas que teña entre os seus principios reitores a promoción do exercicio físico saudable nas diferentes franxas de idade, tanto desde a xuventude como na terceira idade.

Tamén consideramos preciso, dada a importancia que ten o mar para o noso País, virar os nosos esforzos cara un maior coñecemento deste medio; achegando o mesmo a través de **prácticas deportivas acuáticas e subacuáticas sustentables, facilitando unha oferta que veña a por en valor o noso espazo natural.** Neste eido, promoverase a colaboración institucional precisa para achegar a Galicia grandes eventos deportivos marítimos.

Fomentaremos os eventos deportivos de deporte base de carácter internacional, como alternativa unha alternativa viable e sustentable para a promoción do noso país e da Marca Galicia e do turismo

deportivo.



POLÍTICA SANITARIA: SANIDADE PÚBLICA DE CALIDADE E PARA TODAS.

SANIDADE PÚBLICA: UNHA BOA XESTIÓN É UN BO TRATAMENTO

A sanidade pública caracterizaba-se por ser gratuíta e universal, fronte ao anterior modelo do franquismo onde unicamente tiñan acceso ao sistema os cotizantes e estaba baseado nun sistema regresivo de financiamento. Hoxe en día e tras sucesivas políticas dos últimos gobernantes desde a transición, isto xa non sucede así, o dereito a protección a saúde recollido no artigo 43 da Constitución Española a **sanidade pública é un dereito do cidadán**. Un dereito financiado sobre un sistema impositivo progresivo e que na actualidade entrou en crise.

Unha crise da sanidade pública froito, en maior parte, da crise demográfica e da crise financeira que desfai ao estado de benestar. Alén disto, os prezos dos combustibles de orixe fósil, con unha enerxía barata derivada do petróleo e que fixeran no seu día posible estender as políticas de benestar, ao longo de toda a poboación, hoxe en día xa non permiten o mesmo gasto e investimento social. Hai unha clara diminución da calidade asistencial sanitaria pública; tanto na atención primaria, como en especializada e hospitalaria; todo derivado dunha crise fiscal do estado de benestar.

Isto ten axudado tamén nos últimos tempos a aumentar a crise de desafección política da cidadanía, achegando grandes doses de déficit de lexitimidade e de eficacia sobre o sistema político, polas clases maioritarias perceptoras e sustentadoras destas políticas na súa maior parte.

No ámbito da Sanidade, como nos demais servizos públicos esenciais, **os poderes públicos deben actuar como garantes e reguladores para que non se limiten e condicionen as políticas de benestar por razóns da presión dos mercados**.

O goberno das e dos galeguistas atenderá exclusivamente a razóns da procura do benestar dos galegos e galegas. **Os poderes públicos deben garantir que o sistema sanitario manteña o seu carácter universal e como consecuencia o seu financiamento a través do sistema fiscal**.

É fundamental incrementar a eficiencia no gasto e na calidade das prestacións, así como incorporar aqueles servizos derivados das novas necesidades da poboación.

Resulta básico un incremento no **financiamento do sistema, baixo un criterio de suficiencia**, que atenda as novas necesidades socio-sanitarias da poboación. Na **procura dunha mellor calidade asistencial e de unha extensión dos servizos sanitarios por todo o País**.

O goberno galego dirixido por CxG auditará e fiscalizará todas as concesionarias prestatarias de servizos externalizados que actúen no eido da sanidade pública. O eixo central será o control por un organismo público da calidade na prestación do servizo e as condicións laborais dos e das traballadoras.

Para os homes e mulleres de CxG, outra das bases da mellora da calidade asistencial no Servizo Galego de Saúde vai da man dunha xestión eficaz, que permitiríanos, entre outras cousas, a **apertura de camas no verán**.

Para nós o aumento das listas de espera é unha problemática que afecta directamente á calidade de vida das galegas e dos galegos, e que debido a unha mala xestión por parte dos actuais gobernos, non se ten resolto nos últimos anos; incluso é unha problemática que ten ido aumentando. **Abrir as unidades de quirófanos e camas que están actualmente pechados** é unha acción básica que todo bo xestor ten que realizar.

O goberno das xentes galeguistas proporcionará os **medios necesarios para dignificar a sanidade pública, evitando na medida do posible, a derivación de pacientes para centros concertados privados**, o que ten demostrado a súa ineficacia na redución das listas de espera.

Propoñemos un **sistema de mellora na xestión do material ortopédico**, creando unidades de apoio ortopédico en traumatoloxía sobre material reutilizado.

Unha das actuacións principais do goberno galeguista, **vai ser a mellora dos ratios entre médicos e pacientes**. Uns ratios que son moi desiguais con respecto a media Europea, que é de 9,1, e que finalmente derivan nun empeoramento da calidade asistencial e nunhas peores condicións laborais para os profesionais da sanidade pública.

Melloraremos neste sentido as **contratacións en atención primaria, sacando novas prazas** e cubrindo as xubilacións actuais.

E imprescindible que avancemos na definición dunha carreira profesional, como instrumento para fortalecer o sistema e mellorar a implicación dos profesionais, coa **aposta pola dedicación exclusiva do persoal sanitario na rede sanitaria pública**.

Resulta fundamental a **reforma da especialización médica e unha nova definición do papel e as competencias da enfermaría** no sistema sanitario.

Reformaremos o modelo retributivo actual dos profesionais dependentes do Sergas. Debemos superar o actual modelo de Complemento de Produtividade Variable e debemos contemplar incentivos ligados ás novas necesidades que deben atender os profesionais do sistema sanitario mais alá dos incentivos económicos xa existentes.

Desde o noso compromiso coa sanidade pública e universal, **emprenderemos programas de Formación Continuada**, que deben estar intimamente vinculados cos obxectivos marcados nos plans de saúde.

No sentido de dar unhas **mellores condicións laborais ao persoal sanitario** e que teña reflexo na mellor calidade asistencial, recollemos unha das demandas máis estendidas polo persoal sanitario, deixando libre de facer noite ao persoal con mais de 50 anos ou mais de 20 anos traballados.

As necesidades de saúde ten que ser a razón dos medicamentos e dos investimentos neste terreo. Un dos maiores gastos das administracións está neste apartado que desde o goberno galego de CxG imos a racionalizar no gasto e na xestión farmacéutica. O verdadeiramente necesario son medicamentos esenciais e as innovacións terapéuticas que se podan pagar. **Adiantaremos na regulación normativa precisa para unha efectiva xestión dos recursos do gasto farmacéutico implantando as receitas de medicamentos monodoses**.

Desde esta perspectiva **propoñemos potenciar o investimento público na investigación bio-médica**, co apoio das universidades e centros de investigación e das pequenas empresas de bio-tecnoloxía.

Garantiremos a transparencia na relación entre Administración, industria farmacéutica e os/as profesionais sanitarios, procurando as receitas de medicamentos xenéricos naqueles casos onde non se afecte á eficacia da vía terapéutica.

IMPULSO DA ATENCIÓN PRIMARIA COMO PILAR BÁSICO DA SANIDADE. CRONICIDADE DAS ENFERMEDADES, ENVELLECIMENTO E CIDADOS PALIATIVOS.

A mellora da primaria, nunha Galicia que sofre de un forte avellentamento e dunha dispersión territorial que agrava moitos dos problemas que afectan aos nosos maiores, **torna-se en fundamental para o goberno de CxG**. Unha mellora da atención primaria que deriva directamente na axuda a desconxestionar a rede de hospitais.

Unha aposta decidida pola atención primaria, como primeira porta de acollida no sistema público de saúde, como provedora dunha asistencia de maior proximidade e coñecemento dos problemas de saúde dos e das usuarias. Desde esta aposta chegariamos a unha diminución do número de esperas para consultas de especialidades, maior urxencia para a práctica de cirurxías menores e diminuíría a conxestión das urxencias.

Potenciaremos a Cirurxía Maior Ambulatoria e outras alternativas nos centros con obxectivo de reducir as listas de espera..

Melloraremos a atención domiciliaria con unha maior dotación de recursos.

Unha das tarefas mais importantes do noso goberno será a de **reformular e redimensionar a rede de PACs**. Neste sentido consideramos urxente realizar unha valoración da distribución xeográfica dos mesmos, que nalgúns casos respondeu a criterios alleos as necesidades reais de atención a saúde. Consecuencia da mala planificación é a súa deficiente e custosa dotación de profesionais e material necesario para que podan ser resolutivos, continúan os desprazamentos as urxencias hospitalarias e colapsos nas mesmas. **Consideramos necesario camiñar cara a creación de centros de urxencias mancomunados con alta capacidade resolutiva, con boa dotación de transporte para atender domicilios e urxencias e moi ben coordinado co 061.**

Garantir a libre elección de todos os profesionais sanitarios.

Actualizar da carteira de servizos tendo como eixos a Prevención, Promoción, Rehabilitación e Asistencia. Neste eido **achegaremos a atención psicolóxica á atención primaria.**

Completaremos e melloraremos a **Historia Clínica electrónica.**

Unha mellora da atención primaria, fundamental para o tratamento de patoloxías crónicas que de cada vez teñen mais incidencia na nosa poboación. Esta prioridade pola atención primaria recolle o noso impulso como tarefa de goberno aos **programas de mantemento das persoas maiores no seu contorno social.**

Xunto con este aumento nas patoloxías crónicas polo aumento do envellecemento, tamén está a cuestión da **morte digna, se queremos que os nosos maiores podan morrer na súa casa**, sen ter que institucionalizalos, sen dor e sen sufrimento, necesitamos ese impulso na atención primaria cara os cuidados paliativos.

SAÚDE MENTAL E ADICCIÓNS

Desde a publicación do Decreto 389/1994 que pretendía ser o eixo da reforma na atención aos problemas da saúde mental a pesar do gran consenso acadado. os resultados non poden ser máis negativos. Apenas se desenvolveran algunha das propostas. **Para CxG a reforma da Saúde Mental, dado esta situación, ten a consideración de área de acción prioritaria**

Pór en marcha de forma urxente, un **Plan de Saúde Mental** no que se especifiquen os programas a desenvolver e as necesarias estratexias e orzamentos para a **necesaria reforma deste sector será das medidas que tomaremos nos nosos primeiros 100 días de goberno.**

Crear unha rede única para a atención a saúde reprodutiva que aborde tamén a saúde sexual e a saúde mental dende unha perspectiva de xénero. Esta rede debería pór en marcha a recuperación do Plan Integral de Atención a Muller e mellorar a atención a saúde sexual no sistema público.

Temos que tomar a iniciativa legislativa necesaria para achegar unha perspectiva multidisciplinar e transversal das áreas de promoción da saúde, da prevención das adiccións, da redución da oferta, a asistencia e a inclusión social, a xestión do coñecemento ou a educación nos diversos niveis; no **desenvolvemento legislativo a prol dunha nova Lei Galega de Drogas e atención ao consumo sobre substancias con capacidade aditiva e adiccións comportamentais.**

Temos que **achegar as medidas para diminuír os efectos especialmente negativos que poden producir, tanto no ámbito persoal e social, algunhas formas de consumo de substancias con capacidade aditiva ou condutas excesivas con risco de xerar adiccións.** Algunhas substancias de consumo culturalmente aceptadas e habituais como ben poden ser a alcohol ou o tabaco.

Na mesma, **aplicaremos as medidas para modificar as percepcións, actitudes e comportamentos das persoas e das institucións dando así unha resposta ás novas realidades sociais e aos novos patróns de consumo de drogas e comportamentos aditivos.** Neste sentido, prestaremos especial atención tanto á perspectiva de xénero como ás persoas menores de idade e á xuventude para achegar unha perspectiva de educación para a saúde, tanto desde os profesionais da saúde como nos profesionais da educación, sobre estes sectores con especiais factores de risco.

ATENCIÓN HOSPITALARIA: EXCELENCIA CLÍNICA E XESTIÓN PÚBLICA DESCENTRALIZADA

Debemos ir cara a unha nova concepción da atención hospitalaria. Un modelo que se apoie no consenso entre os traballadores, xestores e responsables políticos. O aumento da eficacia e da eficiencia así como o **camiño cara a “excelencia clínica” ten que basearse e cuantificarse por medio dos indicadores e instrumentos de avaliación que son empregados e asumidos internacionalmente.**

O modelo para implementar estas reformas terá que vir, entre outros, da **creación e organización dos hospitais en Unidades e Áreas Funcionais orientadas a unha atención integral ao paciente.** Na mesma incrementaremos o número de camas operativas na rede pública.

Paralizar os proxectos de construción Hospitalaria baseado no modelo PFI e no caso do novo Hospital de Vigo a reversión da concesión realizada.

Mellorararemos a coordinación entre Atención Primaria e Hospitais, coa **elaboración de Planos de Área para planificar e coordinar os dous niveis de saúde.**

Unha das medidas urxentes do goberno de CxG é **reconverter as actuais Xerencias Únicas Integradas** que só están servindo para restarlle capacidade e autonomía de xestión as Áreas Sanitarias e marxinando a Atención Primaria

Crearemos e mellorararemos unidades que aporten calidade de atención aos pacientes e reduzan as estancias hospitalarias: Unidades de curta estadia, Unidades de Cirurxía Maior ambulatoria, hospitalización a domicilio, hospitais de día, consultas externas de alta resolución

O goberno galego de CxG vai **descentralizar a atención hospitalaria** e potenciar o desenvolvemento das Consultas de Enfermaría.

En CxG consideramos que ademais dunha dotación de recursos suficientes e unha mellor coordinación entre as unidades de primaria e especializada, **a mellora das listas de espera, pasa por priorizar en base a indicadores obxectivos e fiables.**

Achegaremos as medidas precisas para informar ao paciente da súa situación e **facilitar cambios nas listas dentro da rede sanitaria galega.** Garantiremos os tempos de espera dentro da calidade da atención sanitaria.

Incorporaremos **programas de segunda opinión médica.**

INVESTIGACIÓN CLÍNICA E BIO-MÉDICA

De cara a mellorar os resultados neste ámbito de acción das políticas públicas, **consideramos necesario orientar á investigación biomédica as necesidades de saúde da poboación galega, coas súas características propias que debeñen do noso forte avellentamento** poboacional, potenciando os ámbitos de cooperación e traballo en rede con núcleos que teñan un importante apoio institucional e con equipos multidisciplinares (programa CIBER, plataformas tecnolóxicas,...)

Elaboraremos un **mapa de investigación sanitaria** co obxectivo de eliminar duplicidades nos programas de investigación, xerar sinerxías entre equipos complementarios e aumentar o **uso eficiente das infraestruturas científico-tecnolóxicas.**

Impulsar a participación de axentes públicos e privados nos proxectos nacionais e internacionais do ámbito da bio-tecnoloxía como sector emerxente da economía e un dos piares do 4º sector da economía.

Impulsaremos os **esforzos na formación en metodoloxía científica** tanto cualitativa como cuantitativa, pre e pos-grado, dos profesionais das ciencias da saúde.

SOLUCIÓNS PARA A COHESIÓN SOCIAL E UN NOVO MODELO DE CONVIVENCIA.

Na situación actual de crise que vimos arrastrando estase producindo un maior sufrimento de amplos sectores da poboación provocando un aumento da necesidade social, e con iso un incremento da demanda no sistema, á que non se deu a resposta axeitada. As necesidades económicas das administracións foron suplidas co reaxustes e recortes orzamentarios que non deron deste xeito resposta á alta demanda colectiva que se deu en grupos sociais en risco de vulnerabilidade. Así mesmo, o sobreendevedamento das familias, unido á perda en moitos casos dos seus postos de traballo, provocou que as cargas hipotecarias e crediticias enviáran a situacións de risco a un amplo número de familias que se atopaban na capa coñecida como “clase media” e que é o sostén fiscal das mais das políticas sociais. Moitas destas familias perderon a súa vivenda e sosteñen débedas vitalicias derivadas do inxusto sistema hipotecario que temos.

Os homes e mulleres de CxG estamos totalmente dispostos, e de cada vez máis, a traballar por chegar, dentro dun novo modelo económico e social, un modelo de convivencia, benestar, cohesión social, participación democrática e calidade de vida que chegaríanos preto da meta da felicidade común.

Compromiso por Galicia presentará un **sistema de financiamento ás corporacións locais para o desenvolvemento dos servizos sociais da súa competencia** que permita aos concellos planificar e organizar servizos en función da tipoloxía de área social a que pertencen e que primará o desenvolvemento de fórmulas áxiles de xestión pública, de economía social e de empresas de inserción.

Desde o goberno galego, con toda certeza, estariamos a **conceder a máxima importancia ao liderado do público e a súa complementariedade co terceiro sector**, sen pasar nunca dos dereitos sociais ao estado policía e ás políticas de beneficencia. Isto significa que as organizacións sociais non deben substituír ás administracións, senón complementalas.

O Sistema de Servizos Sociais, denominado IV Piar do Estado de Benestar, persegue construír unha sociedade máis inclusiva. Para iso é necesario **garantir o dereito de todas as persoas ás prestacións sociais**, a través da planificación de políticas sociais e a elaboración de normativas que definan competencias e articulen a súa estrutura nos diferentes ámbitos da administración pública. O Sistema de Servizos Sociais demostrou a súa eficacia desde os anos 80, pero xa antes da chegada da crise fiscal do estado de benestar, derivada da crise financeira mundial, xa necesitaba consolidarse e perfeccionarse. Nun momento como o actual, é necesario ampliar a súa cobertura para satisfacer as novas e crecentes necesidades sociais derivadas en moito da crise demográfica e da crise financeira.

Partindo de que **Galicia ten competencias exclusivas en materia de servizos sociais temos que axir con firmeza e esixir o financiamento suficiente** para o desenvolvemento da lei que deberá achegarse ao 10% do orzamento destinado ao conxunto das comunidades autónomas, avanzando así no cumprimento da débeda histórica do estado español con Galicia no eido dos servizos sociais.

Potenciar todos os servizos de apoio no fogar fronte a institucionalización, co **reforzamento da rede de coidadores informais e coidadores ocasionais**, devolvendo aos concellos a competencia total no desenvolvemento dos servizos de proximidade.

Temos que achegar como unha das primeiras accións do goberno dos e das galeguistas a **posta en marcha dun Servizo de Emerxencias Sociais e atencións de urxencia en todo o territorio** que se coordine con todos os actores que públicos e privados de cara a dar solución a este tipo de situacións cando se produzan fora do habitual horario de atención dos servizos sociais nas administracións. É urxente elaborar un censo de Persoas maiores, discapacitadas e; en xeral; en situación de posible dependencia, e artellar protocolos para evitar situacións de urxencia non advertidas e do mesmo xeito poñer mecanismos de participación comunitaria e de loita contra a soidade.

Desde o goberno galego levaríamos a creación dunha **Rede de Recursos Socio-sanitarios para persoas enfermas de longa duración** que non poden retornar aos seus fogares.

Unha das problemáticas mais graves reside, nos mais dos casos, no financiamento e mantemento das políticas sociais. O goberno de CxG fixará unha dotación orzamentaria suficiente e sustentable, converxente co gasto social europeo para as partidas adicadas a políticas sociais de benestar. **Unha das nosas máximas está en incrementar o gasto social e investir nos Sistemas de Benestar Social e no sector público. Concibimos as políticas públicas en servizos sociais como investimento social e fonte de riqueza para a nosa comunidade**, non como gasto: é o mellor sistema para a redistribución da riqueza. Inxeriremos unha estratexia de complementariedade entre o terceiro sector e a administración pública autonómica.

Un **Sistema de Servizos Sociais universal e de proximidade** xunto a establecemento dunha estrutura de coordinación das distintas áreas coas persoas traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios para facilitar información, coordinación de actuacións, etc. de carácter estable, programado e eficiente.

O **Sistema Galego de Servizos Sociais** que se quere desenvolver, ten, na igualdade de oportunidades o seu principio fundamental. Unha política de servizos sociais facilitadores dunha convivencia social harmónica e xusta e como un pilar fundamental para a cohesión social, territorial e económica; **sustentado na capacidade de autogoberno, no liderado dun goberno comprometido**, responsable e implicado en atallar as desigualdades sociais desde a universalidade, e a corresponsabilidade pública e privada, desde a cooperación interinstitucional, a accesibilidade e a participación social.

A MELLOR POLÍTICA SOCIAL: AUMENTAR A EMPREGABILIDADE E A ACCESIBILIDADE Á EDUCACIÓN DAS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL.

Facilitar o emprego e a empregabilidade das persoas en exclusión social ou en risco de exclusión social e apoialas para a busca, obtención, mantemento do posto traballo ou o retorno ao mercado laboral. Está éa mellor política social na procura da inclusión social. Reside tamén en facilitar e achegar o acceso á educación dos sectores en risco de exclusión. Somos conscientes, da crítica situación económica que atravesamos e somos sabedores de que os servizos sociais constitúen tamén un sector que é motor na creación de emprego e desenvolvemento económico, o modelo de servizos sociais debe potenciar programas estratéxicos de cooperación que os convertan nun obxectivo común para o conxunto da sociedade galega e garantan o exercicio dos dereitos humanos fundamentais.

Temos, que achegar unha modificación substancial da normativa que dirixe as Rendas de Integración Social Galega para garantir máis cobertura, máis axilidade na súa tramitación e máis xustiza social. Dita modificación comezaría polo artigo 3 da lei 10/2013 no referente aos criterios de exclusión **complementando coa RISGA ás persoas que procuran a inclusión con traballos a tempo parcial e/ou contratados por tempo definido**. A modificación da Lei é fundamental para facilitar o acceso ás Rendas de Integración a todas aquelas persoas ou familias que carezan de ingresos na unidade familiar sen que se teña en conta á familia extensa. Na mesma, temos que garantir as subministracións básicas (luz-auga-gas) para todas as persoas con independencia dos seus ingresos.

Centraremos as nosas políticas sociais en dar continuidade ao **Plan de Inclusión Social de Galicia** a través dun programa compactado, de servizos sociais, emprego, sanidade e igualdade; como ferramenta de loita contra a pobreza e a exclusión social, a través da potenciación e **reforzamento da rede Galega de Loita contra a Pobreza e co apoio decidido á iniciativa social sen ánimo de lucro e ao sector empresarial**.

O goberno galeguista de CxG promovera as **contratacións públicas de empresas que actúen sobre un código deontolóxico de responsabilidade social** e incluírá convocatorias de subvencións socialmente responsables. Temos que achegar, dentro do novo modelo económico e social, a problemática que representa para a nosa sociedade e concienciar ao empresariado sobre as capacidades laborais dos homes e das mulleres en risco de exclusión social. Nestas políticas sociais temos que chegar a fortalecer as accións de estímulo á contratación de persoas en risco de exclusión social, tanto na empresa ordinaria coma no terceiro sector. Para isto, desde os servizos de orientación e intermediación laboral ofertaranse actuacións especificamente dirixidas ás mulleres e aos homes en risco de exclusión social que demanden un emprego, de xeito coordinado cos servizos sociais comunitarios.

Alén de promover as cláusulas sociais nas contratacións públicas, temos que un dos eixos fundamentais é fomentar a **formación con compromiso de contratación** e a responsabilidade social corporativa

CxG desde o goberno da Xunta, pulará na **creación e impulso de fórmulas de economía social e empresas de inserción e transición**.

UNHAS POLÍTICAS SOCIAIS CON FUTURO PARA A INFANCIA EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Desde as mulleres e homes que formamos CxG acreditamos na incondicionalidade dos dereitos da infancia e entendemos **a atención á infancia como un eixo básico onde a prevención se converte no instrumento básico da intervención**. Como non pode ser doutro modo, unicamente desde a inclusión na comunidade educativa das nenas e nenos poderemos achegar as ferramentas para iniciar un camiño en positivo para o seu futuro.

CxG quere procurar o bo trato a infancia avanzando na **implantación plena do rexistro unificado de maltrato infantil, dotando de recursos de prevención aos concellos**.

Unha das vías para evitar o risco de exclusión social deste sector da poboación vai ligada a **diminuír o absentismo escolar, reducindo o internamento de menores en Centros de protección e posibilitando o acollemento familiar e a normalización das situacións de vida dos nenos e nenas**.

Evitar a xudicialización dos e das menores, avanzando na **mediación xudicial para a conciliación e resolución de conflitos con menores** e unha das nosas liñas de actuación, para achegar medidas que impidan no posible o circulo da exclusión social.

Continuar na mellora dos centros e casas da familia para unha mellor redistribución das prazas e unha atención de calidade á infancia. Na mesma, desenvolver as infraestruturas e chegar a posta en marcha de Centros para a coordinación da intervención e execución de medidas en medio aberto.

Crear de talleres produtivos nos centros de reeducación e dotar unha **bolsa de vivendas para a reeducación de menores en grupos de convivencia**. **Crear a rede galega de vilas amigas da infancia**, promovendo servizos e programas facilitadores da crianza dos mais pequenos, comedores, parques,

ludotecas, actividades.

Elevaremos os recursos e equipamentos específicos que posibiliten unha **atención axeitada aos menores con necesidades educativas especiais**.

Crear un **servizo de apoio a infancia con necesidades especiais**. Problemas de integración social e escolar ou en risco de pobreza e exclusión social ou en situación ou risco de exclusión como un proceso de apoio ás familias para dispor de recursos que lles faciliten a crianza dos fillos e fillas.

Reeditaremos o Observatorio Galego da Infancia, promovendo a análise das problemáticas emerxentes, estudos e investigacións en materia de infancia así como a participación de todos os axentes que desenvolven as políticas de infancia en Galicia

Unificar e exercer un **control sobre as Entidades de Reparto de Alimentos** é central para achegar unha correcta alimentación a moitos dos fogares galegos que viven con escasos recursos e onde os mais afectados son as nenas e os nenos que atopan-se nunha etapa fundamental do seu crecemento. Este é un modo para ter o garante de que todas as familias que o precisen reciban os lotes, e non haxa outras que reciban por triplicado.

Dentro das políticas de apoio ás familias temos que **mellorar a dotación de bolsas comedor**. Temos, seguindo na extensión destas políticas que garantir de xeito anticipado e planificado a **cobertura nutricional e alimentaria na época estival**.

DEPENDENCIA: UNHA NECESIDADE PARA AS FAMILIAS E AS PERSOAS DEPENDENTES

O noso partido político, na súa acción de goberno, vai establecer mecanismos de prevención da dependencia, especialmente desde a implantación e o financiamento necesario de políticas de envellecemento activo e saudable. Unha cuestión fundamental e transversal e que ten incidencia nos diferentes sectores da nosa sociedade. **Levaremos á nosa acción a desenvolver proxectos comunitarios e compartidos entre entes públicos, privados e terceiro sector que activen e fomenten a cooperación e participación da comunidade na prevención da dependencia**.

Dentro da nosa acción de goberno, daremos o impulso legislativo necesario para crear o **Plan de Optimización da Xestión de Recursos Socio-sanitarios destinados a persoas maiores, en situación de discapacidade e persoas con Dependencia**.

Con este plano optimizaremos os recursos de proximidade, sobre todo no rural, para potenciar o mantemento das persoas dependentes no seu entorno e a creación de empregos en zonas do País que teñen unha forte perda de poboación, facilitando a **fixación de poboación no rural**. Con estas políticas estamos a provocar a dinamización do medio rural, **promovendo a incorporación de persoas en desemprego ao mundo laboral a través do coidado de persoas dependentes**, axudando ao tempo ao mantemento de servizos básicos educativos e sanitarios.

Un plano con incidencia real na redución dos tempos de resolución dos expedientes e na fiscalización dos recursos aplicados. Ampliaremos os recursos establecidos na carteira de servizos e a **coordinación e o fluxo de información aos traballadores sociais sobre o desenvolvemento da dependencia**.

O plano dará **cobertura dos desprazamentos de urxencia a centros residenciais de persoas maiores**, con discapacidade ou dependencia, unha prestación con moita demanda e que actualmente no ten cobertura polo Servizo Galego de Apoio a Mobilidade Persoal.

Estableceremos, dentro deste Plan de Optimización da Xestión de Recursos Socio-sanitarios destinados a persoas maiores, en situación de discapacidade e persoas con Dependencia, **para a atención das persoas dependentes en situación de urxencia social, unha primeira valoración médico-social suficiente para a entrada no sistema**, sendo válida a realizada polos servizos públicos de saúde e os servizos sociais comunitarios.

Potenciamos; con este plan; a **atención especializada**, a través de servizos sociais específicos, da prevención de demencias, a atención a enfermos de Alzheimer, Párkinson e outras **enfermidades dexenerativas desde centros ambulatorios e diúrnos**.

Recuperaremos as axudas económicas para persoas dependentes coa finalidade de que poidan dispor de **axudas para a eliminación de barreiras no fogar** e a adquisición de axudas técnicas.

POLITICAS SOCIAIS PARA OS MAIORES: UN PAIS CUN FORTE AVELLEMENTAMENTO

Galicia atravesa por unha das maiores taxas de avellentamento, situación que atopase acentuada or taxas de natalidade moi baixas e nulas políticas efectivas no camiño do aumento da poboación activa. Compre facilitar que as persoas maiores se manteñan no seu domicilio, mellorar as situacións de soidade; un grande problema reflexo dun rural abandonado e no que a xente moza non quere formular o seu futuro vital. Temos que posibilitar a súa participación social, achegar recursos e servizos a todos os concellos e **recuperar para a sociedade o valor da experiencia e do potencial que atesoiran as persoas maiores**.

Un goberno comprometido co País, comprometido coa súa xente ten que avanzar na promoción de saúde das persoas maiores a través da prevención, o avellentamento activo, a dinamización e a participación social. Ten que impulsar **programas de mantemento das persoas maiores no seu contorno social**, para acadar este obxectivo ampliarase a cobertura de servizos de proximidade: atención diúrna, axuda no fogar, lavandería, reparacións a domicilio, comida na casa e transporte, así como o acollemento familiar para persoas maiores.

Alén do mais, unha medida real para frear o abandono do hábitat vital das persoas maiores e a procurar unha vida afastada da soidade e das problemáticas derivadas da mesma, emprenderemos unha liña de axudas económicas para **acceso a vivenda en alugueiro específica**, que facilite a convivencia informal de persoas maiores, **mediante un programa de vivenda compartida para maiores**.

Situaremos un obxectivo en fixar un número de prazas residenciais no nivel e tipoloxía de atención axeitado, deste xeito primarase a **construción de pequenos centros en réxime familiar na contorna rural de Galicia**, deixando os grandes centros para as grandes cidades.

A **recuperación do control público na atención dos centros residenciais**, abrindoos á comunidade de persoas maiores con modalidades asistenciais válidas, como as estancias temporais, a atención nocturna e a atención no domicilio a través de servizos tecnolóxicos de fisioterapia, terapia ocupacional, etc.

MINORÍAS ÉTNICAS, INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN DE RETORNO.

Cumpre desenvolver accións que permitan a redución das eivas existentes en vivenda, saúde, educación, e o emprego, en comparación coa poboación xeral, respectándose a súa cultura, valores e tradicións: Un dos propósitos das políticas sociais do goberno dos galeguistas de CxG é a ***inclusión das poboacións migrantes no noso País, desde o fundamental respecto aos valores democráticos e dos dereitos humanos.***

Acordaremos formas de promoción do acceso á vivenda normalizada, e mesmo o establecemento de barrios de transición, cando sexan adecuados, contando cos medios humanos e técnico necesarios para a ***integración social e laboral*** co obxectivo de reducir o chabolismo e calquera forma de exclusión social.

Desenvolveremos campañas de sensibilización sobre as minorías étnicas, nomeadamente da comunidade xitana, ***favorecendo unha imaxe non estereotipada e máis positiva.*** Aquí é que levaremos adiante programas de preparación para o emprego, formación, cara a consecución de habilidades sociais e competencias persoais que lle lo faciliten.

Desenvolver un ***programa de atención as persoas migrantes no seu proceso de acollida, integración e participación*** na vida da comunidade. Contarase para elo coa participación de membros da comunidade inmigrante, no deseño de programas que permitan dita integración.

ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADES


A pobreza e a Discapacidade son dous factores de risco potencialmente demoledores nunha familia, e máis cando se acumulan. O goberno galego das xentes galeguistas estará para traballaren de xeito específico neste ámbito e desenvolver o Decreto que regule a ***nova Lei de Accesibilidade*** nos primeiros meses do ano 2017 xuntamente con representación do sector da discapacidade organizada.

Procuraremos a normalización social das persoas con discapacidade e a sensibilización á cidadanía sobre os dereitos das persoas con discapacidade. Un destes dereitos ten que xirar entorno á ***capacidade a dispor dunha vida independente o que supón o acceso a un emprego digno, a unha vivenda accesible e a participación na vida pública e privada.*** Con isto poderemos avanzar na accesibilidade universal e na participación social e garantir o dereito das persoas con discapacidade a non discriminación e a comunicación, a saúde, a atención temperá, a educación, a asociarse n función dos seus intereses e a dispor de tempo de lecer.

Deste xeito, ***incentivarase o emprego para persoas con discapacidade nas empresas a través de axudas que repercutan nesas empresas.***

Procuraremos a protección das persoas con discapacidade en situación de vulnerabilidade. Para o cal temos que facer moito mais relevante o papel da FUNGA, así como mellorar o seu funcionamento e ***crear o programa de títos comunitarios. Dispoñer de recursos especializados para persoas con discapacidade intelectual, dano cerebral e outras discapacidades.***

É tamén un eixo moitas veces esquecidos, a necesidade de ***dar visibilidade a través de campañas de sensibilización en favor da Imaxe das persoas con Discapacidade***



POLITICAS DE IGUALDADE: COMPROMISO FEMINISTA E CONTRA CALQUEIRA TIPO DE DISCRIMINACIÓNS

POLITICAS DE IGUALDADE: O AVANZO SOCIAL E DE PROGRESO PARA UNHA SOCIEDADE MAIS XUSTA E IGUALITARIA.

Son moitos os avances realizados nas últimos décadas, nomeadamente no marco da política de igualdade de oportunidades plasmada nunha avanzada lexislación estatal e autonómica, xeral e sectorial, así como nos diversos plans de igualdade estatais e autonómicos. De aí que se deba impulsar a política de igualdade de xeito transversal, incorporando a análise do xénero en todos os ámbitos de acción. **O noso novo modelo económico e social ten como un dos seus obxectivos, na procura dunha sociedade máis coesionada e con mellor xustiza social, soster e avanzar no logro da igualdade real que os datos revelan aínda lonxe.**

Ao xa coñecido desemprego, diminución de salario, e en definitiva maior precariedade das mulleres asalariadas, as mulleres que pretenden iniciar o camiño do autoemprego atopan, as máis das veces, moitos atrancos, desde o propio mundo da empresa dominado por unha perspectiva masculinizadora ao que soman unha baixa implicación desde os poderes públicos. **O noso compromiso, está no apoio á muller empresaria e as iniciativas que desde a economía do coñecemento e a innovación estas leven a cabo. A nosa sociedade ten que superar moitos dos atrancos culturais que son barreira para a meta dunha sociedade máis xusta e sen discriminación.**

O noso goberno levará o compromiso de impedir situacións de discriminación que sitúen ás persoas en situacións de vulnerabilidade e indefensión, sexa por razóns de sexo, xénero, raza, lingua, relixión, opinións políticas ou calquera outra opinión, nacionalidade, orixe social, orientación sexual, identidade sexual e de xénero, idade, estado de saúde, diversidade funcional, estado civil, condición de persoa refuxiada.

O goberno das e dos galeguistas, achegará ao colectivo LGTBIQ+ os medios para a creación de espazos de acompañamento, aos que se poida recorrer en casos de discriminación, proporcionando recursos e axudas.

Grazas á loita incansable e constante de millóns de feministas, actualmente no noso país non só dispomos dunha avanzada lexislación estatal e autonómica, xeral e sectorial, senón que tamén contamos con diversos plans de igualdade tutelados polo Estado e a Xunta de Galicia. Porén, sen vontade política, sen conciencia de xénero e sen obriga moral, o conxunto de leis que nos amparan e a cadea de medidas e accións institucionais que nos empoderan son papel mollado que afoga as nosas liberdades e dereitos.

Unha das medidas do noso goberno, será a **inclusión de criterios de xénero e igualdade nos concursos públicos**, fomentaremos a paridade no órganos de dirección das empresas privadas que queiran acceder a concurso público. Nesta mesma liña de medidas e actuación, procuraremos que nos procedementos de **acceso á función pública se valore e puntúe a formación en igualdade de oportunidades.**

É preciso afianzar os logros acadados polo feminismo polo que debemos fortalecer os recursos políticos e públicos que temos á nosa disposición. **Compromiso por Galicia vai blindar os recursos económicos e humanos destinados aos diversos programas e plans que desde os poderes públicos de Galicia están a dispor para previr, reducir ou eliminar a violencia machista, favorecer a igualdade entre**

homes e mulleres ou impedir situacións de discriminación que sitúen ás persoas en situacións de vulnerabilidade e indefensión, sexa polas razóns que sexan.

Asemade, **desde Compromiso por Galicia imos dotar dos recursos económicos necesarios para o pleno e efectivo funcionamento da lexislación vixente para a prevención e protección da violencia de xénero**; e a elaborar un exhaustivo informe de impacto de xénero do proxecto de orzamentos e incrementar progresivamente o orzamento destinado ás políticas específicas de igualdade e contra a violencia machista, ata acadar o 0.5 % do orzamento total da Xunta de Galicia a finais da lexislatura.

Temos ido ollando, como nos últimos anos a crise económica e social ten provocado que as mulleres sufran máis intensamente os efectos da crise económica e padezan directamente as súas consecuencias non só no ámbito laboral: desemprego, diminución de salario e maior precariedade; senón tamén no plano persoal e no social onde estamos asistindo a un repunte do machismo e a un incremento da violencia de xénero.

A igualdade debe ser parte esencial do novo modelo de desenvolvemento social e económico do país baseado na innovación, na creatividade e no coñecemento.

As mulleres e homes de Compromiso por Galicia desenvolveremos e impulsaremos políticas de igualdade transversais, incorporando a análise do xénero en todos os ámbitos de acción das nosas políticas públicas:saúde, educación, cultura, economía, traballo, xustiza ou benestar; combinando diversidade de estratexias, tanto as de **igualdade de oportunidades e as de acción positiva dirixidas especificamente ás mulleres, como outras estratexias que operan a máis longo prazo desmontando os estereotipos e atrancos culturais que están detrás das discriminacións e das barreiras moitas veces ocultas e sutís.**

Este tipo de acción política fundamentalmente sensibilizadora debe ir dirixida ao conxunto da sociedade, pois o seu obxectivo é **desmontar as resistencias ao cambio**, sábese que aínda é preciso formar para a igualdade tanto nas etapas iniciais como no desenvolvemento profesional. Ademais impulsaremos políticas como a conciliación ou a distribución equilibrada de responsabilidades e de cargas, promoveremos na sociedade as boas prácticas a prol da igualdade, liñas que formaron parte de políticas de creación de emprego pero que hoxe están en perigo debido á crise.

Temos por diante un gran repto que consiste nun profundo cambio cultural e estrutural. Todos os ámbitos, instancias e procesos de acción política debe ser sensibles ao xénero, polo que sentimos a obriga moral de facer políticas transversais reais. De xeito transversal ou horizontal en toda a nosa acción política.

O noso obxectivo é continuar avanzando na **mellora do marco normativo que dea garantía ao exercicio real do principio de igualdade** plasmado na lexislación actual así como naquelas competencias que se consigan acadar.

Promoveremos **accións planificadas a prol da igualdade nos diferentes ámbitos de acción das políticas públicas** que permitan acadar o equilibrio na presenza de homes e mulleres, equilibrio na participación, na visibilidade, a atención á especificidade, igualdade no acceso e no trato, e a eliminación de estereotipos: educación, sanidade, benestar, cultura, deporte, mocidade e de maiores, no territorio, na economía ou no emprego.

Daremos o impulso legislativo para a **Creación da Unidade para a igualdade como órgano dependente da presidencia da Xunta de Galicia** coa función de efectivizar a acción política transversal, coordinar as políticas de igualdade en todos os ámbitos e niveis, impedindo o solapamento e a duplicidade, fomentar a investigación, elaborar ferramentas que permitan mellorar a eficacia e a eficiencia na aplicación das políticas

de igualdade en todos os niveis da administración autonómica, e a participación da sociedade nos procesos de debate.

Elaboraremos e tomaremos as medidas económicas para axudar na súa difusión para o debate social; un **Informe periódico sobre a situación das mulleres e homes en Galicia** que contemple o acceso aos bens, recursos e subministrados, a igualdade de oportunidades e de trato, e o seguimento do cumprimento da lexislación e dos plans de igualdade, para o que é preciso contar cun sistema de recollida de datos que contemple as variables relacionadas co xénero.

Avanzaremos propostas que permitan elaborar os **orxamentos públicos con sensibilidade ao xénero**, de modo que conteñan un informe de impacto que permitiría ter en conta as necesidades específicas de homes e mulleres e o impacto diferenciado das políticas públicas.

Incluiremos, desde os poderes públicos galegos gobernados por CxG, **criterios de xénero e igualdade nos concursos públicos**, fomentando a pariedade nos órganos de dirección, evitando a discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero e impedindo a apoloxía da cultura machista naquelas empresas que queiran acceder a recursos públicos.

Promoveremos a utilización da linguaxe inclusiva e non sexista en todas as institucións e organismos públicos e oficiais.

INDEPENDENCIA ECONÓMICA DAS MULLERES:

O noso compromiso, dentro do noso novo modelo económico e social, está en apoiar ás iniciativas de traballo autónomo e iniciativa empresarial, especialmente en sectores innovadores. Ao xa coñecido desemprego, diminución de salario e, en definitiva, maior precariedade das mulleres asalariadas, as mulleres que pretenden iniciar o camiño do autoemprego atopan, as máis das veces, moitos atrancos, desde o propio mundo da empresa dominado por unha perspectiva masculinizadora, ate a baixa implicación dos poderes públicos á hora de dar resposta ás súas necesidades e demandas.

Temos pois, que incidir fortemente no **fomento da empregabilidade das mulleres** a través da capacitación, a orientación e o impulso de sectores que facilitan este obxectivo. Ao tempo, aplicaremos medidas que contribúan a diminuír a temporalidade e a precariedade laboral máis acusada no caso das mulleres.

O goberno das e dos galeguistas achega o **compromiso de avaliar e facer seguimento da aplicación da lexislación en igualdade no traballo**, nomeadamente no referente á transparencia nas retribucións, á igualdade salarial, á mellora das condicións de traballo e á incorporación ao mundo laboral, tendo dereito a que as institucións coiden das crianzas; implantando a obrigatoriedade da etapa educativa de 0-6; durante o horario laboral, en xardíns ou centros de educación Infantil.

Un dos eidos onde a nosa acción governamental terá unha forte incidencia será na **avaliación da aplicación da lexislación relacionada cos permisos parentais e familiares, facendo fincapé no dereito de poder estar coas crianzas menores de idade, no caso de enfermidade grave ou hospitalización, non só os días de permiso establecido senón o tempo preciso en cada caso.**

Instaremos, desde a Xunta e o Parlamento galego, ao goberno do estado central a implantar progresivamente, tal como demanda a “Plataforma por Permisos Iguales e Intransferibles de Nacemento y Adopción” [PPIINA], os **permisos de paternidade obrigatorios e non transferibles.**

Na mesma, unha maior procura da independencia económica axuda a nosa sociedade a axir para diminuír a exclusión social e frear a feminización da pobreza. Nun plano estrutural estamos en momentos de involución e as mulleres están de facto perdendo posicións xa gañadas e incluso en risco de perder dereitos sociais e económicos. ***Un dos sectores máis afectados corresponde a aquelas mulleres que directamente convértense en coidadoras de persoas familiares dependentes. O noso compromiso é achegar as políticas de benestar para a profesionalización e valorización das labores de coidado das persoas maiores e dependentes.***

As mulleres, son as que maior cargas familiares soportan, impulsaremos políticas como a conciliación ou a distribución equilibrada de responsabilidades e de cargas, promoveremos na sociedade as boas prácticas a prol da igualdade.

Abordaremos o perfil profesional de Axentes de Igualdade, figura clave xurdida do necesario cumprimento dos compromisos políticos nacionais e internacionais en materia de igualdade e actividade profesional cunha clara proxección nas administracións públicas, empresas e entidades sociais.

Contaremos, dentro dos principios da nosa radicalidade democrática, coa ***participación e opinión de profesionais e colectivos ou asociacións feministas*** cando se adopten medidas legislativas ou executivas que lles afecten directamente.

IGUALDADE NA TOMA DE DECISIÓNS E EMPODERAMENTO DAS MULLERES:

Fomentaremos a ***participación máis activa e decisiva das mulleres na política, nas empresas, na acción sindical e nas organizacións*** en xeral; nomeadamente de medidas que permitan a súa incorporación aos postos considerados de maior responsabilidade de decisión.

Fomentaremos a ***participación equilibrada de mulleres e homes*** en todas as instancias de debate, estudo, negociación e decisión.

Achegaremos os recursos técnicos e orzamentos precisos para implementar de xeito totalmente decidido a ***lei 35/2011, sobre a titularidade compartida das explotacións agrarias.***

DIGNIDADE, INTEGRIDADE E FIN DA VIOLENCIA SEXISTA

O goberno dos e das galeguista, avanzara na loita contra o terrorismo de xénero dándolle o mesmo tratamento ás vítimas mortais por violencia machista que ás vítimas mortais por terrorismo. Temos que iniciar a senda da abordaxe integral do problema da violencia machista, na prevención e na atención así como na dotación de maiores e de diferentes recursos que permitan eliminar esta lacra social.

O noso compromiso é avanzar no debate sobre a violencia de xénero, instando ao goberno central a que se considere como violencia machista toda agresión sufrida por unha muller ou por persoas do seu círculo máis achegado, exercida polo feito da súa condición de muller ou por concorrer na súa protección, con independencia da vinculación sentimental co agresor.

Desde as mulleres e os homes de Compromiso por Galicia, imos achegar as medidas para chegar ao cambio social que leve ao ***avanzo na liberdade persoal e na autonomía sexual***, o que en primeiro lugar

implica que sexan as propias mulleres as que controlen a súa sexualidade, a reprodución, a xestación e o parto.

Traballaremos na procura da **recuperación do dereito a decidir das mulleres** de 16 e 17 anos sobre a súa propia maternidade. Repoñeremos a rede de Centros de Orientación Familiar e os Centros QUÉROTE+ dotándoos de medios necesarios para o seu axeitado funcionamento.

Avanzaremos na **sensibilización e implicación de tódolos axentes sociais que actúan en materia de igualdade** para incorporar a perspectiva de xénero e atender adecuadamente casos de violencia machista, trata e explotación sexual, especialmente do sector sanitario, da xudicatura, avogacía, equipos psicosociais, forenses e membros das Forzas e Corpos de Seguridade.

Avanzaremos na **aplicación de políticas positivas que desmonten os estereotipos e atrancos culturais** que están detrás das discriminacións e das barreiras moitas veces sutís e ocultas.

Achegaremos os medios materiais, técnicos e humanos necesarios para avanzar na **loita contra a trata e explotación sexual**, instando aos gobernos locais a extremar a vixilancia nos prostíbulos ou locais chamados “de alterne” e a traballar por mellorar os protocolos para a detección de trata de persoas e o endurecemento das penas por delitos desta índole. Perseguir a explotadores e proxenetas e sancionar ao cliente.



VIVENDA, GALICIA UN LUGAR PARA VIVIR. UN LUGAR PARA TRABALLAR.

VIVENDA: PLAN DE ALOXAMENTO RURAL

A Comunidade Autónoma de Galicia dispón, dentro do reparto de competencias fixado polo actual marco legal, competencias exclusivas para deseñar e executar unha política propia de vivenda segundo o seu Estatuto de Autonomía no artigo 27.3. Nestes tempos a crise está a danar enormemente ás persoas en situación de paro, exclusión social, mocidade, mulleres etc...danando a súa vida pola exclusión de dispor do acceso a unha solución habitacional. Desde o partido galeguista queremos achegar unha política social de vivenda centrada na procura do novo modelo económico e social que temos para o noso País. Unha política de vivenda que ademais de ter incidencia na inclusión social das persoas e colectivos máis desfavorecidos, porén non deixa de ver cara unha maior e mellor vertebración territorial, achegando solucións para dinamizar as economías das diversas comarcas deprimidas, tanto económica como demograficamente. Un País onde desde o Instituto Galego de Vivenda e Solo achegaríamos un plan de aloxamento en vivendas rurais valeiras, achegando deste modo, poboación a un rural cada vez máis despoboado e avellentado. Un **Plan de Aloxamento Rural como alternativa habitacional** para moitos mozos e mozas e para persoas en risco de exclusión social.

Xuntamente a este plan de Aloxamento Rural poderíamos engadir a **reimplantación de medidas de emancipación xuvenil**, encamiñadas principalmente a deter a perda demográfica que está a sufrir Galicia.

O resultado principal deste plan que é realizar unha oferta de vivenda en alugueiro, que teña como base o programa de rehabilitación de vivenda en núcleos rurais e vilas, remata por **favorecer o equilibrio territorial** do País. Tamén, como efecto desta nova política do goberno de CxG **achegaríamos a iniciativa de pequenas empresas e novas actividades, creando ao tempo unha grande empregabilidade** en zonas economicamente moi deprimidas. Outra das consecuencias inmediatas da nosa política é a remuda xeracional no territorio galego rural da costa e do interior.

Este plan de Aloxamento Rural para mozos e mozas e para colectivos e persoas en risco de exclusión ven da man do establecemento dunha estrutura de coordinación entre o IGVS e a Consellería de Política Social. Nesta liña de coordinación temos que achegar á **contratación de técnicos con formación no eido social no IGVS**.

Unha das medidas do Plan de Aloxamento Rural xira entorno a **institucionalizar un fondo social de vivendas en alugueiro**, nos espazos rurais; tanto interiores como costeiras. O goberno galego de CxG vai conveniar coas administracións locais a xestión deste plan de aloxamento, pondo como eixo prioritario a rehabilitación da vivenda xa construída, con criterios de conservación, innovación, aforro enerxético, mellora da habitabilidade, levando a unha renovación dos espazos públicos das vilas e pobos do País.

Na mesma, seguindo dentro do Plano de Aloxamento Rural iremos a **xestionar a mellora da accesibilidade, nas vivendas** pertencentes ao fondo social, como tamén nos espazos públicos da contorna. Dispondremos de vivendas en condicións de accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida, en réxime de alugueiro, cara o cumprimento do dereito a unha vida autónoma e independente.

Xuntamente da man das medidas derivadas da creación dun fondo social de vivenda dentro do plan de Aloxamento Rural, imos habilitar medidas con cadansúa Consellería competente na materia: industria, medio ambiente ou medio rural; para o **establecemento de novos sistemas enerxéticos, primando o**

uso de enerxías renovábeis, como por exemplo a biomasa e o bio-gás, como sistema de innovación e conservación do monte.

Poremos en marcha as políticas axeitadas para facer da produción de bio-gás para xerar electricidade un dos novos valores que aporte o rural; axudando á súa recuperación e valorización.

Dentro deste plano achegaremos **axudas ao alugueiro de vivenda** cuxo prazo estará aberto todo ano, como medida de carácter estable e permanente para familias con baixo nivel de recursos e a colectivos e persoas con discapacidades ou en risco de exclusión social.

Creación dunha oferta de vivenda e alugueiro para xente moza, familias monoparentais, mulleres vítimas de violencia, persoas con mobilidade laboral, persoas en risco de exclusión social, etc., no contexto do Plan de Alugueiro Rural, levará tamén unha previa **negociación con entidades financeiras e outras que dispoñen dun numeroso parque de vivendas sen uso**, para así darlle saída a construción legal e con licenza de 1ª ocupación, e poder dispor de vivendas a prezo xusto e acaído.

Dotación urxente de oficinas provinciais do Programa RECONDUCE.

Posta en marcha dun Proxecto Piloto tipo Federación FOYERS (Reino Unido). A proposta é **por en marcha unha serie de equipamentos residenciais de transición**; xa partillados, xa individuais; especialmente dirixidos a mozos e mozas en situación de vulnerabilidade que fican fora dos programas públicos ou do seu entorno familiar..Esta imos acompañala dun Proxecto de medidas de apoio á inserción.

Poñeremos en marcha un Programa de realoxo de colectivos afectados por execución hipotecaria do IGVS. Inda ben, temos preparado o **Programa de acompañamento na convivencia e integración das familias que acceden a vivenda de protección** por adxudicación ordinaria, directa ou derivada do programa de realoxos. Neste eido temos avanzada a creación dun Servizo de Mediación para intervir ante conflitos entre propietarios, comunidades ou coa administración.

Estableceremos **a exención das taxas autonómicas por compra-venta de vivenda, para a compra de primeira vivenda**, nos concellos galegos de poboación inferior a 2000 habitantes. Procuramos incentivar e facer atractiva e viable a poboación do noso entorno rural.



O NOSO COMPROMISO COA REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA

O Reino da España está sumido nunha profunda crise institucional resultado da falla de compromiso real que os sucesivos gobernos desde a transición manteñen coa ética política, coa busca dunha política activa e claramente comprometida coa transparencia e o bo goberno. O resultado desta carencia de compromiso deu lugar a un círculo vicioso de ausencia de confianza da cidadanía nas institucións; aumento da corrupción, escaseza na participación política; e no fondo ausencia de confianza da cidadanía.

Os organismos e expertos centrados na análise e prevención da corrupción apuntan a unha serie de variables que conflúen de xeito habitual nos estados máis afectados ou proclives á corrupción: a desigualdade e a desconfianza social que dá lugar a clientelismo, a escasa mobilidade social, o escaso control e a escasa confianza interpersoal ou a apatía. Tamén o baixo desenvolvemento moral, resultado da **ausencia de educación en valores éticos e democráticos, un ambiente social individualista ou a carencia dun sistema democrático de calidade lévannos cara unha sociedade mais corrupta e menos xusta.**

Como un factor mais que afonda nesta crise institucional, xa sistémica para moitas institucións políticas, temos que dar en falaren dos sistemas de organizacións políticas pouco comprometidas coa ética política ou claramente corruptas. O sistema de partidos, como transmisores e canalizadores da vontade da cidadanía e de defensa dos seus intereses, ten totalmente deturpado os seus obxectivos; a falta de transparencia e control, a falta de democracia interna e un opaco financiamento; afasta tamén ao sistema de partidos da cidadanía, afundando a **crise de lexitimidade na que na actualidade vive a nosa democracia representativa.**

A esta forte crise de lexitimidade teñen-se sumado **unha configuración dos medios de comunicación pouco independentes e escasamente comprometidos coa sociedade**, a ausencia ou debilidade dunha administración pública profesionalizada, sometida a controis internos e externos independentes e ben dotados, e formada nos valores da ética e baixa calidade democrática dos propios gobernos, con monopolios de poder, discrecionalidade e arbitrariedade, falta de transparencia e de controis políticos insuficientes.

Alén do mais, temos unha ausencia ou escasa calidade nas institucións de control: parlamento, poder xudicial, control externo; en grande parte debido a un **mal deseño institucional da separación dos poderes**, un dos principios básicos para o bo funcionamento das institucións democráticas e que no paso do tempo polo deseño constitucional tense amosa totalmente ineficaz e ineficiente.

O sistema democrático deseñado na transición española, aínda que puidera ser útil naquela situación, deu lugar a unha democracia débil, pouco representativa, que favoreceu o descontrol do executivo e o deseño dun sistema de partidos de elite, sen democracia interna e opacos.

O abandono por parte dos grandes partidos españois e galegos dos seus compromisos cos valores éticos de compromiso co interese xeral e o ben común no exercicio da súa acción de goberno: rendición de contas e transparencia, imparcialidade, integridade, eficiencia e equidade; xunto á falla real de representatividade social do sistema electoral, desembocaron no actual empobrecemento da democracia e da sociedade en termos morais. Alén disto, a crise económica supuxo unha toma de

conciencia por parte da sociedade e un catalizador das esixencias de cambios no noso sistema democrático. O que non foi quen de destapar un funcionamento institucional de integridade, destapase arestora si, como resultado da acción xudicial e da fartura cidadá.

Neste momento, obrigados polas circunstancias internas e polo férreo control que exerce a Unión Europea do control do gasto e do equilibrio financeiro, o goberno español e o goberno galego pretenden atender esas presións mediante a publicación dun conxunto normativo que, con resultado irregular na súa calidade, intenta resolver os problemas de control da vida política e da corrupción sen grande éxito real.

Galicia precisa dotarse dun Marco de Integridade Nacional, un novo marco que marca a nosa andaina fundamental para un novo modelo económico e social, que atenderá aos aspectos transversais da calidade democrática e da prevención da corrupción, deseñando o seu propio sistema global que integre aos poderes executivo, lexislativo e xudicial, implicando a toda a sociedade: cidadáns, partidos políticos, empresas, sociedade civil e medios de comunicación, nun compromiso claro e efectivo pola calidade institucional e o bo goberno, a transparencia e a educación en valores.

Compromiso por Galicia no seu documento político fundacional declárase alicerzada sobre tres piares estratéxicos: benestar, autogoberno e democracia. Con respecto a este terceiro piar, o da “rexeneración democrática”, CxG afirma que propugna unha cultura política “fundada nunha cultura civil máis madura e responsable, unha maior esixencia ética no desempeño dos cargos públicos e que implica proximidade, transparencia e control cidadán das institucións. A corrupción, o clientelismo, o favoritismo, ademais de seren radicalmente inxustos, danan seriamente o exercicio da democracia e constitúen gravísimos atrancos para o desenvolvemento económico...”. Así mesmo “comprométese firmemente coa rexeneración democrática e co impulso á participación cidadá na vida pública e na actividade política, asumindo como principios básicos a responsabilidade, a transparencia e a esixencia ética no desempeño de cargos públicos, un réxime estrito de incompatibilidades e a eliminación de privilexios para estes cargos, a limitación de mandatos tanto nos partidos coma nas institucións, as listas abertas e a celebración de eleccións primarias para a proclamación de candidatos/as ás alcaldías e á Presidencia da Xunta, abertas á participación de afiliados/as e simpatizantes.”

No marco das recomendacións da Convención das Nacións Unidas contra a Corrupción, da OCDE, da Comisión Europea e de organizacións non gobernamentais como Transparencia Internacional, promoveremos e desenvolveremos os medios necesarios para a creación real dun Marco de Integridade Nacional, mediante a elaboración dos instrumentos normativos e operativos necesarios para garantir a calidade das institucións galegas e o bo goberno, a transparencia e a prevención da corrupción.

Este Marco de Integridade Nacional, tal como recomentan organizacións como Transparencia Internacional, se fundamentará nos piares institucionais do réxime democrático: poder lexislativo, executivo e xudicial, promoveremos políticas activas na promoción do bo goberno e do control da corrupción, e ***teremos un claro compromiso global e participativo, no que implicaremos a todos os actores políticos galegos. Ao tempo garantiremos na súa elaboración unha participación aberta da cidadanía e a sociedade civil, e o compromiso do sector empresarial e os medios de comunicación.***

Co obxectivo de actuar deste xeito transversal na rexeneración democrática, desde as institucións onde teñamos representación ***imos a promover o compromiso das mesmas coa rexeneración democrática e a promoción dos valores da ética, a equidade, a transparencia e o bo goberno na sociedade.***

Os homes e mulleres de Compromiso por Galicia levarán ao Parlamento galego unha serie de medidas lexislativas para apoiar este novo Marco de Integridade Nacional, comezando pola iniciativa lexislativa para a ***creación dun rexistro de lobbies e publicación das axendas de traballo dos deputados e deputadas. Neste, sentido, levaremos tamén ao Parlamento de Galicia a obriga da publicación detallada do uso dos fondos asignados por parte de cada un dos grupos parlamentarios.***

Elaboraremos un Código Ético do Parlamento de Galicia xuntamente á elaboración dun plan institucional de risco. Dentro do mesmo incluiremos a obriga do cumprimento da normativa sobre publicidade dos contratos e licitacións celebrados no Parlamento e a incorporación aos contratos celebrados polo Parlamento galego das cláusulas de responsabilidade social, esixindo aos contratistas compromisos coa ética, a transparencia, a equidade e a responsabilidade fiscal.

Neste mesmo sentido de levar a rexeneración democrática a cámara de representación da cidadanía galega, daremos o impulso preciso para chegar a unha modificación do Regulamento; incorporando as necesarias garantías de control dos conflitos de intereses e incompatibilidades e garantir unha rendición de contas efectiva do Goberno galego en sede parlamentar. Unha **modificación do Regulamento co obxecto de garantir o respecto pola diversidade política, o fomento dos valores democráticos de respecto polas ideas, o debate construtivo e a cooperación na elaboración das normas, co obxectivo de garantir a aprobación de leis que atendan a diversidade social e política, que posibiliten acordos de política nacional e garantan a consecución do ben común.**

Desde o goberno galego, baixo o liderado das e dos galeguistas, poremos en marcha un proxecto encamiñado á **elaboración dun Libro Branco sobre rexeneración democrática e integridade nacional**, coa participación aberta dos cidadáns, representantes da sociedade civil, sector público, sector empresarial e especialistas, co obxecto de fundamentar un Proxecto de Marco Normativo Nacional de Integridade.

Lanzaremos unha **análise da necesidade de creación dun Consello de Prevención da Corrupción**, nos termos recollidos na ILP presentada por CxG “Proposición de lei de medidas de prevención da corrupción política”, asumindo as competencias de control e avaliación do marco de Integridade Nacional naqueles aspectos non recollidos pola Lei do Consello de Contas.

Poremos en marcha un Plan de información e formación transversal que incluírá **programas de formación específicos da EGAP sobre ética, transparencia e bo goberno para a Función pública galega.**

Incorporaremos ás ensinanzas en todos os niveis educativos materias específicas sobre ética, democracia participativa e transparencia, e incorporación transversal nos deseños curriculares de valores éticos e democráticos, apostando pola responsabilidade cívica, a independencia de criterio, e os debates de ideas, no marco de unha educación, inclusiva, integradora e participativa. Levaremos Programas de información que difundan estes valores nos medios públicos de comunicación, e fomenten o compromiso dos medios privados nesta mesma liña.

Elaboraremos accións de promoción no ámbito da Administración local e da Administración institucional, do sector empresarial e da sociedade civil, encamiñadas a favorecer o desenvolvemento de políticas corporativas de compromiso coa rexeneración democrática e a integridade a través de: **marcos de integridade institucional, códigos de ética, plans ou mapas de prevención de riscos, políticas de transparencia ou de responsabilidade social corporativa.**

O goberno galego de CxG, vai garantir a **máxima transparencia na elaboración dos proxectos de lei, na selección de asesores ou expertos e na publicación das axendas dos cargos públicos** da Xunta e do sector público institucional.

Elaboraremos un **proxecto de Lei de responsabilidade social** que, entre outras cousas, prohibirá a contratación con empresas que operen en paraísos fiscais e obrigará a incorporar en todos os contratos cláusulas de responsabilidade social e ética: fomentando o emprego de persoas en risco de exclusión, a inserción laboral de persoas con diversidade funcional, fomento de estabilidade laboral, promoción da igualdade, códigos de responsabilidade medioambiental, códigos éticos ou controis de “compliance”.

Tomaremos o impulso legislativo para elaborar un **proxecto de Lei de Contas Claras** que garanta a transparencia das contas bancarias onde se deposite diñeiro público. Esta lei incluírá a dotación de recursos financeiros e humanos necesarios dos órganos de control: intervencións da Xunta, Consello de Contas, Valedor do Pobo, ao tempo que irá garantir a necesaria coordinación e colaboración cos tribunais e a Fiscalía Superior de Galicia.

O goberno galeguista de Compromiso por Galicia, aprobará un **convenio de colaboración coa organización Transparencia Internacional**.

Unha das mais grandes e prioritarias medidas legislativas vai no obxecto de **garantir a profesionalización da función pública galega e a eliminación efectiva nas RPT's da libre designación** en postos intermedios ou inferiores e a regulación parlamentaria do réxime xurídico do persoal directivo. Levaremos ao reforzamento da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa para garantir o desenvolvemento da súas funcións.

Para levar a **transparencia aos poderes públicos temos que chegar ao desenvolvemento real e inmediato do Sistema de Arquivos de Galicia** e da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, como pilar fundamental das políticas de bo goberno e transparencia, garantindo a difusión da política de arquivos a través do **portal da transparencia de Galicia**. Neste sentido, temos que levar o reforzamento dos programas e da política relativa a e-administración xunto ao compromiso de loita contra a desigualdade dos cidadáns no acceso aos medios electrónicos e programas de formación sobre o Marco de Integridade Nacional na EGAP.

Compromiso por Galicia considera preciso **abundar na necesidade dunha total independencia do Poder Xudicial**, unha mellor dotación de recursos humanos no sistema xudicial; actualmente dotado coa metade do persoal que os sistemas europeos; e melloras na súa transparencia e rendición de contas. Así mesmo, defendemos a necesidade dunha modificación do Código penal que garanta sancións adecuadas dos delitos de enriquecemento ilícito dos cargos públicos, a responsabilidade penal das persoas xurídicas, a non aplicación de indultos e a devolución dos cartos que se deberán empregar para a prevención da corrupción.

CONTROL EFECTIVO CONTRA A CORRUPCIÓN: UN CONSELLO DE CONTAS FORTE E TRANSPARENTE.

Compre promovermos desde o goberno galego cantas accións sexan da súa competencia cara a unha maior e mellor coordinación das institucións de prevención e sanción dos delitos.

O control externo constitúe un pilar na política de integridade dos estados, desenvolvendo un papel fundamental na prevención e loita contra a fraude e a corrupción, e no exercicio do dereito cidadán a unha Boa Administración. A recente modificación da Lei do Tribunal de Contas do Estado, supón a incorporación nos plans de actuacións do principio de transparencia como cuestión transversal, xunto co principio de igualdade de xénero. O Consello de Contas coas modificacións que incorpora a Lei 8/2015, debe desempeñar novas funcións no ámbito de control da corrupción, e asume como principios de actuación a publicidade, a transparencia, a avaliación das súas actividades e os principios de igualdade de xénero e atención a diversidade funcional.

Entre as súas funcións asume as de colaboración, información e formación sobre prevención da corrupción no ámbito de actuación da Institución; control da evolución dos bens patrimoniais de Altos Cargos da Xunta de Galicia, asesoramento ao Parlamento e fomento dos valores da transparencia na cidadanía, do comportamento ético no sector público e de impulso de mecanismos de autoregulamentación no sector empresarial. Desde Compromiso por Galicia consideramos que todas estas novas funcións e compromisos non poden ser desenvolvidas cos actuais recursos financeiros e humanos, e que **compre un compromiso**

real que levaríamos a fin desde o goberno galego e o Parlamento co labor do Consello de Contas.

O compromiso do goberno galego de CxG para **facer do Consello de Contas unha institución con poder real**, pasa pola ampliación e especialización dos seus recursos humanos, o reforzamento da súa independencia.

Desde Compromiso por Galicia, levaremos un estreito traballo co Parlamento de Galicia, a prol dunha **difusión real dos seus informes e das súas recomendacións**, achegando o seu traballo de xeito adecuado aos cidadáns e medios de comunicación.

No pulo real que lle damos ao Consello de Contas, na procura dun novo modelo económico e social para a nosa sociedade, achegaremos un fortalecemento dos traballos de control sobre áreas de risco: contratación, subvencións ou mesmo o urbanismo e dos traballos de auditoría non financeira: auditorías operativas, de sistemas informáticos ou de riscos e ao tempo **incorporaremos como elementos transversais de análise nas fiscalizacións a transparencia e o bo goberno, a equidade e a sustentabilidade social e medioambiental.**

Promoveremos a coordinación entre os sistemas de control interno e o Consello de Contas, e a coordinación entre o Tribunal de Contas do Estado e os órganos autonómicos; entre elas coa figura do Valedor do Pobo, xa que a Lei 1/2016, de 18 de Xaneiro, de transparencia e bo goberno atribúe ao Valedor do Pobo as responsabilidades dos controis necesarios para o cumprimento das obrigas de transparencia. A norma implica dobremente á institución do Valedor do Pobo ao lle encomendar as funcións propias do Comisionado de Transparencia e ao adscribirille a denominada Comisión da Transparencia como órgano colexiado independente que resolve as reclamacións relacionadas cos problemas de acceso á información pública. **Compromiso por Galicia analizará a idoneidade destas funcións e a operatividade real do sistema de control da transparencia no que afecta ao Valedor do Pobo.**

PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN NOS PARTIDOS POLÍTICOS

Compromiso por Galicia, desde a súa fundación, defende e exerce os valores éticos e de rexeneración da democracia, na procura dunha radicalidade democrática como unha das bases precisas para o asentamento do noso novo modelo económico e social.

Na defensa dos principios básicos da responsabilidade, da transparencia e de esixencia ética no desempeño de cargos públicos, **temos deseñado un réxime estrito de incompatibilidades e a eliminación de privilexios para estes cargos. Incluímos a limitación de mandatos** no noso partido, e queremos levar esta limitación aos poderes públicos tamén.

Neste sentido o noso partido xa leva aos procesos electorais sempre, **listas brancas e abertas, e á vez celebramos eleccións primarias**, abertas á participación de afiliados/as e simpatizantes para a elección dos nosos candidatos e candidatas a encabezar unha listaxe electoral.

Desde o goberno galego, levaríamos adiante a aprobación de códigos éticos e dunha comisión de ética nos diversos partidos políticos, condicionando o seu financiamento público ao cumprimento desta norma interna. Os códigos Incluirán ademais dos compromisos de rexeneración democrática indicados no apartado anterior, o compromiso de cesamento inmediato de cargos públicos investigados, un estrito réxime de incompatibilidades, declaracións de bens dos cargos do partido e dos cargos públicos.

Limitaremos legalmente o número de asesores dos cargos públicos e a exigencia de transparencia nas contratacións destes.

Exixiremos a modificación da Lei de financiamento das formacións políticas, garantindo a consolidación das contas e a inclusión de control das fundacións ligadas aos partidos. Mellora do control das doazóns. Supresión do financiamento do mailing electoral.

REFORMA DO SISTEMA ELECTORAL: ACHEGAR A DEMOCRACIA REPRESENTATIVA Á SOCIEDADE.

Unha **reforma do sistema electoral, pasa sempre por un grande acordo entre as forzas políticas e sociais**, alén de ser unha competencia na que o estado central ten amplas competencias. Alén do mais, é unha materia onde **as reformas poden ter un calado constitucional profundo**, sendo necesaria a intervención das dúas cámaras de representación do estado central

O nosa proposta para a reforma da actual lei electoral, pasa primeiramente pola **substitución da actual circunscrición provincial, por unha circunscrición única de ámbito galego**, nas eleccións que non sexan locais.

Proporemos tamén, un **sistema de escolla directa das figuras de Presidente de Galicia e a elección directa de presidentes de cámaras municipais**.

Temos deseñado modelos para a **mellora real da proporcionalidade e da representatividade** das diversas forzas políticas, sen perder a perspectiva tamén fundamental, da **boa gobernabilidade**.

Neste achegamento da representatividade do noso sistema democrático, as mulleres e os homes de Compromiso por Galicia, queremos apostar pola formación e a información veraz das e dos electores. Promoveremos o dereito a unha **información independente, veraz e de calidade: pilar básico para unha sociedade plural, aberta e democrática**

Na procura dunha sociedade plural e democrática, pularemos por iniciar os tramites lexislativos para chegar a aprobación dunha **Lei de Garantías do Dereito á Información** que preserve o dereito da cidadanía a obter unha información de calidade e que achegue unha **regulación do sistema de subvencións aos medios de comunicación**; equiparándoos aos de calquera outra actividade económica así como o de publicidade institucional.

Con esta nova lei implantaremos para a **CRTVG un réxime verdadeiramente autónomo** a respecto do goberno galego.



A SOCIEDADE CIVIL COMO FUNDAMENTO PARA O CAMBIO

O noso compromiso está na mesma sociedade civil da que somos parte. Compromiso por Galicia é un espello da sociedade galega e recolle como propias moitas das demandas que desde os diversos campos de accións sociais están a desenvolverse na sociedade.

O noso compromiso irá na vía do fortalecemento da sociedade civil a través das redes e fluxos de información e na procura real dunha maior actividade e retroalimentación entre poderes públicos e demandas da Cooperación e ***aposta por organizacións non gobernamentais independentes e transparentes.***

Entorno aos novos niveis de gobernanza, que tanto institucional como socialmente, están a ter incidencia real no deseño das políticas públicas, ***temos que ter en conta, como o principal detentor do aporte dos recursos económicos na nosa sociedade ao sector empresarial.***

Desde os poderes públicos temos que transferir os medios necesarios para ***achegar a cultura do cambio e o novo modelo social e económico ás nosas empresas.***

Para isto, sen calquera tipo de dúbidas, temos o compromiso, desde o goberno galego, de achegar as medidas necesarias para ***facer chegar ás empresas políticas de responsabilidade social corporativa, a defensa dos valores éticos e de desenvolvemento sostible.***

Na mesma, ***en colaboración con todas as administracións implicadas, temos que incidir na exixencia da dotación dos medios necesarios para combater a economía somerxida.*** Un mal que, finalmente, provoca o empobrecemento dunha maioría e o enriquecemento ilícito dunha minoría.

Achegaremos os recursos orzamentarios para o impulso de plans xestionados por ONG´S comprometidas coa axuda ao desenvolvemento e de solidariedade cos demais pobos do mundo.

A GALEGUIDADE: UN PLANO PARA A INTERNACIONALIZACIÓN DE GALICIA

Galicia leva sendo o que é grazas á emigración desde o século XVIII. Galicia é “o país máis a diáspora”. Cómpre realizar un traballo de recolleita de perfís de toda a galeguidade emigrada para establecer novos vencellos beneficiosos para toda a galeguidade, co obxectivo claro de facilitar dous fins: o retorno de quen tiver vontade e posibilidade e o mantemento das relacións de quen non puider retornar.

A evolución da emigración nas últimas tres décadas levou a que haxa unha grande “nube de coñecemento galego” por todos os países avanzados. Cómpre crear un organismo dedicado a facilitar o retorno de persoas e a facilitar as relacións entre o país e a diáspora.

POR GALICIA

Na liña dos perfís dos “retornables” débese ter en conta o do “hemigrante” (medio emigrante); persoas que todos os días conectan con Galicia varias veces, vía conexións telemáticas, e que veñen ao país se cadra varias veces ao mes. Un novo perfil de “hemigrante” que realiza traballos de alto valor engadido e da economía do coñecemento no exterior, mais que require unha alta conectividade co noso País.

A galeguidade, a diáspora galega no exterior, ten que ser, desde os poderes públicos galegos, impulsada. ***Temos unha das mellores ferramentas para dar unha dimensión internacional ao noso País, a través das redes locais da comunidade galega no exterior.*** A creación dun grupo de intereses galegos no mundo é unha das mellores ferramentas para espallar a Marca Galicia no mundo e atraer investimentos estranxeiros a Galicia.

No fondo, é das mellores ferramentas que temos para a ***inescusable aposta na internacionalización da nosa creatividade e a nosa vangarda***, como factor clave para o crecemento da nosa economía e a xeración, no fin, de maior riqueza e de mais e mellor emprego.

O noso compromiso, ten a idea do fomento da participación institucional, social e económica, no conxunto das redes da galeguidade. Temos que afastar da visión e das actuacións de políticas caritativas que ate o de agora ten exercido a Xunta de Galicia coa emigración galega. Temos que aproveitar as redes galegas no exterior para achegar maiores posibilidades de éxito internacional da nosa economía.

